



**Facultade de Ciencias da Educación.**

Traballo Fin de Grao. **A integración do medio como**

Modalidade 2: **recurso na Educación Infantil**

“Traballo de iniciación á investigación de campo”. **dende a perspectiva do profesorado.**

Autora: Lorena Sanín Sánchez.

Titor: Dr. D. Eduardo José Fuentes Abeledo.

**Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil.**

Curso 2016-2017.

Convocatoria de Xullo.

[Lorena Sanín Sánchez] 2017



Esta obra pertence a Lorena Sanín Sánchez e está suxeita á licenza Recoñecemento-CompartirIguual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

## **Agradecementos:**

A realización deste traballo non sería posible sen a colaboración e o apoio de moitas persoas ás que me gustaría recoñecer a súa axuda.

En primeiro lugar, grazas ao meu titor, Dr. D. Eduardo José Fuentes Abeledo, por guiarme con paciencia polo mundo da investigación, novo para min, e por permitirme e axudarme a materializar esa idea que roldaba a miña cabeza, dando lugar ao presente traballo.

Grazas tamén a Antón Costa por achegarme á fascinante experiencia de S e posibilitarme poñerme en contacto con ela. Do mesmo modo, grazas tamén ás materias de “Educación en Contextos Rurais”, “Aprendizaxe das Ciencias Sociais” e “Aprendizaxe das Ciencias da Natureza” por concienciarme da importancia de que os nenos e nenas descubran e se relacionen co seu mundo, coa súa realidade.

Por suposto, quero expresar tamén o meu máximo agradecemento ás docentes que colaboraron no traballo contando as súas experiencias a través das entrevistas. A E, por abrireme de novo as portas da súa aula, sempre mostrándose disposta a colaborar e a S, por achegarme a través dos seus relatos á educación rural, por ensinarme a importancia da “mirada” e por facerme ver que outra educación, de calidade e na cal o medio se integre nas aulas, é posible.

Finalmente, gustaríame tamén agradecer o apoio de todas aquelas persoas que me animaron durante todas as horas de realización deste traballo e durante toda a vida: os meus amigos e amigas, a miña familia e por suposto todos aqueles bos mestres e mestras que me apoiaron e guiaron dende infantil ata agora.



**A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.**

**La integración del medio como recurso en Educación Infantil desde la perspectiva del profesorado.**

**The integration of the milieu as a resource in Early Childhood Education from teachers' perspective.**



## Índice:

Resumo/ Resumen/ Abstract.

Introdución.....	1
1. O medio. Clarificación conceptual.....	2
1.1 Definición.....	2
1.2 O medio urbano e o medio rural.....	3
1.3 O medio e a cultura popular.....	4
2. A introdución do medio nas aulas de Educación Infantil.....	6
2.1. Xustificación. Por que introducir o medio nas aulas?.....	6
2.2. O medio no currículo educativo e na planificación educativa.....	8
2.3. Actividades de integración do medio nas aulas.....	9
3. Concepcións e prácticas do profesorado.....	12
3.1. Crenzas e concepcións do profesorado.....	12
3.2. Modelos de ensinanza.....	14
3.2.1. O Modelo Tradicional.....	14
3.2.2. O Modelo Innovador.....	15
4. Deseño da investigación.....	17
4.1. Xustificación da investigación: motivos de elección temática.....	17
4.2. Obxectivos.....	17
4.3. Enfoque metodolóxico.....	18
4.4. Traballo de campo.....	20
4.4.1 Aplicación da entrevista.....	20
4.4.2. Establecemento de categorías para a análise dos datos.....	20
4.5. Validez e fiabilidade da investigación.....	20
5. Informe da investigación.....	21
5.1. Suxeitos participantes.....	21

5.2. Análise categorial. ....	21
5.2.1- Análise intratópicos.....	21
5.2.2. Análise intertópicos e comparativa.....	33
6. Conclusións.....	34
6.1. Reflexión sobre os resultados da investigación. ....	34
6.2. Reflexión sobre a investigación.....	36
7. Referencias bibliográficas.....	37
8. Anexos. ....	41
Nota aclaratoria.....	41
A1. Guión da entrevista.....	41
A.2. Autorización para a realización da entrevista de E.....	50
A.3. Autorización para a realización da entrevista de S.....	50
A.4. Entrevista de E transcrita.....	51
A.5. Entrevista de S transcrita.....	71
A.6. Breve aproximación ao medio e á práctica educativa das mestras través de fotografías.....	100
A.7. Bibliografía complementaria.....	107

### **Resumo:**

No presente traballo preténdese analizar as posibilidades educativas que ofrece o medio dende a perspectiva do profesorado. Centrarémonos en esclarecer a relación entre as concepcións do profesorado e a integración nas aulas de propostas de coñecemento, exploración e investigación do medio.

O traballo de iniciación á investigación adoptou un deseño cualitativo no que a entrevista foi a ferramenta fundamental para a recollida de datos, sendo a análise de contido a estratexia para o estudo da información que se recolleu de entrevistas realizadas a profesorado de Educación Infantil.

Os resultados da investigación desvelan concepcións e prácticas diferentes respondendo a modelos distintos, así como dilemas e contradicións relevantes entre as concepcións declaradas e as evidencias sobre a práctica nun dos casos de estudo.

**Palabras chave:** escola rural, concepcións e prácticas do profesorado, medio, cultura, investigación cualitativa.

### **Resumen:**

En el presente trabajo se pretende analizar las posibilidades educativas que ofrece el medio desde la perspectiva del profesorado. Nos centraremos en esclarecer la relación entre las concepciones del profesorado y la integración en las aulas de propuestas de conocimiento, exploración e investigación del medio.

El trabajo de iniciación a la investigación adoptó un diseño cualitativo en el que la entrevista fue la herramienta fundamental para la recogida de datos, siendo el análisis de contenido la estrategia para el estudio de la información que se recogió de entrevistas realizadas a profesorado de Educación Infantil.

Los resultados de la investigación desvelan concepciones y prácticas diferentes respondiendo a modelos distintos, así como dilemas y contradicciones relevantes entre las concepciones declaradas y las evidencias sobre la práctica en uno de los casos de estudio.

**Palabras clave:** escuela rural, concepciones y prácticas del profesorado, medio, cultura, investigación cualitativa.

### **Abstract:**

This paper aims to analyze the educational possibilities offered by the milieu from the teachers' perspective. We will focus on clarifying the relationship between teacher conceptions as classroom integration of knowledge, exploration and milieu research proposals.

The research initiation work adopted a qualitative design in which the interview was the fundamental tool for the data collection, being the content analysis the strategy for the study of the information that is collected from interviews with teachers of Early Childhood Education.

The results of the research reveal different conceptions and practices responding to different models, as well as dilemmas and relevant contradictions between the stated conceptions and the evidences about the practice in one of the case studies.

**Keywords:** rural school, teachers' conceptions and practices, milieu, culture, qualitative research.



## **Introdución.**

Á hora de analizar o proceso de ensino-aprendizaxe<sup>1</sup>, non podemos esquecer que a tríada didáctica (relación mestre-alumno-coñecemento) se desenvolve nun determinado contexto. Tal e como indican Trillo e Sanjurjo (2008), no proceso de E-A interveñen múltiples variables, entre as que se atopa o contexto sociocultural (Sistema Educativo e Sistema Social e Político), que inclúe e determina a todas as demais variables. Por conseguinte, é importante analizar o contexto onde se desenvolve a educación polas implicacións que ten no proceso de E-A e no individuo. Ademais, debemos ter en conta que o emprego do contexto ou medio onde se desenvolve a docencia pode contribuír a mellorar os procesos de E-A e, polo tanto, as competencias do profesorado e do alumnado. Tendo en conta esta idea, neste traballo pretendemos abordar a integración didáctica do medio do alumnado coma unha ferramenta e tamén un contido nas aulas de Educación Infantil<sup>2</sup>, analizando a través dun traballo de iniciación á investigación de campo, as concepcións que levan ao profesorado a integrar ou non o medio nas súas prácticas.

Para abordar a investigación, nos primeiros tres capítulos achégase o marco teórico do traballo. O primeiro aborda o medio dende a súa perspectiva conceptual, o segundo céntrase na integración do medio nas aulas de EI e o terceiro presenta unha breve referencia á investigación e teorías arredor das concepcións e prácticas do profesorado e modelos de ensinanza. O cuarto capítulo describe o deseño da investigación (relevancia, obxectivos, enfoque metodolóxico empregado, etc.) e no quinto recóllese o informe de investigación baseado nos datos recollidos a través de dúas entrevistas realizadas a dúas mestras de EI. No sexto capítulo preséntanse as conclusións e finalmente as referencias bibliográficas e os anexos.

O obxectivo principal é indagar nas concepcións do profesorado de EI para aproximarnos ás concepcións que provocan o interese polo aproveitamento didáctico do medio, así coma os beneficios percibidos derivados do seu uso dende a perspectiva do profesorado.

Con esta finalidade básica, máis en concreto pretendemos con esta investigación:

- Describir e comprender as concepcións do profesorado en exercicio en Educación Infantil respecto ao uso do medio como recurso didáctico.
- Coñecer e comprender experiencias reais de interacción e uso do medio nas aulas e reflexionar sobre os vínculos con concepcións declaradas.
- Recoller e divulgar evidencias de boas prácticas educativas en Educación Infantil.

---

<sup>1</sup> A partir de agora, por economía da linguaxe, referirémonos a “ensino-aprendizaxe” coma E-A.

<sup>2</sup> A partir de agora, por economía da linguaxe, “Educación Infantil” nomearase EI.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

- Aportar un novo estudo que desvele a perspectiva do profesorado nun determinado contexto cultural sobre un obxecto escasamente investigado.

En canto ás competencias, ademais das recollidas na programación do “Traballo fin de Grao” (G3121424) e na “Guía do Traballo Fin de Grao” destacamos as seguintes<sup>3</sup>:

De entre as competencias básicas recolleamos: C.B2- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo; C. B3- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética; C. B4- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.

Por outra banda, nas competencias xerais destacan G.1- Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar; G.2- Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, dende unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva; G.4- Fomentar a convivencia na aula e fora dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles; G.11- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar a labor docente.

Finalmente, as competencias específicas a acadar e fomentar son: E.12- Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá; E.26- Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións; E. 32- Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación; E.40- Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados; E.45- Coñecer a tradición oral e o folclore.

## **1. O medio. Clarificación conceptual.**

### **1.1 Definición.**

O presente traballo trata de explorar a perspectiva do profesorado sobre o medio e as potencialidades da integración didáctica do mesmo dende a visión do profesorado en exercicio de EI. Pero, que entendemos por medio?

Para o noso estudo cabe unha primeira revisión dos significados do termo acudindo ao

---

<sup>3</sup> Disponibles na “Relación das competencias a adquirir no Grao Mestre/a en Educación Infantil da USC” en <https://goo.gl/8EthS6>.

dicionario da Real Academia Galega (RAG). Así aparecen definicións coma: “conxunto de condicións biolóxicas, físicas e químicas nas que pode vivir un organismo”, “todo aquilo que rodea a vida dunha persoa, como é o lugar onde vive, a xente con quen trata, o tipo de traballo que realiza etc.” e “grupo de persoas con certas características en común, como pode ser o traballo, o nivel económico etc.” (RAG,s.d.). Cabe sinalar tamén que considera os termos “ambiente” e “medio ambiente” como sinónimos de “medio”.

Polo tanto, como podemos apreciar o medio é un campo moi amplo xa que “o medio máis que unha palabra é unha importante realidade” (Hannoun, 1977, p.11) e “sen ese medio (...) o neno non é nada” (Hannoun, 1977, p.25; p.11). Nesta mesma liña pronúnciase Zabalza (1991) que indica que o termo “ambiente” ten multitude de definicións xa que “todo é-está no ambiente” (p.244). Máis concretamente, para este autor o medio ou ambiente é “algo que penetra en nós e que condiciona (facilitando ou dificultando) o noso propio desenvolvemento persoal e colectivo” e “todo o conxunto de elementos de diversa índole e natureza (...) que interactúan entre si creando un espazo específico no cal os homes construímos (...) a dinámica da nosa existencia” (Zabalza, 1991, p.244-245). Mercedes Suárez afirma que a diversidade do concepto é causada “pola complexidade do propio ambiente, e pola variedade de disciplinas que fan del o seu obxecto de estudo” (Suárez, 1990, p.9).

Na nosa opinión cabe sinalar que a pesares do paso dos anos tanto as definicións máis antigas como as máis actuais (por exemplo as incorporadas en Feliu e Jiménez, 2015) concordan en que o medio é todo aquilo que conforma a realidade na que habitan os seres vivos. Ademais, tamén defendemos como Eslava (2016), que é necesario que ao falar de medio ou espazo o fagamos de xeito global, tendo en conta as múltiples dimensións que abrangue. Polo tanto, nós entenderemos como medio todo o conxunto de dimensións, realidades, persoas, recursos, cultura... que conforman a realidade dos seres vivos.

### **1.2 O medio urbano e o medio rural.**

Nos estudos máis centrados no ámbito escolar, soe atoparse unha diferenciación entre medio “urbano” e “rural” polo que nos detemos en comentar aspectos do significado dende diversas perspectivas destes dous conceptos.

Esta dicotomía podémola ver representada por diferentes autores. Seguindo a Cambroner (2016) e a Limonad e Monte-Mór (2012), as imaxes que nos veñen á mente ao pensar no rural e no urbano están moi estereotipadas e reflicten na nosa mente imaxes de dous mundos totalmente contrapostos. A pesares de isto, estes autores xunto con Pereiro (2007), Ogawa (2010) ou Bustos (2011) defenden a necesidade de superar esta dicotomía urbano-rural, xa que esta implica a valorización dun medio como positivo e do outro coma negativo.

Nesta liña, hoxe en día, na sociedade globalizada na que vivimos é “complexo establecer límites rural-urbano” (Bustos, 2011, p.35) xa que o urbano e o rural atópanse fortemente conectados, sendo nas nosas mentes onde se atopan esas conexións (Cambroner, 2016). Entender esta conexión axudaría a ver as potencialidades de ambos, e non facelos ‘competir’ por ver cal é máis rico ou valioso. Abolir esta dicotomía non supón non aceptar que non hai diferenzas, senón decatarse de que estas diferenzas morfolóxicas e paisaxísticas (Pereiro 2007), son complementarias, e que todos os contextos ou ámbitos nos poden aportar moitos beneficios e riquezas. Seguindo a Aramburu (2000), os nenos entenden que hai diversos contextos, así coma a existencia de ambientes con características diferentes, máis isto non é unha cuestión negativa, xa que todos os ambientes (tamén os urbanos e os rurais) teñen riquezas e beneficios.

Dende sempre se considerou o medio rural como un contexto rico dende o punto de vista dos recursos naturais, das formas de vida e da socialización e a pesares de que nos últimos anos mudou coa industrialización, segue sendo un bo recurso para o desenvolvemento do alumnado (Bustos, 2011). Por outra banda, nos contextos urbanos ao contrario do que se pensa, “existen multitude de alternativas para o enriquecemento curricular e extracurricular” (Bustos, 2011, p.58), podendo “abordar a complexidade e o carácter problemático dos fenómenos urbanos (...) o barrio, por exemplo” que é “un ámbito privilexiado para estudar o medio urbano” (García, 2003, p.16). A pesares disto, a idea de que o entorno urbano non é rico é moi común na sociedade de hoxe en día, o que provoca unha infravaloración dos medios urbanos respecto aos rurais, (sobre todo dende a perspectiva do aproveitamento dos seus recursos) e en consecuencia o non aproveitamento do medio urbano que tantas aprendizaxes nos pode facilitar.

En definitiva, hoxe en día falar de rural ou urbano por separado é moi reduccionista, sendo necesario ir máis alá e ver as potencialidades e beneficios que ambos contextos nos poden aportar. Seguindo a Bonilla e Vera (2011, p.174) “o noso entorno é de unha singular riqueza en recursos”, da igual se este é rural ou urbano, sempre imos poder sacar proveito del, xa que todos os ambientes posúen as súas propias riquezas.

### **1.3 O medio e a cultura popular.**

Bonilla e Vera (2011) defenden que os seres humanos somos o resultante da relación que establecen a sociedade, a cultura e a natureza e a partir desta cultura (definida por aspectos educativos, sociais, políticos, económicos, etc.) actuamos sobre o noso medio. Agora ben, que é a cultura? Para Andreu e Hernández (1999):

“A cultura é a formación integral da personalidade, é todo o que o home realiza para dominar a natureza, as iniciativas que adopta para modificar o medio ambiente natural,

para transformar a sociedade na satisfacción de necesidades individuais e colectivas, e os seus valores...cultura significa, ante todo, desenvolvemento harmónico e completo do home, bo gusto, sensibilidade e finura” (p.176).

Segundo a Suárez (1990), o territorio no cal se desenvolven as persoas está en constante proceso de creación de cultura, referida esta tanto ao ámbito físico-natural coma ao ámbito máis patrimonial, sendo o patrimonio os “recursos herdados dunha tradición cultural que non só nos falan do pasado, senón que poden ser valiosos para o presente e para o futuro” (Herrero, 2010, p.17). Máis concretamente, para Suárez o territorio é “unha unidade de hábitat onde se materializan os elementos diferenciais dunha comunidade determinada, que se constitúe nunha área cultural con dinámica propia, aberta a contactos externos, mais contraria á uniformidade e ao colonialismo cultural” (Suárez, 1990, p.8).

Da definición anterior podemos sacar a conclusión de que non existe a mesma cultura en todos os territorios ou medios. Nesta mesma liña, Zabalza (1991) defende que “cada comunidade xera unha específica “cultura” (expectativas, formas de relación, propósitos e prioridades, etc.) e estrutura uns modos particulares de desenvolvela” (p.245). En Galicia, tal e como defende Morgade (1992), “o peso da cultura popular é innegable, especialmente no mundo rural e vilego” (p.47), onde hai unha grande variedade de patrimonio e cultura.

Agora ben, a globalización que vivimos hoxe en día, xa referida anteriormente, está provocando unha uniformización das culturas e, en consecuencia, a perda desta diversidade cultural. Tal e como defende Bustos (2009), esta perda de cultura está máis presente no mundo rural, onde as costumes e o modo de vida particular se desvanece en detrimento destes modelos culturais dominantes. Este proceso de uniformización de culturas “supón o risco de extinción dos signos de identidade de múltiples colectivos humanos” e “o carácter uniformizador dos cambios está facendo perder a riqueza que entraña a peculiaridade de cada lugar” (Bustos, 2009, p.1).

Ademais da homoxeneización das culturas, co paso dos anos foise producindo paulatinamente unha ruptura da transmisión cultural e de coñecementos (sobre todo de forma oral), que como defende Castañeda (2013), tanta importancia ten para acadar un adecuado desenvolvemento do alumnado. Respecto ás posibles consecuencias, Cortizas (2007) destaca que “a ruptura da transmisión co acervo cultural fai que os cativos hoxe en día teñan (...) menos bagaxe peculiar no seu cerebro, menos cultura e vivan máis alleos que nunca ao mundo real no que desenvolven as súas vidas”, facendo que este acervo cultural sexa “cada vez máis fraco e máis homoxéneo, máis quebrado, quer dicir, máis empobrecido” (pp.41-42).

Neste contexto a escola é o medio máis apropiado para a transmisión da tradición lúdica, xa que, por exemplo como argumentan Feijoo e Gonçalves (2014), “é misión das entidades educativas tratar de recompor ese elo da cadea roto e constituírse en recuperadores e transmisores da cultura lúdica” e polo tanto “ a escola ten que encher, en parte cando menos, o buraco que noutros tempos cubría a familia coa transmisión dos saberes que se atesouraban nas vivencias e na memoria das persoas de idade no propio seo familiar” (p.78-79). O que está claro e que non podemos desvincular a escola da realidade social e cultural na que se inserta, xa que esta pode ter un relevante papel na sensibilización do alumnado respecto á riqueza e valor do patrimonio e cultura endóxenos (Pernas, 2009). Ademais da escola, non debemos esquecer o papel que o profesorado ten tamén no mantemento e transmisión da cultura e o patrimonio (Herrero, 2014).

Dende o punto de vista educativo, tendo en conta as grandes diferenzas existentes, faise necesario partir no proceso de E-A tanto das necesidades do medio coma do acervo cultural propio do alumnado. Unha vez que teñamos a nosa propia cultura asentada, poderemos explorar e coñecer as demais, xa que “o patrimonio local pode ser (...) un instrumento para abrise ao mundo, para afirmarse e verse recoñecido como parte do mesmo” (Herrero, 2014, p.18), pero mantendo o “equilibrio entre localismo e globalización” (Bustos, 2011, p.56) nunha escola enraizada no seu entorno e na súa cultura (Suárez, 1990).

## **2. A introdución do medio nas aulas de Educación Infantil.**

### **2.1. Xustificación. Por que introducir o medio nas aulas?**

Dende a perspectiva de Suárez, “poucas son as persoas relacionadas co mundo educativo, tanto formal coma non formal, que cuestionen actualmente a importancia da relación entre a escola e o medio próximo” (2009, p. 9). Seguindo a esta autora “xa no século XVIII se defendía o postulado de educar á infancia utilizando a súa experiencia directa co medio, procurando un achegamento da escola á vida” (1990, p.10), tendencia que seguiría sendo defendida a través do tempo por importantes autores coma Freinet e a Escola Moderna (Suárez, 1990). Nesta liña tamén se pronuncia Pascual (2009) ao indicar que “os movementos de innovación educativa, as pedagogías alternativas e as escolas libres contaron cos espazos naturais como vehículos de aprendizaxe (...) Pestalozzi, Froebel, as irmás Agazzi, etc. tamén nos deixaron un legado de valoración cara a natureza”(p.40). Sen embargo, a pesares de todos os anos que se leva valorando a súa importancia, o certo é que o uso do medio como recurso didáctico non é unha práctica moi estendida nas aulas. Neste punto, vaga a pena salientar algunhas das vantaxes do medio que xustifican a súa introdución e integración nas mesmas.

A trazos xerais, para Suárez (1990, 2009) o traballo e o contacto co medio permite obter un

espazo óptimo para o E-A e unha importante e variada fonte de información e recursos ricos e gratuítos. Ademais exponnos a interrogantes, fainos reflexionar sobre solucións a problemas, facilita o desenvolvemento e a socialización... Para que isto aconteza, é preciso que os procesos de E-A se relacionen coa realidade do contexto onde están inmersas as escolas, axudándolle estas aos nenos e nenas a “adaptarse gradualmente a un medio (...) aprendendo a coñecelo para dominalo” (Hannoun, 1977, p.12).

Como defende Mogarde (1992) “a educación debe ter en conta a realidade na que o educando vive e mesmo recoller desa realidade os elementos que sexan aproveitables en cada momento para desenvolvelo seu labor didáctico” (p.47), xa que é innegable o interese que o medio próximo ten para os nenos e nenas. Do mesmo modo, aínda que “non todos teñen a mesma potencialidade para reconstruír a experiencia (...) calquera contexto pode ser unha fonte de aprendizaxe” (Sanmartí e Tarín, 2008, p.5), e moi rica, xa que “as experiencias da vida cotiá son máis capaces de espertar o interese que as leccións proporcionadas polos libros” (Castañeda, 2013, p.47).

Para Hannoun (1977) todos os contidos e elementos necesarios para a ensinanza están presentes no medio, e tendo en conta que estes serán familiares para o alumnado o seu interese por eles verase claramente incrementado. Polo tanto, debemos procurar integrar os nosos proxectos no entorno natural (Sanz, 2014), e usar os valiosos recursos que nos rodean para acadar unha aprendizaxe realmente significativa. Esta significatividade é posible porque “os alumnos e alumnas se senten implicados física, emocional e intelectualmente (...)” nese medio, o que “posibilita a transmisión-conservación, o coñecemento e a intervención sobre o propio entorno” (Suárez, 1990, p.7).

Outro importante aspecto do proceso de desenvolvemento e aprendizaxe que se ve favorecido polo uso do medio como recurso é a consecución dunha aprendizaxe activa, construída polos propios individuos que permita “coñecerse a si mesmos e aquilo que os rodea e coñecer tamén o entorno dende diversas perspectivas” (Feliu e Jiménez, 2015, p.7). Suárez tamén defende a importancia da aprendizaxe activa e indica que “coñecer o territorio debe ser algo máis ca un recurso didáctico, debe posuír un carácter máis de acción, posto que o contacto co territorio pasa a ser o fin da educación e da cultura: coñecer para transformar” (Suárez, 2009, p.11). Ademais para autores como Hannoun (1977), o neno ou nena “só e capaz de assimilar o que deriva dunha experiencia directa coas cousas” (p.31), e no proceso de E-A se os mestres e mestras lles ofrecemos os espazos e tempos apropiados e estamos atentos aos seus intereses (Sanz, 2014), seremos quen de proporcionarlle as ferramentas que favorezan esta aprendizaxe activa a través da manipulación, a exploración, a reflexión... Así mesmo, como escriben Sanmartí e Tarín, “un proxecto ten sentido se

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

favorece a construción dun coñecemento que promova a comprensión do mundo e a capacidade para actuar nel dunha maneira responsable e solidaria” (2008, p.6).

Queremos destacar tamén que, tal e como argumenta Aracama (2008), as actividades en grupo teñen unha gran relevancia na vida dos nenos e nenas, xa que favorecen a relación cos demais e o desenvolvemento do sentimento de pertenza á comunidade. Nesta liña, como indica Bustos (2011), nos últimos anos “comezouse a valorar a influencia que pode ter a escola no seu contexto como garante ou favorecedora de finalidades colectivas de comunidade” (p.57), favorecendo as relacións entre elas grazas a que as escolas son en moitas ocasións o espazo óptimo para o encontro da comunidade (Pascual, 2009). Pero ademais tamén ten beneficios para as escolas, xa que “as experiencias de maior éxito que na actualidade se desenvolven (...) teñen como denominador común a introdución da cultura local e a participación comunitaria na vida escolar” e polo tanto é necesaria “a participación continuada da comunidade na vida das escolas” (Bustos, 2011, pp.36, 57).

Polo tanto o medio está en todo, o medio é vida, cultura, relación cos demais, pautas de comportamento...de aí a súa importancia. Nesta liña, Suárez destaca como en diferentes graos, todas as áreas científicas se relacionan ou toman como referente ao medio e que polo tanto “dende tódalas disciplinas podemos empregalo como lugar de aprendizaxe e como fonte de contidos educativos e de recursos didácticos” (Suárez, 1990, p.10).

A pesares de todo o anterior cabe recoñecer que a “educación actual está descontextualizada do entorno, porque só se atopa direccionada cara a adquisición de teorías, coñecementos e conceptos teóricos, esquecendo a formación integral dos estudantes” (Bonilla e Vera, 2011, p.177). Por este motivo, é importante realzar a importancia e valor do medio no que se desenvolven os alumnos e alumnas como recurso educativo, xa que como defenden Frabboni, Galletti e Savorelli (1980), o medio pode ser considerado coma “a gran aula que todos podemos traballar, o gran libro que todos debemos ler, o material didáctico ao que temos acceso, e o gran problema que todos desexamos resolver” (p.7).

En resumo “a incorporación do estudo do medio ao ámbito escolar cumpre importantes funcións epistemolóxicas, psicolóxicas, sociais e didácticas” (Rodríguez Jares e Suárez Pazos (1981) en Suárez, 1990. p.12) e polo tanto, tal e como argumentamos, hai múltiples razóns que xustifican a importancia do seu uso e aproveitamento como recurso de aprendizaxe, polo que non hai desculpas que xustifiquen a súa exclusión do ámbito escolar.

## **2.2. O medio no currículo educativo e na planificación educativa.**

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

Ademais das xustificacións teóricas aportadas anteriormente, tamén podemos argumentar arredor da idoneidade e relevancia do uso do medio tomando como base o currículo educativo oficial galego (Decreto 330/2009, do 4 de xuño) onde podemos atopar múltiples referencias ao medio e a defensa da súa relevancia como recurso e contido educativo.

Este documento indica que a exploración e interacción co contorno é fundamental, así coma a participación e colaboración das familias e a comunidade no proceso de E-A, sendo dous dos seus principais obxectivos. O currículo tamén recomenda o emprego de métodos globalizadores, actividades nas que participe a comunidade e o uso de contidos significativos para o alumnado. Estes contidos divídense en tres áreas de coñecemento, nas cales o medio está presente en todas en diferentes graos, pero especialmente na área de coñecemento do contorno, a cal aborda amplamente o uso do medio e as súas dimensións. Do mesmo modo, podemos atopar tamén o medio presente en diferentes graos nas competencias básicas propostas, pero de novo, a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico é a que máis directamente se relaciona coa temática

Por outra banda, cabe sinalar que podemos adoptar múltiples estratexias e enfoques á hora de integrar o medio na planificación educativa. Por exemplo, Mercedes Suárez (1990), propón dúas vías de incorporación do medio ás planificacións didácticas:

A **modalidade de integración** propón a incorporación sistemática e secuencial das actividades de estudo do medio ás programacións de dúas maneiras “empregar a materia como marco estruturador do entorno” (pártese da materia e posteriormente intégranse aspectos relativos ao medio a través de exemplos, saídas, investigacións...; por exemplo estudar aos romanos e posteriormente visitar as murallas de Lugo) ou “empregar o entorno como marco estruturador da materia” (ao revés do anterior, organizar e elaborar as actividades, obxectivos, contidos...etc. en función do tema de estudo), (pp.14-15).

Na **modalidade en paralelo**, “o estudo do medio realízase aproveitando o marco conceptual dunha materia, pero sen responder a aspectos concretos do programa. Podemos realizar actividades esporádicas (...) ou ben confeccionar todo un proxecto de exploración ambiental” (Suárez, 1990, p.15).

### **2.3. Actividades de integración do medio nas aulas.**

A continuación presentamos algúns exemplos de metodoloxías e actividades específicas que nos axudarían a integrar o medio nas aulas.

Como vimos anteriormente, o currículo oficial recomenda o uso dun enfoque globalizador, xa que este “facilita unha aprendizaxe útil (...) fan posible unha maior aproximación á realidade, xa que permiten partir dunha situación real e dan respostas a necesidades de carácter

global e complexo” (Feliu e Jiménez, 2015,p.14). Zabala (1999) preséntanos catro métodos globalizados (tamén recollidos por del Carmen, 1988 e Feliu e Jiménez, 2015) para integrar o medio na práctica diaria:

- **Centros de interese de Decroly:** pártese dun tema interesante e motivador para o alumnado co cal amplían o coñecemento da realidade a través dos procesos de observación, asociación e expresión integrando coñecementos diversos e de diversas áreas.

- **Proxectos de traballo global:** en equipo elíxese un tema de interese para o alumnado e investígase e cos resultados elabórase un dossier colaborativamente.

- **Método de proxectos de Kilpatrick:** investigación sobre algún tema de interese para o alumnado que desencadea a realización de algún obxecto ou montaxe que integra ou permite aplicar os coñecementos aprendidos. Permite incorporar no E-A “a experiencia do educando, os seus intereses persoais e os impulsos cara a acción” e potencia o “desexo de participar na formulación e dirección da propia aprendizaxe” (Zabala, 1999, p.166).

- **Investigación do medio:** este método aborda integralmente o traballo co medio, de aí a súa relevancia para o noso traballo. Cos seus inicios en Freinet e o Movemento de Cooperazione Educativa, este método pretende que “os nenos e nenas constrúan relacións cooperativas a partir de prácticas de ensinanza baseadas no método natural de aprendizaxe, na corporalidade (...), na investigación do medio e no coñecemento e a construción colectiva dos coñecementos (Feliu e Jiménez, 2015, p.16). Por outra banda, Zabala (1999) indica que con este método se procura ademais que o alumnado “constrúa o coñecemento a través da secuencia do método científico (problemas, hipóteses, validación)” (p.161). Trátase polo tanto de que o “alumno poña toda a súa bagaxe cultural ao alcance dos demais para chegar, entre todos, a coñecer cientificamente o mundo” e para acadalo “a investigación será o proceso natural de aprendizaxe” e “de este contacto co medio, do seu interese, xurdirá a motivación para o estudo de múltiples problemas que se formulan na realidade” (Zabala, 1999, p.168).

Como comenta del Carmen (1988), a investigación do medio garda gran relevancia pola posibilidade de adquirir unha aprendizaxe significativa así coma o desenvolvemento de estratexias de coñecemento ou destrezas coma a curiosidade, a creatividade, a confianza en si mesmo, o pensamento crítico, a actitude investigadora, a apertura aos demais e a toma de conciencia e uso do medio social e natural. Este autor propón os seguintes pasos para a realización dunha investigación: formulación e clarificación do problema; definición de hipóteses de traballo; planificación da investigación; aplicación de instrumentos de investigación; elaboración de conclusións e representación de resultados, comunicación,

discusión e valoración e síntese e identificación de conceptos e modelos explicativos.

Como actividades máis específicas podemos destacar:

As **saídas escolares**: poden ser unha actividade moi rica e significativa para coñecer o medio que nos rodea. Como indica Suárez (1990), dependendo dos obxectivos que nos formulemos e como organicemos a saída a finalidade da mesma poderá ser lúdica, de contacto co entorno ou como unha exploración sistemática. Combinando as propostas de Suárez (1990) e Durán (2016) podemos considerar unha serie de fases. En primeiro lugar unha planificación coidadosa da mesma (selección do obxecto de estudo, de técnicas de investigación, dar a coñecer os coñecementos previos do alumnado, facer unha saída exploratoria, elaboración do programa, etc.). A continuación realízase a saída e recóllese a información necesaria, facendo as paradas que sexan oportunas. Finalmente, de volta na aula, faise unha posta en común e traballase sobre o aprendido na experiencia, dando a coñecer o traballo (se é oportuno) e avaliando a actividade. As saídas son beneficiosas, xa que “os resultados son espectaculares e os beneficios moi importantes” e “se acostumamos aos nenos e nenas a coñecer e analizar o seu entorno, formaremos cidadáns e cidadás moito máis respectuosos e comprometidos” (Durán, 2016, p.76).

O **horto escolar** é “un contexto privilexiado de aprendizaxe que permite relacionar os aspectos vivenciais e os retos cognitivos dos nenos e nenas na súa aproximación aos seres vivos dun sistema natural” (Guilera e Tarín, 2008, p.8). A través do horto, o alumnado pode aprender gozando e experimentando, ao tempo que desenvolven actitudes de coidado da natureza e valoración da historia dos pobos, favorecendo ademais a súa participación activa e lúdica na sociedade (Marín, 2015). O horto escolar é “unha ventá ao medio natural que nos rodea” e axuda a “conectar aos nenos e nenas co medio físico no que viven” (Huerta e Betrán, 2016, p.50). Pero ademais, permite mellorar as aprendizaxes, xa que como indica Estañán (2017) “un estudo da Royal Horticultural Society asegura que os hortos escolares melloran a intelixencia do alumnado” (p.65), o que poderíamos relacionar coa existencia dunha “bacteria que vive naturalmente no chan, *Mycovacterium vaccae* (...) que mellora a aprendizaxe e diminúe a ansiedade” (Huerta e Betrán, 2016, p.52). Ademais do anterior, todos estes autores concordan en que o coidado dun horto favorece o desenvolvemento de valores e actitudes positivas e de respecto á natureza, o que unido á motivación e goce que produce no alumnado así como á relación que permite que se estableza coas familias e a comunidade, o converte nunha actividade idónea para EI.

A **participación da comunidade** nas actividades e na vida de aula é moi enriquecedora e necesaria, xa que “abrir a escola ao entorno e facer visibles as necesidades, proxectos e intereses dos nenos, son motivacións que nos permiten ‘saltar os muros’ da aula e pensar

nunha comunidade educadora” (Simón, 2011, p.21). Como afirma Ros (2015), o que nos interesa é a implicación das familias “en corpo e alma” (p.24), a cal é de suma relevancia, xa que “a implicación dos nenos e as nenas no seu proceso de aprendizaxe é imposible sen unha implicación de toda a comunidade” (Domènech, 2008, p.23). A participación pode realizarse a través de actividades puntuais ou colaborando permanentemente no E-A pero sexa como sexa, débese dar a oportunidade de participar na educación favorecendo a información, formación e participación no proceso de E-A (Breto e Gracia, 2017). Especialmente relevantes son as visitas, xa que nos “ofrecen momentos de diálogos, complicidades, afectos, curiosidades, momentos privilexiados para os seus protagonistas” (Simón, 2011, p.23). O que está clara é a “necesidade de actuar en rede, de que a información flúa e as distintas institucións dunha comunidade se complementen, enriquezan e actúen nunha mesma dirección” (Mendia, 2007. p.40), e establecer vínculos fortes coa comunidade buscando unha “colaboración ben entendida” (Martín, 2007, p.39) na cal “a formación de familiares se converte no elemento imprescindible tanto para impulsar as aprendizaxes como para crear un espazo no que compartir inquiredanzas, aproveitar os coñecementos e as capacidades de todos” (Jaussi e Elorza, 2013, p.12).

### **3. Concepcións e prácticas do profesorado.**

#### **3.1. Crenzas e concepcións do profesorado.**

Segundo a Fuentes, “o comportamento cognitivo do docente e outras condutas están guiados e toman sentido en relación cun sistema de crenzas, valores e principios mantidos persoalmente” (1998, p.26). Neste marco, o estudo das crenzas e concepcións do profesorado é interesante e necesario, pero tamén complexo, non só pola dificultade de acceder as crenzas e teorías persoais e implícitas dos docentes, senón porque a pesares dos esforzos e das investigacións realizadas estes anos, non hai consenso á hora de definir o que son as crenzas do profesorado (Skott, 2015), e mesmo hai múltiples vocábulos para referirse ás mesmas (actitudes, opinións, xuízos, percepcións, crenzas...). A efectos desta investigación imos considerar os termos ‘crenzas’, ‘teorías’ e ‘concepcións’ como sinónimos para referirnos ao pensamento do profesorado que se relaciona coas súas prácticas, se ben, empregaremos no texto maioritariamente o termo “concepción”.

Así, Pajares (1992) considera que unha crenza é un “xuízo individual da veracidade ou falsidade dunha proposición”(p.316), Spodek e Rucinsky (1984) defínenas como a “lente a través da cal ven o mundo” e para Wahlstrom et.al (1982) é unha “declaración hipotética ou inferencial acerca dun obxecto (...) precedida pola frase ‘creo que...’ que describe ao obxecto como verdadeiro ou falso; correcto ou incorrecto; (...) bo ou malo; e predispón para actuar, probablemente de diferente forma baixo diferentes condicións” (p.28).

Segundo a Fuentes (2013), podemos indicar que as crenzas “configúranse en idade

temperá e tenden a perpetuarse,(...) teñen unha función adaptativa ó axudar ó individuo a definir e comprender o mundo e a si mesmos (...) canto mais antiga é unha crenza, máis difícil é cambiala” (p.14). Na construción das mesmas o contexto ten gran relevancia (Rodrigo, Rodríguez e Marrero, 1993), sendo as crenzas “construcións mentais que son resultados relativamente estables de experiencias sociais substanciais e que teñen un impacto significativo nas interpretacións de un mesmo e nas contribucións á práctica de aula” (Skott, 2015, p.19). No seu desenvolvemento hai certo grao de plasticidade e nestes cambios inflúen tanto factores internos (experiencias persoais, coñecemento, outras crenzas conciencia e reflexión persoal) coma externos (coñecemento, nivel da clase, actitude dos estudantes, número de alumnado, apoio das familias e compañeiros/as, políticas educativas, currículo...) que poden ser facilitadores ou obstáculos no desenvolvemento das mesmas (Levin, 2015; Buehl e Beck, 2015). En opinión de Levin (2015) hai moitos tipos de crenzas: sobre coñecemento, os estudantes, os contidos, como ensinar...

A súa importancia radica no feito de que “as crenzas dos profesores inflúen e determinan a súa práctica docente” (Marcelo, 1987, p.109) e funcionan como filtro da información e experiencias, como marco de problemas ou tarefas ou como guía das accións (Skott, 2015; Levin 2015; Buehl e Beck, 2015; Fives, Lacatena e Gerard, 2015). Ademais, “desvelar as crenzas e teorías implícitas dos profesores propicia a reflexión, a autocrítica e a mellora profesional” (Fuentes, 1998, p.31), axuda a “reducir a necesidade de procesamento da información do profesor” (Marcelo,1987, p.107) e inflúen e determinan a conduta docente, facéndoos máis reflexivos e provocando cambios significativos (Skott, 2015).

A práctica é “calquera acción que é parte do proceso de ensinanza” (Buehl, Beck, 2015. P.67) e estes autores, entre moitos outros, afirman que existe unha relación entre as prácticas e as crenzas e concepcións do profesorado, podendo actuar estas como currículo oculto do proceso de ensino, de aí a importancia de desvelalas. En verbas de Levin, “se as crenzas dos mestres influencian a súa ensinanza, e polo tanto as oportunidades dos seus estudantes para aprender, entón as crenzas deberían ser unha preocupación central da ensinanza e a educación de mestres” (2015, p.49). Para investigalas e coñecelas, Olafson, Salinas, Owens (2015) e Fuentes (1998) defenden o uso de enfoques de investigación cualitativos, coma o estudo de casos ou as entrevistas, que permiten explicitar as crenzas e teorías implícitas do profesorado e “o acceso ó seu pensamento” (Fuentes,1998, p.31).

Finalmente, Marcelo (1987), Levin (2015) e Fives, Lacatena e Gerard (2015) defenden, entre outros autores, a existencia dunha relación entre as crenzas do profesorado e certas tendencias ou modelos de ensinanza, xa que hai algunhas “perspectivas particulares de ensino e aprendizaxe que serven de base para guiar prácticas de instrución” desembocando

en dúas tendencias claras: modelos construtivistas centrados no alumnado ou modelos de transmisión centrados no mestre ou mestra (Fives, Lacatena e Gerard, 2015). A continuación abordaremos as características básicas asociadas a estes dous grandes modelos dicotómicos sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

### **3.2. Modelos de ensinanza.**

O establecemento de modelos didácticos axúdanos a comprender, describir e explicar os procesos de ensino-aprendizaxe que se dan na aula e as ideas que subxacen, co obxectivo de intervir e melloralos.

Autores coma Fuentes (1998, 2007, 2011) ofrecen unha síntese para o traballo de formación e investigación caracterizando dous grandes referentes dicotómicos; o modelo tradicional e o modelo innovador. Este autor preséntanos nos seus escritos dous exemplos derivados das súas investigacións onde se recollen as características máis destacables de ambos modelos. A partir das dimensións presentadas por Fuentes (1998, 2007, 2011) comentaremos as características fundamentais dos dous modelos.

#### **3.2.1. O Modelo Tradicional.**

Seguindo os exemplos dos casos das mestras 'B', 'D' e 'C'; e Coroa (Fuentes, 1998, 2011) salientaremos as características máis importantes deste modelo seguindo as dimensións presentadas por Fuentes (1998, 2007, 2011):

**a) Persoal e profesionalidade:** amosan polo xeral unha actitude defensiva e quéixanse sobre 'esixencias' impostas. Ten un papel e rol instrutivo, orientado ao desenvolvemento da dimensión cognitiva do alumnado e á adquisición de aprendizaxes máis académicas. Ten relacións escasas cos compañeiros, sendo individualista e amosando illamento profesional.

**b) Concepción da aprendizaxe:** a aprendizaxe é coma un proceso individual de transmisión-recepción, no cal o protagonismo reside no profesorado, que é o que aporta os contidos que o alumnado interioriza a través da atención ao mestre ou mestra e a repetición dos contidos, non sendo importante a reflexión do alumnado sobre os mesmos.

**c) Rol do profesor/a:** O rol principal dos docentes é o de transmisor de coñecementos. Tamén asigna tarefas, controla o ritmo de traballo e da aula, 'explica' fichas (principalmente de materiais de editoriais), premia e castiga polo traballo e o comportamento, etc.

**d) Práctica curricular:** Os **obxectivos educativos** deste modelo céntranse principalmente na aprendizaxe sistemática de contidos 'académicos' (lectoescritura, lóxica matemática, operacións básicas...) a través de métodos memorísticos e repetitivos, con escasa reflexión ou traballo por parte do alumnado. A **planificación** é ficticia e materialízase en propostas curriculares concretas (que non favorecen a reflexión). Os **contidos** divídense en materias

estancas e os **materiais** caracterízanse por ser ríxidos, estandarizados e de aplicación mecánica, centrados maioritariamente en fichas e materiais de editoriais. A **organización espazo-temporal** ten unha marcada rixidez espazo-temporal, (espazos ríxidos e orientados ao espazo da mestra e xerarquización de actividades no horario e na súa duración). A **avaliación** mide o rendemento do alumnado e a súa aprendizaxe en relación aos produtos finais, e baséase polo tanto en resultados observables. O **xogo** trátase como unha actividade instrumental que non ten finalidade educativa en si. O acceso aos mesmos está restrinxido aos premios outorgados trala realización dos traballos.

**e) Relación coas familias e a comunidade:** hai unha comunicación formal e escasa coas familias, só a través dos procedementos impostos pola normativa, xa que se considera que a familia non ten dereito nin debe participar activamente do que acontece na escola e na aula. Tamén hai unha desatención á comunidade e non se aproveitan os recursos nin axudas da mesma. A escola é unha illa sen interacción con ese ámbito no que se desenvolve o neno, provocando unha diminución da calidade da súa aprendizaxe.

### 3.2.2. O Modelo Innovador.

Novamente, guiándonos polo documento de Fuentes (2007) e os casos das mestras 'A', 'E' e 'F' e Carmen (Fuentes, 1998, 2011) definiremos o modelo innovador a partir das categorías establecidas por Fuentes (1998, 2007, 2011):

**a) Persoal e profesionalidade:** compromiso coa profesión e busca da mellora do ensino a través da reflexión crítica e a investigación-acción das súas prácticas docentes. Ten unha comprensión profunda da práctica e é quen de argumentar todas as súas decisións e ideas e usar unha linguaxe profesional. Atende á diversidade de capacidades do alumnado, favorecendo unha atención individualizada. Busca colaboración no deseño e desenvolvemento curricular ao tempo que se preocupa por acadar a súa autonomía persoal.

**b) Concepción da aprendizaxe:** de corte construtivista. O alumnado constrúe o seu propio coñecemento, tendo un papel activo na súa auto-aprendizaxe. O uso do contexto e o traballo con experiencias interesantes e significativas inflúe na comprensión e construción de coñecementos. Tamén garda importancia a actividade física e a implicación activa dos discentes na aprendizaxe (exploración do contexto, solución de problemas, interacción cos demais, etc). A adquisición da autonomía e unha boa autoregulación son esenciais. Ademais, "o desenvolvemento cognitivo é un proceso continuo" (Fuentes Abeldo, 2007, p.3)

**c) Rol do profesor/a:** O profesorado diseña a súa actuación na aula, as actividades, os contidos a través da resposta ás preguntas clave 'Qué fago?' (experiencias relevantes e significativas, oportunidades de diálogo, ...) e 'Como o fago?' (principios de procedemento).

Tamén se encarga de guiar, acompañar e dialogar co alumnado, xerando neles preguntas, ideas...así como impulsar valores (participación, comunicación, cooperación, solidariedade), valorar tanto os erros coma os acertos e favorecer a relación co medio (a través da investigación do medio ou da colaboración cos membros e os espazos da comunidade). Debe crear un clima de apoio na aula que permita que todos se sintan acollidos, seguros e favoreza un benestar emocional de todo o alumnado e profesorado.

**d) Práctica curricular:** Os **obxectivos** son abertos e non só observables e os **contidos** poden proceder de distintas fontes (situacións reais, o medio, acontecementos cotiás, intereses e necesidades...). Hai unha **planificación real** e a **metodoloxía de traballo** baséase en métodos globalizadores dos cales o método de proxectos de Kilpatrick é o máis empregado. As actividades baséanse en experiencias propostas e estimuladas polo alumnado ou os mestres e mestras, pero autoxestionadas polos nenos e nenas a través do traballo en equipo e outras variedades de agrupamentos (pequeno/gran grupo e individual). A **avaliación** é multinivel e realízase sobre o alumnado, o currículo, o contexto, os recursos, a organización, o proceso de ensino, etc. Os **recursos** son múltiples, variados e de calidade e atópanse nun **ambiente** que será creado colaborativamente, onde a **organización espazo-temporal** debe ser flexible. O **xogo** considérase unha actividade substantiva que propicia de aprendizaxes por si mesmo, e polo tanto ten gran relevancia na aprendizaxe.

**e) Relación coas familias e a comunidade.** Ten que haber unha continuidade no diálogo e intercambio de información entre a familia/comunidade e a escola. O profesorado debe abrir as canles de colaboración necesarias para que os pais/nais e a comunidade cooperen na aula e no E-A. É recomendable ademais relacionar os proxectos que se realicen no centro e nas aulas ben coa comunidade en si ou tamén cos proxectos que se propoñen e desenvolven na mesma, establecendo unha dinámica de axuda e colaboración que unirá aos nenos/as coa súa comunidade, mellorando as súas aprendizaxes e desenvolvemento.

### **3.3 O modelo de mestre para a integración do medio nas aulas.**

Unha vez que xa comentamos as condicións para integrar de forma axeitada o medio nas escolas e que presentamos dous modelos que nos poden permitir comprender mellor o que sucede nas aulas e as prácticas e concepcións do profesorado, tentamos agora perfilar as características dun modelo que nos permita integrar o medio nas aulas.

Para integrar o medio nas aulas é imprescindible, en primeiro lugar, abrirse ao entorno e ás familias e deixar que estas participen e colaboren no proceso de ensino. Ademais hai que procurar que os coñecementos adquiridos sexan útiles e significativos para o alumnado, podendo relacionalos cos coñecementos previos (Cañal, Criado, Gacía-Carmona e Muñoz, 2013). Para introducir o medio nas aulas é conveniente tamén o uso dun método

globalizador así como a implicación activa do alumnado na construción do seu coñecemento a través da investigación e a reflexión sobre os obxectos e acontecementos. O uso de materiais diversos e naturais tamén é recomendable, así como a realización de actividades variadas onde o medio estea moi presente.

Tendo en conta o anterior, podemos afirmar (por coincidir con gran parte das súas premisas), que o modelo innovador é o modelo adecuado para integrar o medio nas aulas.

#### **4. Deseño da investigación.**

##### **4.1. Xustificación da investigación: motivos de elección temática.**

Hoxe en día, a globalización que se impulsa dende as administracións e que secunda a cidadanía está provocando que a cultura propia e endóxena dos pobos desapareza en detrimento desta cultura universal. Durante os períodos de prácticas, puidemos confirmar como nas aulas se pon moito énfase no ensino desta cultura universal e se despreza a cultura local, da cal o alumnado non ten coñecemento. Concretamente, foi sorprendente comprobar coma nun contexto semi-urbán no cal está moi presente o entroido tradicional da Ulla, o alumnado non o coñecía en absoluto, provocándonos unha profunda inqueda.

A nosa sorpresa foi maior cando, meses despois, descubrimos que na escola doutro concello próximo, este valor tradicional si que era amplamente coñecido. Polo que puidemos apreciar, a diferenza residía no diferente tratamento e uso que se fai en ambas aulas da cultura galega e tamén o diferente aproveitamento do medio e entorno das escolas. Esta cuestión levounos a reflexionar sobre cal sería o motivo destas diferenzas, o que nos incitou a querer investigar arredor do aproveitamento didáctico do medio. Por outra banda na nosa opinión, a promoción e defensa da nosa cultura e tradición, seguindo ideais xa compartidos por relevantes autores como os pertencentes ás Irmandades da Fala ou á Xeración Nós, tamén é moi importante, xa que é o único modo de evitar a súa desaparición. O anterior non supón rexeitar a globalización, senón partir do próximo e o propio para posteriormente, coas mesmas ferramentas aprendidas, aprehender o entorno universal.

##### **4.2. Obxectivos.**

O principal obxectivo desta investigación é indagar nas concepcións do profesorado de EI para aproximarnos a aquelas ideas que provocan o interese polo aproveitamento didáctico do medio. Do mesmo modo, tamén pretendemos desvelar os beneficios de usar o medio como ferramenta de aprendizaxe dende a perspectiva de profesorado de EI en exercicio. Máis concretamente, os obxectivos a acadar son:

- Describir e comprender as concepcións do profesorado en exercicio en Educación Infantil respecto ao uso do medio como recurso didáctico.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

- Coñecer e comprender experiencias reais de interacción e uso do medio nas aulas e reflexionar sobre os vínculos con concepcións declaradas.
- Recoller e divulgar evidencias de boas prácticas educativas en Educación Infantil.
- Aportar un novo estudo que desvele a perspectiva do profesorado nun determinado contexto cultural sobre un obxecto escasamente investigado.

#### **4.3. Enfoque metodolóxico.**

Para este traballo de iniciación á investigación de campo, empregamos como técnicas principais de obtención de información a revisión de bibliografía especializada e a entrevista cualitativa.

##### **A investigación cualitativa.**

A investigación cualitativa a través da análise das experiencias dos suxeitos, das súas relacións e interaccións ou de documentos busca comprender as interpretacións e reconstrucións que os suxeitos fan do mundo no que se desenvolven ou das accións que realizan no mesmo (Flick 2011). Polo tanto, como tamén indica Ballesteros (2014, p.7) “o estudo das realidades sociais constitúe o obxecto básico da metodoloxía cualitativa”.

Fuentes (1989), indica que a finalidade dos enfoques cualitativos é relacionar teoría e praxe coa finalidade de axudar na comprensión dun contexto particular, non xeneralizable. Polo tanto, a investigación cualitativa é especialmente relevante para a nosa investigación centrada en desvelar as concepcións do profesorado, xa que como recolle Fuentes (1989, p.37) “as investigacións centradas na análise do pensamento do profesor” son parte do enfoque cualitativo. Nestas recoméndase que a investigación sexa “fundamentalmente descritiva e orientada á comprensión” (Fuentes, 1989, p.37).

Por último, cabe destacar que os propósitos da investigación cualitativa son comprender, interpretar e investigar para transformar ou investigar transformando (Tójar, 2006), obxectivos que consideramos en relación coa nosa investigación, centrándonos no noso caso na comprensión e interpretación.

##### **A entrevista.**

Segundo a Mukherji e Albon (2015) “unha entrevista é un método onde unha persoa fai preguntas a un individuo ou grupo de xente coa expectativa de obter respostas a unha pregunta particular ou a elaboración dos seus puntos de vista nun tema particular” (p.149).

Polo tanto, a finalidade da entrevista é a inmersión nos pensamentos, significados e percepcións das persoas, de carácter subxectivo, ás que poderemos acceder grazas a que a entrevista permite o “desenvolvemento dunha estreita relación entre as persoas, un proceso de comunicación (...) bilateral” (Fuentes, 1998, p.38). Nesta mesma liña tamén se

pronuncia Patton (1980), ao defender que “a entrevista cualitativa permite (...) penetrar no mundo do outro, naquelas cousas que non se poden observar directamente (pensamentos, sentimentos, intencións)” (en Fuentes, 1998, p.39). Polo tanto, a entrevista é unha técnica especialmente axeitada para a nosa investigación, na cal pretendemos desvelar o mundo interno de dúas docentes.

Atendendo ao tipo de entrevistas presentadas por Mukherji e Albon (2015), o tipo de entrevista no que nos centraremos é a non estruturada, tamén chamada “en profundidade” xa que “son deseñadas para proporcionar información ‘en profundidade’ sobre as crenzas, pensamentos e sentimentos dos participantes” (p.154). Seguindo a estas autoras e a Tójar (2006) algunhas características da entrevista en profundidade indican que esta é: flexible, aberta, indutiva, non directiva e con control compartido, dinámica, persistente e condicionada pola relación existente entre o entrevistador e o entrevistado (a maior relación mellor interacción). Outra característica relevante, presentada por Rodríguez, Gil e García, é que “a entrevista en profundidade supón un proceso de aprendizaxe mutua” (1996, p.169).

Á hora de realizar este tipo de entrevistas é “bastante común utilizar algún esquema ou guión previo, que sirva a nivel orientativo” (Tójar, 2006), coñecido coma guía de entrevista. Para Kvale (2011) é “un guión que estrutura o curso da entrevista de maneira máis ou menos axustada (...) pode simplemente conter algúns temas que deben cubrirse ou pode constituír unha secuencia detallada de preguntas coidadosamente formuladas.” (p.85). Seguindo a Patton (1980) funciona coma unha lista de comprobación, e a pesares da súa coidadosa formulación, as preguntas poden variar en orde e contido durante o desenvolvemento da entrevista. Entre as vantaxes que sinala Fuentes (1989) destacan a optimización do tempo, a sistematicidade e a comprensividade. Para guiar a nosa entrevista realizamos unha guía de entrevista, dispoñible no anexo (A1).

Nós á hora de elaborar as preguntas tivemos especialmente en conta as consideracións de Patton (1980), que indican que as preguntas deben ser abertas, singulares, claras e neutrais. Ademais tamén procuramos introducir preguntas de sentimentos, coñecemento, sensoriais experiencia/comportamento, opinión/valor e de ambiente demográfico (Patton, 1980). Respecto a estas categorías, tivemos en conta as recomendacións de González (1994, p.63), que indica que as categorías poden “presentarse dende unha perspectiva temporal para obter datos respecto ao pasado, o presente e o futuro”. Por outra banda, Rodríguez, Gil e García (1996) indican que na entrevista en profundidade se poden realizar cuestións descritivas, estruturais e de contraste. En canto á secuencia das preguntas, segundo a clasificación de Guba e Lincoln (1982) a nosa entrevista enmárcase na secuencia de funil ordenando as preguntas dende temáticas e cuestión xerais a específicas.

#### **4.4. Traballo de campo.**

Para a realización desta investigación escolleuse a entrevista cualitativa como técnica de recollida de información sobre as profesoras participantes, se ben tamén podemos citar a observación – por exemplo a través do rexistro fotográfico- que complementa e apoia evidencias das prácticas (A6). Co uso da guía de entrevista (A1), pretendese obter información sobre bases de coñecemento profesional e ideas xerais sobre a EI e o medio. O guiión usouse como base e foise adaptando segundo o desenvolvemento das entrevistas.

##### **4.4.1 Aplicación da entrevista.**

As entrevistas foron realizadas en diferentes días nunha soa sesión por entrevista e foron gravadas (co consentimento das entrevistadas) coa finalidade de ter acceso a todas as ideas presentadas e explicadas durante a mesma, sobre todo para a posterior análise. Unha vez realizada, a investigadora realizou a transcripción das mesmas (Anexos A4 e A5).

##### **4.4.2. Establecemento de categorías para a análise dos datos.**

Coa finalidade de facilitar o proceso de análise e interpretación, decidiuse seguir as pautas de Fuentes (1998) e establecer diversas categorías, que nos permitirán realizar unha análise intertópicas e intratópicas das entrevistas. Por falta de espazo, analizaremos as dúas entrevistas paralelamente, destacando as semellanzas e diferenzas entre ambas docentes.

Para esta análise establecéronse as seguintes categorías:

- **Categoría 1:** Modelo de mestre ou mestra para a integración do medio nas aulas. Analiza a pertenza a os modelos didácticos e aspectos referidos á formación como docente.
- **Categoría 2:** Concepcións dos mestres e mestras sobre a aprendizaxe en relación á integración do medio nas aulas. Recolle ideas sobre a aprendizaxe, a educación e o medio.
- **Categoría 3:** O medio dende unha perspectiva educativa. Integra as definicións de medio, como foi o inicio do emprego do mesmo e a incidencia do tipo de medio (rural-urbano).
- **Categoría 4:** Condicións para a integración do medio nas aulas. Papel dos recursos, familias e comunidade, ámbito de actuación, actividades concretas do uso do medio nas aulas.
- **Categoría 5:** Beneficios. Algúns beneficios da integración didáctica do medio.

#### **4.5. Validez e fiabilidade da investigación.**

Toda investigación educativa debe cumprir os criterios de validez e fiabilidade. Seguindo a Kvale (2011) “a fiabilidade refírese á coherencia e confiabilidade dos achados de investigación”(p.157). Por outra banda, para o mesmo autor, “validez refírese (...) á verdade. Á corrección e á forza dunha declaración. Un argumento válido é sólido, ben fundamentado, xustificable, de peso e convincente. A validez nas ciencias sociais refírese a (...) se un método investiga o que pretende investigar” (p.158).

Nesta investigación tentaremos que se cumpran estes criterios para garantir a súa calidade.

## **5. Informe da investigación.**

### **5.1. Suxeitos participantes.**

Nesta investigación preténdese explorar as concepcións e experiencia de dúas docentes de EI en relación ao uso do medio como recurso, e a partir das mesmas tentar deducir qué provoca que se integre ou non o medio como recurso didáctico nas aulas.

A primeira entrevista foi realizada a E, de 43 anos de idade e con 11 anos de experiencia docente (9 deles en EI). Para a súa formación estudou Educación Primaria e Pedagogía. Na actualidade imparte docencia en EI nunha escola graduada semi-urbana.

A continuación entrevistouse a S. S ten 62 anos e conta con 43 anos de experiencia na profesión, dos cales 20 foron en EI. Nos seus estudos especializouse en Ciencias Sociais e tamén cursou algúns anos das carreiras de Pedagogía e Psicoloxía. Actualmente está xubilada, pero os últimos 20 anos traballou nunha unitaria do rural.

As entrevistas realizáronse baixo a autorización das docentes (Anexo A2) e serán citadas na análise indicando a que entrevista pertence (E ou S) e a páxina na que se atopa dentro da entrevista, (numeradas na esquina superior dereita) (ex: entrevista E + páxina 2 → E2).

### **5.2. Análise categorial.**

#### **5.2.1- Análise intratópicos**

#### **Categoría 1: Modelo de mestre ou mestra para a integración do medio nas aulas.**

##### *a. O modelo de mestre/ mestra.*

Como vimos anteriormente, a integración do medio nas aulas pode estar determinada polo modelo didáctico empregado polo mestre ou mestra, achando que o modelo innovador é o máis recomendado para a introdución do medio nas aulas. Con esta investigación exploramos a relación entre modelo didáctico e nivel de integración do medio como recurso nas aulas, así como a calidade da mesma.

Logo da análise da entrevista da mestra E, tal e como relatan múltiples autores coma Fuentes (1998), detectamos a existencia de incoherencia entre as súas concepcións declaradas e o que relata da súa práctica (teorías en uso), o que provoca que analizar en que modelo se atoparía resulte un pouco dificultoso. Esta mestra afirma que o xogo, a manipulación, a observación e a exploración así como a aprendizaxe significativa e construtivista do alumnado son procesos fundamentais nos que se deben basear as prácticas educativas. En relación a isto, afirma que a actividade dos nenos e nenas “non pode basearse só en fichas” (E8), e defende os proxectos de traballo, os cales lle parecen “máis enriquecedores ca os métodos” (E12).

Sen embargo, por outra banda, esta mestra fai referencia ao uso das “fichas” e dos métodos

de editoriais na súa aula como recurso fundamental de traballo, o que entra en contradición co anterior. Actualmente di que traballa por proxectos, pero indica que “antes non era moi partidaria de (...), eu prefiro traballar cun material que me veña dado” (E11). Aínda que parece unha afirmación do pasado, noutras respostas amósase que o uso de materiais de editoriais no que o recurso ás fichas é continuo é algo moi presente: “cando traballas un método que che ven dado, como cando cheguei este ano a infantil” (E9), “este ano como teño un método dado xa non podo facelo” (E11); “eu non sigo as páxinas por orde” (E5), “gústame crear unhas cantas fichas en torno a ese tema de interese” (E5), “os métodos que utilizo eu (...) van polo xeral, e non se centran” (E17).

Outra cuestión importante a analizar á hora de tentar identificar ao profesorado nun método ou outro, é o papel que se asignan. Neste caso tamén podemos atopar contradicións, xa que indica que o mestre debe ser un mediador, mais en diversas ocasións afirma que ten un “papel fundamental” xa que ten que “tratar de transmitirlle esa información aos nenos” (E16), ou “explicar a información” (E17). Por outra banda, para esta mestra as habilidades de lectura, escritura, de matemáticas, e interacción cos demais son as fundamentais a acadar (E5), centrándose polo tanto a súa práctica nos contidos máis académicos.

Pola contra, a mestra S indica que, o enfoque de proxectos é “excepcional” e que “por proxectos traballamos dende hai moitos anos, aínda que non lle chamabamos así” (S6). Máis concretamente, sobre a súa práctica educativa afirma que “eu sempre traballei por proxectos de traballo (...) non podía traballar doutra forma se traballas aquí ou se queres traballar co medio”(S6) e reafírmase ao dicir que “eu nunca traballara con libros de fichas aínda (...) entón as fichas fóra” (S25) e coas múltiples referencias realizadas na entrevista en torno aos proxectos realizados. Como ben indica, non é que estea en contra das fichas, “as fichas son boas (...) o malo é a utilización” (S6), non se pode reducir todo ás fichas nin aos libros de texto, son un recurso máis. S indica que esta forma de traballar provoca que sexa unha “tola da programación” (S15) e que o necesita porque “son unha persoa teoricamente pouco organizada porque improviso moito, ocórrense cousas e veña para adiante” (S15). S afirma que cando lle din que ela é ‘construtivista’, ela responde que cada un é o que pode, vas collendo o mellor que tes ao alcance, o que crees que funciona mellor.

En canto ao rol do profesorado, para ela o mestre ou mestra é importantísimo, xa que é unha figura de referencia, unha “autoridade autorizada, aínda que sexa por nenos e nenas de 3 anos” (S19). Máis que ‘conferenciante’, o docente debe ser un “coordinador, mediador e dotador de recursos” (S7), deixándolle ao alumnado o rol protagonista da aprendizaxe, e permitindo que outras persoas máis expertas sexan as que lle amosan cousas aos nenos e nenas -ex:“puxemos o horto escolar e eran as nais e avoas as que viñan dar clase”- (S26).

Esta mestra considera que as habilidades máis importantes a acadar son “ a solidariedade, a convivencia, o espírito de grupo, as emocións, ser capaz de comunicarse e expresarse...” (S8). Por outra banda, dálle tamén importancia á escritura, pero máis entendida como algo libre, como a forma de plasmar o que se aprende (a través de debuxos, letras, liñas...) e non tanto como unha actividade mecánica e de aprendizaxe para etapas posteriores. De feito, afirma que nos últimos anos tivo grandes inquedañas ao contradicirse “facendo cousas que nunca faría” por culpa da diferenza entre o que “pensas que debería ser e a realidade do mundo no que estamos” (S9). Máis concretamente, afirma que para ela a lectoescritura non era determinante, pero que “como non os prepares -(aos nenos e nenas)- para ‘esa’ primaria van levar un ‘ostíazo’ impresionante, e sobre todo (...) os de menos recursos” (S9). Os seus nenos e nenas, acostumados a “escribir polas paredes”, “así que tivera que quedar ata as dez da noite todos os días ían a ler” (S9) e escribir, xa que “tal como está montado infantil” (S6), (preparación para primaria) teñen que estar preparados para evitar o fracaso.

*b. A formación como mestre/a.*

Outra cuestión que chama a atención é a diferenza de formación. S admite que “non aprendín soa, ensináronme moito” (S12) e aprendeu por ensaio-erro, de forma autodidacta, coa experiencia de outras persoas, a través de debates con compañeiros... pero non na facultade. S considera que a ensinanza universitaria non lle foi de moita utilidade, e menos aínda para o traballo co medio e no rural. Pola contra, E afirma que na facultade aprendeu moito, e que se facían actividades e casos prácticos relacionados co estudo do medio e da docencia no rural, así como alusións á docencia no rural e coa integración do medio.

**Categoría 2. Concepcións dos mestres e mestras sobre a aprendizaxe en relación á integración do medio nas aulas.**

*a. Concepcións sobre a aprendizaxe e a educación.*

Coas respostas aportadas pola mestra E durante a entrevista, podemos recoller algunhas das súas ideas e concepcións sobre a educación e a integración do medio nas aulas.

En canto ao valor e importancia da EI, E considera que aínda que esta etapa está moi subestimada (pola sociedade, por pais/nais e mesmo por mestres e mestras), en realidade ten unha gran relevancia, xa que é a base onde se asentarán os coñecementos das posteriores etapas. Por este motivo, E considera importante que “os nenos vaian dende pequiños ben asentados e ben traballadiños” e teñan “unha base de traballo” considerando “fundamental en EI inicialos pero ben iniciados na lectura e na escritura, para que despois estes nenos teñan unha boa base cando cheguen a primeiro” (E6). Da afirmación anterior, recóllese de novo a idea de que os contidos máis académicos (sobre todo de lectoescritura) son os máis relevantes para esta mestra. Ademais, pódese ver como

E lle da importancia a inculcarlles aos nenos e nenas a importancia do traballo, considerando que este debe comezar xa dende os primeiros anos, deixando de lado o xogo.

Por outra banda, para E a aprendizaxe ten que ser globalizada, pero tamén afirma que “con métodos tradicionais tamén podes realmente adquirir aprendizaxes” pero “son aprendizaxes que non están tan consolidadas” (E14). A pesares de darlle importancia polo tanto a métodos innovadores, o certo é que esta mestra parece centrarse máis en contidos e métodos de traballo máis tradicionais, a sabendas de que son menos beneficiosos.

A entrevista de S permítenos tamén adentrarnos nas súas ideas xerais sobre a educación e o proceso de E-A. Deste modo, S indica que segue a filosofía que lle inculcou unha compañeira, na cal se fai unha metáfora entre a educación e a comida: “imaxínate que eres unha cociñeira. Ti teslle que dar aos teus nenos a mellor comida que teñas, ou sexa, o mellor que saibas facer, e logo poslla, e deixas que eles tamén a fagan contigo. Cando se termine cómese, e cada un vai comer o que lle guste, o que vaia mellor ao estómago. Se ti non os obrigas a comer eles comerán” (S5). Esta é unha metáfora moi interesante, que fai énfase na actividade do propio alumnado e da necesidade de desenvolver o proceso de E-A baixo unha perspectiva construtivista, onde o mestre ou mestra son os mediadores, os cociñeiros, sempre auxiliados polos propios comensais, os nenos e nenas. Ademais, tamén pon en relevancia a importancia de ofrecer contidos significativos e relevantes, xa que serán estes os que queiran comer e integrar á súa bagaxe de coñecementos.

O anterior vese facilitado polo período no que se atopan os nenos e nenas. A EI “é unha época de aprendizaxe brutal, onde os nenos e as nenas están enloquecidos por aprender, e aprenden todo, son verdadeiras pirañas, comen de todas partes” (S5). Polo tanto, os nenos e nenas interésanse por calquera cousa, pero se ademais do anterior os escoitamos (S24) conseguiremos aportarlles temas e contidos que serán realmente significativos para o alumnado. Para logralo, é imprescindible promover a propia actividade do alumnado.

Para S, en moitas ocasións a aprendizaxe non supón aprender novos contidos e conceptos, senón que vai máis alá. Moitas veces hai contidos que xa saben, que xa teñen integrados pero non están totalmente elaborados nas súas mentes, e polo tanto, “o que teñen que facer é redescubrir o que saben e nada máis, e poñerlle nome as cousas” (S17), proceso que debe ser favorecido polos mestres e mestras.

En canto aos contidos, como relatamos no apartado anterior, para S a lectoescritura non é “o contido” prioritario a abordar en EI, pero a presión coa que viven os mestres e mestras de EI polas esixencias de primaria, levouna a claudicar ante as súas ideas e concepcións e a darlle máis importancia da que lle gustaría á lectoescritura nos últimos anos, para así

responder ás esixencias de primaria. Como indica S, veuse obrigada a “facer cousas que nunca faría” (S9) para paliar unha mala adaptación do alumnado á escolarización primaria.

Tamén como vimos anteriormente, esta mestra afirma traballar polo enfoque de proxectos, e durante a entrevista relata múltiples experiencias en torno aos mesmos. Agora ben, durante a entrevista tamén remarca a necesidade de entender ben os proxectos, e sobre todo non quedarse só coa forma, senón adoptar tamén o seu fondo (S6), xa que senón estes terían escasa utilidade e non serían realmente relevantes nin favorecedores do proceso de E-A.

En canto ao uso de recursos, S considera que hai dous tipos de persoas, as que teñen “sentido común e usan todos os recursos á súa disposición” (S13) e os que non. Nesta liña, logo de ser preguntada pola valoración que fai do medio como recurso, S afirma “eu sempre digo de min que son vaga no sentido de que, porque vou facer eu unha cousa se teño outra mellor que a fixo..ou outra persoa que o fixo mellor? É absurdo!” (S10). En relación a esta idea, comenta o que fixo cando tivo que explicarlle ao alumnado que era un semáforo “é máis fácil poñerlles un vídeo, pero eu prefiro ser vaga, prefiro que vaiamos alí que crucen tres veces e que o pasen bárbaro e aprenden mellor” (S12). Normalmente ‘ser vago’ ou vaga non é precisamente un atributo positivo mais neste caso ese adxectivo é a materialización dunha metodoloxía e dun modo de ver a educación moi particular. Con esta afirmación, podemos apreciar como para S realmente o uso dos recursos do entorno é unha realidade moi presente na súa práctica diaria e á cal lle outorga unha importancia real.

Ademais da gran importancia que o medio e os seus recursos teñen na educación, S tamén lle da un papel fundamental á biblioteca, mesmo indicando que “unha escola debe xirar arredor da biblioteca, debe usarse como recurso de aprendizaxe” (S27). Para S, a biblioteca ten un gran papel non só como fonte de recursos variados, onde o alumnado pode buscar información autonomamente, senón como unha fonte de aprendizaxe e cultura para toda a comunidade. O libre acceso á mesma, permite que non sexan só os máis pequenos os que se beneficien dos aspectos positivos da lectura, senón que tamén os adultos poderán aprender cousas novas, e non só iso, senón que pode ser tamén un lugar de encontro da comunidade, de establecemento de relacións e tamén do fortalecemento das mesmas (por exemplo, da relación neno-adulto coa hora do conto). Por todo o anterior, “unha biblioteca se funciona e ten os recursos adecuados é unha dinamizadora brutal” (S27).

Agora ben, para que iso sexa posible, tal e como recoñece S pola súa experiencia, “a escola non pode ser un lugar que se usa só cinco horas ao día, entre outras cousas porque a nós os mestres nos pagan máis horas que cinco” (S27). En diversas ocasións ao longo da entrevista S argumenta que as súas tarefas non se limitan ao horario propiamente escolar, xa que é necesario dar os tempos e espazos necesarios se realmente queremos que a

comunidade e o alumnado se beneficien das potencialidades do centro escolar.

O anterior deriva non só dunha actitude e ideais concretos, senón tamén da súa vinculación coa comunidade e a motivación do profesorado. Nesta liña, S indica que en moitas ocasións se non se dan estas oportunidades e non se usa o medio como recurso é porque “o que non está motivado é o profesorado” (S13). S admite que tanto a integración do medio coma a realización de proxectos (sobre todo en infantil) supón moito máis traballo por parte do docente, pero sen dúbida é posible levalo a cabo (S15), sobre todo con motivación e ganas de traballar e de intervir realmente na sociedade e na aprendizaxe do alumnado. De novo, pódese considerar unha actitude, un modo de entender a educación para S que, como recolleamos anteriormente, se amosa totalmente implicada co alumnado e a comunidade, aínda que supoña superar as barreiras do esixible pola profesión docente.

Outro punto destacable das súas concepcións declaradas é a afirmación de que “o importante é ter a mente aberta” (S22). É necesario polo tanto abrirse completamente ao mundo que nos rodea, xa que así poderemos enriquecernos das súas potencialidades e aprender tamén das cousas malas. Neste senso, S que afirma que aprendeu máis dos demais e por ensaio-erro que na facultade e ante as inquedanzas de futuras alumnas en prácticas sobre as lagoas formativas da universidade ela defende que “o mundo está cheo de escolas e de mestres, xa aprenderás” (S2). Polo tanto, o importante é abrirse ao mundo e aos demais, e estar dispostos a aprender e a integrar as boas prácticas e recursos que nos ofrece o medio e outras persoas con máis experiencia e saberes.

*b. Concepcións sobre o uso do medio na escola.*

Máis concretamente en canto ao medio, E afirma que o medio é “fundamental, non podemos ter un proceso de E-A sen contar co medio, non podemos, é básico” (E10), xa que este permite acadar un desenvolvemento integral do alumnado, ademais de axudar a desenvolver unha aprendizaxe significativa e arraigada. Por este motivo, E considera que todos os proxectos deberían incluír e partir do propio medio e cree que para poder facelo é necesario “contar con todo o que nos poida rodear, por exemplo en canto ao social os pais, as administracións...” (E15) e polo tanto relacionarse tanto coas familias como coa comunidade. Para E, hai uns valores inherentes ao uso do medio para a aprendizaxe que levan a algúns mestres e mestrás a integralos nas súas aulas, e ademais esta integración permite que o alumnado adquira tamén uns valores ou actitudes singulares (“concienciación da nosa cultura, de proximidade (...) de respecto ao medio natural” etc. (E16). Finalmente, E tamén alude á falta de tempo do profesorado (E21) como freo para o desenvolvemento de moitas propostas e proxectos onde o medio podería ter un gran papel.

Máis centradas no medio, S tamén revela diversas concepcións. Para S, “o medio é ‘o

recurso” (S10) e a diferenza de E, para S, a integración do medio non supón a existencia duns valores ou crenzas particulares pero ten un gran beneficio, xa que segundo S permite a “igualdade de oportunidades de acceso aos recursos” (S14) a todo o alumnado.

En canto á participación do contexto e das familias no proceso educativo, S acerta ao dicir que “se non entra a familia e a veciñanza na escola...o medio...é ‘medio’ medio” (S4). Se non nos relacionamos coas persoas que conforman o entorno próximo do neno ou nena, estaremos perdendo uns valiosos aliados ou aliadas, que nos poden axudar a mellorar o proceso educativo e tamén unha valiosa fonte de información, xa que como indica S, “se non coñeces ás familias non coñeces aos nenos” (S7). En relación a isto, para estreitar estes lazos e coñecer a realidade do medio onde está inmersa a escola, S indica que é recomendable vivir preto da escola ou senón é necesario “involucrarse co lugar”, aínda que para ela realmente “só coñeces o contexto se vives na zona” (S29).

Outro aspecto relevante ten que ver coa docencia no rural. S indica que ela mesma, pese a criarse no medio rural, ao principio tiña unha visión negativa sobre o mesmo, pero pouco a pouco o lugar e a xente a foi gañando. Na mesma liña que Bustos (2011), S considera que a causa deste desprestixio reside moito precisamente na inestabilidade do profesorado, o que impide levar a cabo proxectos a longo prazo e impide o establecemento de relacións fortes e realmente enraizadas na comunidade. Precisamente S era das mestras que ían marchar do rural en canto puidesen, pero a relación especial e o cariño da xente, e a docencia e o modo de vida no rural fórona conquistando pouco a pouco, ata que decidiu permanecer. Como ela mesma comenta, “o medio rural, se eres capaz de velo, velo diferente” (S3).

S co paso dos anos descubriu a importancia de que os propios cidadáns e cidadás valorasen o que teñen e o que saben, sobre todo os da aldea que polo xeral se consideran máis ‘ignorantes’ (cando en realidade teñen unha gran riqueza de coñecementos). Para acadalo, S considera (do mesmo modo que defenden Feijoo e Gonçalves, 2014) que a escola é o ente adecuado, non só por ser dos poucos centros socioculturais que se poden atopar nas aldeas, senón porque “se a escola integra saberes inmediatamente se autorizan” e non só iso, senón que “integra os saberes e da un salto máis” (S26), ampliando os coñecementos do alumnado, das familias e da comunidade.

Precisamente, un destes contidos que se poden integrar na escola para promovelos e perpetualos son as tradicións populares e a riqueza cultural endóxena dos pobos e comunidades. Os seus beneficios non se reducen simplemente á promoción dos propios contidos, senón que tamén é posible promover a participación social na comunidade e na escola. Tal e como indica S, “en canto a xente se da conta de que o entorno é cultura empezan a ter ideas e a querer facer cousas” (S27). Agora ben, é necesario que cando isto

aconteza non se ignore, senón que hai que “abrir os espazos e deixar que participen”, “poñer as cousas fáciles” (S28).

Finalmente, expoñemos unha das concepcións máis destacadas que revelou a entrevista de S. As propostas para S teñen que estar sempre contextualizadas no entorno onde se desenvolva a docencia pola diversidade de contextos existentes que provocan tamén unha gran diversidade de alumnado. Neste senso, S afirma que as propostas curriculares deben irse adaptando ás situacións. Esta idea correspóndese coa súa concepción global referida á educación (que polo tanto engloba ás anteriores), defendendo unha perspectiva propia que identifica como “unha mirada diferente sobre o alumnado, sobre a túa profesión e o que queres facer” (S2) e indica ademais que “se tes esa mirada váleche igual no medio rural, que no urbano, que no periurbano...no que queiras, só que o vas aplicando segundo a situación” (S2). Precisamente, esta alusión a esa “mirada especial” repítese en varias ocasións na entrevista, o que deixa ver que realmente é unha concepción arraigada no seu sistema de crenzas. Para S, esa mirada é a súa forma de entender as cousas, o seu modo de traballar, de pensar, de interpretar a educación...e non cabe dúbida, de que a súa mirada está depositada na integración da comunidade e dos recursos do medio na aula.

### **Categoría 3. O medio dende unha perspectiva educativa.**

#### *a. Definición de medio.*

Para E, “o medio é todo o que nos rodea, falamos do medio social, da nosa sociedade, da nosa comunidade, o medio cultural, toda a bagaxe cultural que nos rodea (...) o medio natural, que imos a dicir? podemos sacarlle moitísimo partido” (E10). Na mesma liña que E, o medio para S é “absolutamente todo” e “non hai cousa que non sexa medio” (S12,S22). O medio polo tanto é “o contorno e o contexto, social, físico, persoal...de todo tipo” (S9).

#### *b. O inicio do uso do medio.*

E considera que estaba ben formada cando comezou a integrar o medio na súa práctica, e indica que sempre o tivo integrado na dinámica da aula coma un contido máis (E4).

Por outra banda, S indica que en realidade sempre traballou co medio tal e como entende a maioría da xente que é “traballar co medio”, pero que ata que chegou á unitaria non o fixo a fondo. Como ela mesma explica, “a min creo que o cambio brutal foi chegar a unha unitaria, entón é cuestión de ‘supervivencia’. Eu cando comecei a traballar dunha forma diferente non foi porque o tivera planeado, elaborado nin nada diso, foi que eu tiña que sobrevivir, así de sinxelo.” (S4). S tiña que sobrevivir porque se atopaba soa nun lugar que descoñecía, nunha aula que descoñecía e cunha organización totalmente distinta (multigraduada) e non tiña con quen compartir as súas inquedanzas. Un medio onde o apoio das familias foi fundamental, xa que “estaba nun medio que eu non coñecía, en absoluto, pero estaba rodeada de xente

que o coñecía moito, entón tiven que usalas para aprender” (S4). Deste modo, consciente de que os demais eran máis sabios, deixounos que lle axudasen e promoveu que colaborasen na escola (e durante o primeiro ano foron moitas persoas as que pasaron pola escola dándolle apoio e compañía e propoñéndolle actividades: ir ver cabritos recién nacidos, desfolletar millo, vendimar..., e ela deixou que eses coñecementos entrasen á escola). Como ela mesma afirma, “foi realmente a xente quen me dixo mira, podes traballar cos nosos saberes e ti traballa tamén cos teus” (S4). Pouco a pouco este medio foise introducindo na aula, e foi así como S se decatou de que “botando man de todo o que tiña ao redor descubrín que non necesitaba nada máis, absolutamente nada máis...” (S25) e o medio se introduciu definitivamente na súa práctica diaria.

*c. A integración do medio rural- urbano.*

Outro aspecto importante a analizar respecto ao medio é dilucidar se realmente hai un medio idóneo ou mellor ca outro para ser introducido. Como vimos no marco teórico, algúns mestres e mestras respáldanse na pouca riqueza ou idoneidade do contorno onde desenvolven a súa práctica para xustificar a non introdución ou uso do mesmo. Sen embargo, se en algo coinciden estas dúas mestras con experiencia laboral, é en que todos os medios e contextos son adecuados e de todos se pode sacar partido.

Máis concretamente, E considera que “non todos os contextos son idóneos para traballar co ambiente, pero ti como profesor tes que adaptalos” (E12) e polo tanto non se pode dicir que haxa un contexto con pouca riqueza ambiental e cultural. Ademais, para E o entorno urbano, a diferenza do que opinan moitos docentes, si que é un medio rico en recursos e potencialidades de aprendizaxe.

Na mesma liña, S indica que “hai contextos que favorecen e contextos que dificultan, pero iso non vale como xustificación” (S12). Para S, os contextos que dificultan van máis alá da dicotomía urbano-rural, xa que son aqueles contextos máis estruturados. Ademais esta mestra é consciente de que se usa máis o medio nas zonas rurais como consecuencia de que os nenos e nenas o incorporan á aula, pero tamén indica que “en xeral úsase bastante menos das posibilidades que hai” (S13).

Volvendo á súa concepción xeral sobre a mirada, S indica que “o problema non é onde está ubicada a escola, se é no entorno urbano ou rural, senón a mirada que tes ti sobre a mesma” (S18). De feito, para S “o entorno urbano é riquísimo” (S13) tanto que “a veces parece máis propicia a zona urbana porque unha zona urbana tanto podes atopar recursos físicos como todo o que é propio da zona urbana” (S18). Polo tanto, como tamén defenden Pereiro (2007), Owaga (2010) ou Bustos (2011) e as dúas docentes da nosa investigación, é

necesario superar a dicotomía urbano-rural e valorar todos os entornos, en definitiva “non mitifiquemos o rural” (S19).

#### **Categoría 4. Condicións para a integración do medio nas aulas.**

##### *a. Recursos*

E considera que “temos que contar con todo o que nos poida rodear” (E15) e polo tanto o medio para ela é “un recurso fundamental” (E16). Outros recursos coma os libros de texto poden servir de axuda e ofrecer información como recurso de busca. A E gustaríalle contar na súa aula con encerados dixitais ou “algo dedicado ao entorno natural. A min gustaríame ter algo así pois como un invernadoiro (...) novas tecnoloxías” (E19).

Coñecedora do rural, S indica que “no rural hai recursos educativos e recursos materiais a punta pala” (S3) e que para ela, como xa comentamos anteriormente, “o medio é ‘o recurso’” (S10) e polo tanto “non usalo é absurdo” (S16). Agora ben, hai que adaptalos ás necesidades e características do alumnado, e tentar que se convertan nos mellores recursos de aprendizaxe dispoñibles. A súa postura respecto aos libros de texto é similar á de E no aspecto no que di que son un recurso máis de busca de información, pero engade que o problema hoxe en día é o “librismo” (S13), o uso que se fai dos libros como instrumentos principais de aprendizaxe, unha aprendizaxe que se volve mecánica, e non como un recurso máis de apoio. Neste senso, S considera que nas aulas non é necesario ter un libro por neno ou nena, e que mesmo “sería bo ter varios textos de editoriais distintas, que teñen enfoques distintos, dan informacións distintas, incluso iso pode ser obxecto de debate” en definitiva, “o libro de texto está ben pero como un recurso máis” (S21). Finalmente, S fai un apunte importante respecto aos recursos. De nada vale ter os mellores recursos se non se pode acceder a eles. Por este motivo, temos que facilitarlle o uso dos recursos non só aos nenos e nenas, senón a toda a comunidade, e deste modo conseguiremos que teñan unha utilidade e un impacto positivo na mesma.

##### *b. Ámbito de actuación e factores que favorecen ou dificultan o uso do medio.*

E defende que debemos partir do medio máis próximo para posteriormente abrírnos ao entorno máis lonxano. Considera ademais que aspectos coma o currículo educativo oficial, as normativas dos centros, o entorno rural e urbano, a formación do profesorado, as familias, experiencias persoais, e o enfoque metodolóxico innovador favorecen o uso do medio como recurso, mentres que o enfoque metodolóxico ‘tradicional’ o dificulta.

Do mesmo modo ca E, S tamén considera que se debe partir do local para chegar ao global, debemos polo tanto establecer relacións con todos os elementos e organismos inmediatos e “irse alonxando en función das necesidades” (S10). Por outra banda, a diferenza de E, S si

que considera que o currículo dificulta o uso do medio nas aulas pola súa organización, do mesmo modo que tamén dificulta a adopción dunha metodoloxía 'tradicional'. Por outra banda, o entorno rural, por moito que se pense, tampouco ten por que favorecer a integración do medio, xa que iso depende do profesorado e das súas ideas e concepcións. Por outra banda, S considera que o enfoque innovador en principio si que podería favorecer esta introdución, pero de novo amósase precavida nas súas respostas.

*c. Participación e colaboración coas familias e a comunidade.*

Ao ser preguntada polo papel das familias na educación, E afirma que a colaboración é fundamental pero na súa aula semella non ser moi positiva ou efectiva. Deste modo, afirma que "as familias o que terían que facer é colaborar, a min paréceme que tiñan que poñer como máis interese en colaborar, en participar, en non desacreditar ao profesor..." (S9). Máis concretamente, indica que as familias poden colaborar porque "eles saben que estamos facendo (...) e poden colaborar, ou poden preguntar se poden colaborar"(S9). En canto á comunidade, afirma que esta colaboración "é fundamental entre escola e todo o entorno que a rodea" (S14) e organismos coma os concellos, as ANPAS, e diversas asociacións da contorna a veces participan propoñendo actividades. Sen embargo, do mesmo modo ca coas familias, a pesares da importancia que lle concede acontece que "esa tradición por así dicir non se leva a cabo" (E14).

Para S, como xa indicamos anteriormente, "se non entra a familia e veciñanza na escola...o medio...é 'medio' medio" (S4), o que xa desvela a importancia que ten a participación da comunidade nas súas prácticas. S indica que ela favorece a participación dos pais/nais e da comunidade porque na súa escola non hai portas, o que promove que estes formen parte da educación dos seus fillos e fillas. Agora ben, a participación débese traducir nunha "participación real" e non na utilización das familias como "criados" (S7). As familias poden participar traendo, investigando "falando, propoñendo, negociando cos nenos e as nais, debatendo os problemas, reuníndose..." (S7) e tamén teñen dereito a saber o que está facendo o alumnado na escola, que aprenden, para así poder participar no proceso de E-A. De feito, S indica que ao comezo de cada proxecto sempre elabora un boletín e fai un cursiño rápido sobre o que van abordar na aula, para deste modo inculcarlle ás familias os coñecementos e que poidan participar no ensino dos seus fillos e fillas. O anterior non só beneficia polos coñecementos que adquiren as familias, senón pola relacións que se establecen e a valoración que estes fan dos proxenitores, como relata S logo o alumnado afirmaba "miña nai sabe...bua...sabe tanto coma ti profe" (S20). A relación coa comunidade na escola de S tamén é efectiva e positiva xa que "a mirada da comunidade está depositada sobre os seus nenos, pero por que? Porque se lle deu a oportunidade de participar"(S8),

unha “participación anterior” (S23) diaria e non esporádica. S indica que a súa unitaria se relaciona con moitas persoas da comunidade e organismos: familias, cidadáns, asociacións (ex: comunidade de montes), o concello... En definitiva, nesta escola “o medio participa porque se lle da a oportunidade de participar” (S10).

*d. Actividades de integración do medio.*

Hai varias actividades coas que a mestra E afirma traballar o medio. En primeiro lugar, actualmente están facendo un horto nun areeiro dentro da aula (A6). Ao ser preguntada polo motivo da realización na aula co espazo natural que ofrece a escola indica que “fóra o espazo non nos brinda un espazo determinado (...) temos moito espazo pero non é o idóneo” (E3), a pesares de que pouco despois indica que “neste centro si que se nos facilita moito o entorno natural” (E7), o que é un pouco contradictorio. A pesares de amosar concepcións máis ben construtivistas e innovadoras dándolle importancia á realización de proxectos, como xa vimos, o certo é que as prácticas concretas que relata opóñense totalmente a estas metodoloxías. Ademais de seguir o prescrito pola proposta dunha editorial, tamén lle gusta crear fichas para traballar os contidos, por exemplo, unha “actividade de lectoescritura, (...) xa que estamos en 3 anos repasaremos unha letra U, ou repasaremos unha letra A relacionada coa primavera” (E5) ou indica que “vas enfocando as fichas de lóxica matemática, as fichas de lectoescritura, e a partir dun tema común por exemplo o Camiño de Santiago” (E11). Ademais tamén considera que os materiais de editorial sempre abordan aspectos do medio nas súas páxinas, aínda que dun xeito xeral. Outras actividades que realiza son unha saída a unha carballeira (“proposta polo concello” (E10)) e a celebración de festividades (os Maíos, o samaín...), a través de xogos ou fichas.

No caso de S, durante a súa entrevista podemos ver como relata a realización de diversos proxectos, non só cos nenos e nenas, senón con toda a comunidade. Deste modo, vai relatando como coa colaboración dos veciños e grazas aos recursos do entorno poden ir ver animais recen nados, estudar xeoloxía e os minerais a través das pedras do patio, ‘desfollatar’ o millo e realizar o proceso enteiro da vendima e do millo, plantar árbores coa comunidade de montes (S8), visitar bibliotecas de outros centros escolares, coidar un gato na aula, facer saídas a Vigo para coñecer o mundo urbano e ver o movemento da xente (S13 e 18), realización do proxecto “cantores” (S19), facer un proxecto de ciencias na cociña (S22), en torno á petición de axuda á bruxa do campanario (S24), horto escolar, o fiadeiro (S26-28), creación dun grupo de pandereteiras, unha acampada para nenos e nenas e para pais e nais (S27), festividade de San Xoán (S28), cursos de formación impartidos por S ou polas familias (S28), apertura da biblioteca á comunidade, creación de delegacións da biblioteca (ex: perruquería), sesións de cine na biblioteca da escola, etc.

### **Categoría 5. Beneficios da integración do medio na escola.**

Para E, un dos beneficios máis salientables da introdución do medio nas aulas como recuso didáctico é que o seu uso permite un “desenvolvemento integral dos nenos” (E13), favorecendo tamén a súa aprendizaxe e a relación e o coñecemento do seu entorno. Ademais, tamén permite a adquisición de valores (respecto e concienciación polo propio e o dos demais, responsabilidade), coñecemento do seu medio e o emprego de recursos da contorna, o que favorece unha aprendizaxe “máis significativa, moito máis valedeira” (E13).

Ademais das achegas ao desenvolvemento e aprendizaxe infantil S tamén apela a outros beneficios da integración do medio. Para esta mestra, a integración do medio na escola permite ofrecer unha “igualdade de oportunidades” (S14) no acceso aos recursos e tamén axuda a que os nenos e nenas “formen opinión e a saiban defender (...) se comprometen coa mellora do lugar onde viven (...) e iso é fantástico para a súa formación como persoas” pero ademais “a aprendizaxe é máis doada porque a escala é máis próxima, relaciónanse co que viven” (S24). Deste xeito, grazas a este recurso o alumnado coñece o medio onde vive, pero ademais aprende máis, “mellor, máis rápido, dunha forma máis natural, máis adecuada á idade que ten e aproveitando todos os recursos” e ademais “empeza a ver a escola con, dentro, non como un lugar illado, senón que a escola forma parte do medio, e que aprenden en todas partes (...) se difuminan as paredes” (S20).

Na comunidade tamén ten efectos positivos, xa que o uso do medio “monta unha dinámica social diferente” (S28), “é un dinamizador (...) dinamiza a comunidade onde está inscrita (...) o descubren, o visibilizan (...) e ao velo e visibilizalo dásele importancia” (S20). Ademais, como xa indicamos anteriormente, a súa integración na escola facilita e promove que o alumnado e a comunidade poñan en valor os recursos e os coñecementos propios, incluso mellorándoos e “dando un salto máis” (S26) coa súa integración no centro escolar. En definitiva, a integración do medio na escola é positiva e necesaria tamén porque “se a escola integra saberes, inmediatamente se autorizan” (S26) e se lles da valor.

#### **5.2.2. Análise intertópicos e comparativa.**

Coa análise das entrevistas anteriores, podemos ver grandes diferenzas no pensamento e concepcións de E e S, así como grandes diferenzas na súa práctica ao analizar as evidencias coas que contamos.

Claramente, seguindo as dimensións presentadas no capítulo tres e as entrevistas realizadas, podemos identificar ás mestras entrevistadas con dous modelos diferentes de ensino. No caso de E, aprécianse grandes contradicións entre as concepcións declaradas e a práctica educativa diaria descrita por ela mesma ou que desvelan os materiais que usa. Sen embargo, á hora de analizar as concepcións implícitas do profesorado, son máis

explicativas as deducións de diversas preguntas que as respostas aportadas a preguntas concretas (xa que non se pensa tanto na resposta que se quere dar e deste modo a resposta non é tan 'consciente'). Polo anterior, segundo as súas prácticas educativas, podemos considerar a E como unha mestra 'tradicional'. Por outra banda, tanto polas prácticas como polas concepcións, S atópase claramente no modelo de E-A innovador.

Un aspecto no que coinciden é na crenza de que o medio integra todos os compoñentes da realidade, así coma que hai diferentes graos nas potencialidades de uso dos diferentes medios e contextos, pero en realidade calquera medio é apto para o seu uso didáctico.

Por outra banda, apréciase unha maior soltura e profundidade nas verbas de S, tanto ao falar do uso do medio como ao falar dos seus beneficios para o alumnado e a comunidade. Ademais na entrevista tamén revela interesantes concepcións sobre a educación en xeral e sobre o uso do medio en particular, que revelan unha construción persoal das súas crenzas e concepcións, unhas ideas e principios resultado de toda unha vida dedicada á docencia e ao uso do medio, o que supón dar un paso máis na reflexión sobre a súa práctica docente.

En canto ás actividades usadas para integrar o medio nas aulas, hai unha gran diferenza entre as empregadas por E e S. Xa só a dedicación case exclusiva de E ao uso de materiais elaborados por editoriais, fai que non se aproveite realmente o contorno escolar, xa que estas propostas, como ela mesma afirma, non se centran nas particularidades de cada contexto. Ademais, a pesares de ser consciente da importancia da participación das familias e a comunidade, o certo é que non é unha práctica empregada na súa aula.

Pola contra, polas experiencias e actividades que relata S, podemos ver como traballa diariamente co medio, ben a través de contidos directamente relacionados co mesmo (coma o proxecto da vendima ou da petición á bruxa) ou ben empregándoo constantemente para reforzar e mellorar a docencia de calquera tipo de contidos (como por exemplo no proxecto dos cantores). Respecto á relación coa comunidade e as familias, a escola de S relaciónase constantemente con elas, tanto para aspectos escolares coma extraescolares, e oferta variadas actividades e tamén aproveita todas a comunidade lle ofrece, establecendo unha verdadeira comunicación e relación entre a escola e o seu contorno.

## **6. Conclusións.**

### **6.1. Reflexión sobre os resultados da investigación.**

Con esta investigación tentamos dar resposta ao obxectivo de aportar un novo estudo sobre a integración do medio nas aulas, tendo como obxectivo principal analizar as concepcións arredor da integración do medio como recurso didáctico. Logo da realización e análise das entrevistas, consideramos que podemos elaborar algunhas reflexións sobre as mesmas.

O máis constatable da entrevista de E foi a presenza de multitude de contradicións, o que dificultou a tarefa de análise. Nas súas propias verbas pódese apreciar como en ocasións hai unha gran incoherencia entre as súas concepcións declaradas sobre o que considera que debería facer ou como debería ser o proceso de E-A e a realidade das prácticas que relata que realiza, tal e como indicamos no apartado anterior. Cabería analizar se esta diferenza entre as concepcións declaradas realmente é consciente ou inconsciente, xa que é un aspecto moi relevante, pero que por desgraza escapa á nosa investigación.

Por outra banda, dá a impresión de que E cree que realmente emprega o medio nas súas prácticas (ou así o fai constar) pero en contraposición a S, sendo obxectivos e baseándonos nas experiencias relatadas por ambas, non se pode considerar que así sexa.

O obxectivo principal da investigación era desvelar as concepcións que levan a usar o medio como recurso, é dicir, desvelar que é o que fai que uns mestres e mestras o integren e outros non. Responder a esta pregunta non foi fácil pola diversidade de concepcións existentes, pero logo da realización das entrevistas e da análise dos casos, destacamos as conclusións que presentamos a continuación aténdonos ao espazo co que contamos.

Para integrar o medio, o mestre ou mestra ten que ser realmente consciente da súa importancia e relevancia, así como as súas implicacións e potencialidades educativas, ten que querer o medio, valoralo e estar orgulloso ou orgullosa do mesmo e das tradicións e culturas que nel se integran. Do mesmo modo, tamén é moi importante a súa vontade: vontade por traballar duro, por relacionarse totalmente coa comunidade, por somerxerse no medio, etc. As relacións coa comunidade e as familias tamén teñen gran relevancia, así como a capacidade de ser unha persoa que mobiliza, que dinamiza aos e o que ten arredor, que transmite. Ademais do anterior, desta investigación dedúcese que o modelo de ensinanza adecuado para a integración do medio nas aulas é o innovador, e que polo tanto, é moi difícil empregar o medio seguindo un modelo tradicional.

Coñecer experiencias reais, dar a coñecer e divulgar boas prácticas son outros dos obxectivos, os cales consideramos que tamén acadamos coa análise das entrevistas. Sen pretender desvalorar a E, o caso de S é realmente interesante. Xa só con esta pequena mostra foi quen de introducirmos no seu mundo, desvelando as concepcións e ideas que foi desenvolvendo ao longo dos anos e aproximándonos tamén as súas experiencias e proxectos. Sen dúbida é un gran exemplo non só de cómo integrar o medio nas aulas, senón de docente.

Persoalmente, logo da investigación realizada e das experiencias recollidas, consideramos que cumprimos os obxectivos propostos e que acadamos as competencias descritas na

introdución grazas ao traballo de iniciación á investigación realizado, o cal consideramos que se relacionou coas competencias, obxectivos e contidos propios da titulación. Máis centrado no tema, consideramos que o medio e o contorno das escolas realmente teñen un gran papel e valor para a educación, e que polo tanto a súa integración na vida diaria das aulas e nos procesos de E-A pode ser moi beneficiosa, (tal e como tamén comentan E e S), non só para o propio alumnado ou a escola, senón para todos os membros da comunidade.

En canto ás perspectivas de futuro, continuando a investigación e contando con máis tempo e espazo, consideramos que poderíamos triangular e relacionar os resultados das entrevistas realizadas con outros métodos de recollida de información (diarios de aula, observacións, etc.), o que podería axudar a xeneralizar os resultados obtidos e dar unha resposta clara e aplicable a todos os casos en relación ás concepcións necesarias para a integración didáctica do medio. Ademais, tamén poderíamos quizais darlle resposta ós interrogantes formulados coa investigación para os que non temos na actualidade potestade de dar resposta.

Finalmente defendemos, como xa fixera Fuentes (1998) e outros autores máis recentemente (por exemplo Fives e Gill, 2015) a importancia de traballar cos problemas, dilemas e contradicións entre concepcións e prácticas do profesorado, como único modo de apoiar e posibilitar o propio desenvolvemento profesional.

## **6.2. Reflexión sobre a investigación.**

Como indicamos anteriormente, o interese persoal, a relevancia didáctica que consideramos que ten o tema e a importancia de divulgar boas prácticas xunto coas poucas investigacións (e moi antigas) que atopamos sobre o tema foron as principais motivacións da investigación.

Levar a cabo este traballo de investigación non foi fácil, e durante o proceso atopamos dificultades que tivemos que ir superando. En primeiro lugar, non foi doado atopar bibliografía especializada sobre a integración didáctica do medio ambiente nas aulas e foi moito máis difícil que esta fose actualizada, polo tanto non había moitas investigacións que aportasen algo de luz ao problema de investigación. O anterior levounos a ter que revisar unha ampla gama de bibliografía da que poder ir extraendo ideas e conclusións que nos axudasen a xustificar e enmarcar o problema de estudo.

En segundo lugar, era a primeira vez que nos enfrontabamos á realización dunha investigación formal, o que supuxo todo un desafío. Ademais, o feito de querer analizar dous casos supuxo o dobre de traballo. Se xa é complexo analizar unha entrevista, analizar dúas e buscar os puntos e nexos de conexión entre as mesmas, que nos permitisen comparar e relacionar as prácticas de ambas docentes, foi aínda máis complexo.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

Ademais, a falta de espazo tamén supuxo unha problemática, xa que vin coartadas as miñas explicacións e reflexións sobre os casos por ter que cingirme a un número determinado de páxinas.

A pesares das dificultades anteriores, consideramos que fomos quen de acadar os obxectivos propostos e as cuestións formuladas ao inicio da investigación. Agardamos que esta investigación non quede no papel, e que sirva de inspiración para futuros docentes, así como para concienciar da importancia de ter en conta o medio nas nosas prácticas educativas diarias.

## 7. Referencias bibliográficas.

- Andreu, N. e Hernández, J. E. (1999). Importancia da interdisciplinariedade para unha cultura xeográfica a favor da educación. *Educación*, 98, 9-16.
- Aracama, S. (2008). Mi casa, mi calle, mi pueblo. Un proyecto de Conocimiento del Medio Social. *Cooperación Educativa*, 87-88, 63-69.
- Aramburu, F. (2000). *Medio ambiente y educación*. Madrid: Síntesis.
- Ballesteros, B. (Coord.) (2014). *Taller de investigación cualitativa*. Madrid: UNED. Disponible en: <http://prelo.usc.es/Record/Xebook1-1332>
- Bonilla, G. A. e Vera, B. (2011). ¿Como influye la educación ambiental en la cultura?. *Biografía: Escritos sobre la Biología y su Enseñanza*, 4 (6), 173-181.
- Breto, C. e Gracia, P. (2017). Familia y escuela, dos realidades vinculadas en un aula cooperativa. *Aula de innovación educativa*, 258, 55-59.
- Buehl, M. e Beck, J. (2015). The relationship between teacher's beliefs and teacher's practices. En H. Fives e G. Gill (eds.), *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs* (66-84). Reino Unido: Routledge.
- Bustos, A. (2009). Valoraciones del profesorado de la escuela rural sobre el entorno presente. *Revista Iberoamericana de Educación*, 48, (6), 1-11.
- Bustos, A. (2011). *La escuela rural*. Granada: Octaedro.
- Cambronero, A. (2016). ¿Urbano o rural? ¿Dónde se encuentra la conexión?. *Wímb lu*, 11 (2), 7-13.
- Cañal, P.; Criado, A. M<sup>a</sup>. ; García-Carmona, A. e Muñoz, G. (2013). La enseñanza relativa al medio en las aulas españolas de educación infantil y primaria: concepciones didácticas y práctica docente. *Investigación en la escuela*, 81, 21-42.
- Castañeda, O. (2013). Reinventando el ahora: De lo rural a lo urbano. *Revista de Educación y Pensamiento*, 20, 45-52.
- Cortizas, A. (2007). O xogo popular como recurso escolar. *Revista Galega de Educación*, 37, 41-45.
- Del Carmen, L. M<sup>a</sup>. (1988). *Investigación del medio y aprendizaje*. Barcelona: Grao.

- Domènech, J. (2008). La participación de la comunidad. *Aula de infantil*, 45, 23-24.
- Durán, A. (2016). Como preparamos una salida al entorno. *Aula de innovación educativa*, 251, 73-76.
- Eslava, C. (2016). Espacios olvidados, entornos de aprendizaje. Código de buenas prácticas para actuar en espacios existentes. *Aula de infantil*, 88, 11-15.
- Estañán, S. (2017). La organización del huerto escolar. *Aula de innovación educativa*, 259, 65-66.
- Feijoo, G. e Gonçalves, J.M. (2014). O xogo tradicional: recuperación do patrimonio inmaterial. *Revista Galega de Educación*, 60, 78-80.
- Feliu, M. e Jiménez, L. (coords.) (2015). *Ciencias sociales y educación infantil (3-6). Cuando despertó el mundo estaba allí*. Barcelona: Grao.
- Fives, H. e Gill, G. (2015). *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs*. Reino Unido: Routledge.
- Fives, H.; Lacatena, N. e Gerard, L. (2015). Teacher's beliefs about teaching (and learning). En H. Fives e G. Gill (eds.), *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs (249-265)*. Reino Unido. Routledge.
- Flick, U. (2011). Introducción Editorial. En Kvale, S. (Ed.), *Las entrevistas en Investigación Cualitativa* (pp. 11-15). Madrid: Morata.
- Frabboni, F; Galletti, A. e Savorelli, C. (1980). *El primer abecedario: el ambiente*. Barcelona: Fontanella.
- Fuentes, E. X. (1989). A técnica da entrevista na investigación educativa. *Adaxe*, 5, 35-48.
- Fuentes, E. X. (1998). *O ensino en Educación Infantil: perspectivas do profesorado*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- Fuentes, E. X. (2007). *O profesor investigador: perfil, identidade e competencias en Educación Infantil*. Material policopiado. Porto: Instituto Piaget de Porto (Portugal).
- Fuentes, E. X. (2011). *Corona y Carmen: dos perspectivas de trabajo diferentes en Educación Infantil*. Documento policopiado. Departamento de Didáctica y Organización Escolar de la Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Fuentes, E. X. (2013). Concepciones y acciones del profesorado. Documento policopiado. Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela.
- García, F. F. (2003). *Las ideas de los alumnos y la enseñanza del medio urbano*. Sevilla: Díada.
- González, M. (1994). *Aprender a enseñar: mitos y realidades*. A Coruña: UDC.
- Guba, E. e Lincoln, J. (1982). *Effective Evaluation*. Londres: Jossey-Bass publishers.
- Guilera, M<sup>a</sup>. M. e Tarín, R. M<sup>a</sup>. (2008). Del huerto a la gestión de la diversidad. *Aula de infantil*, 44, 8-12.

- Hannoun, H. (1977). *El niño conquista el medio. Las actividades exploradoras en la escuela primaria*. Buenos Aires: Kapelusz.
- Herrero, N. (2014). Educación e patrimonio nun mundo global. *Revista Galega de Educación*, 60, 16-18.
- Huerta, M<sup>a</sup>. B. e Betrán, J. A. (2016). El suelo nos alimenta. Un proyecto de huerto escolar. *Aula de innovación educativa*, 251, 49-54.
- Jaussi, M<sup>a</sup>. L. e Elorza, C. (2013). Comunidades de aprendizaxe en educación infantil. *Aula de infantil*, 70, 11-13.
- Kvale, S. (2011). *Las entrevistas en Investigación Cualitativa*. Madrid: Morata.
- Levin, B. (2015). The development of teacher's beliefs. En H. Fives e G. Gill (eds.), *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs* (48-65). Reino Unido: Routledge.
- Limonad, E. e Monte- Mór, R. L. (2012). Por el derecho a la ciudad, entre lo rural y lo urbano. *Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*, Vol. XVI, 418 (25) Disponible en: <http://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-418/sn-418-25.htm>
- Marcelo, C. (1987). *El pensamiento del profesor*. Barcelona: CEAC.
- Marín, J. (2015). El huerto escolar: mágica fuente de conocimiento y sabiduría. *Aula de innovación educativa*, 239, 44-47.
- Martín, F. (2007). Que opinan los padres sobre su participación en la escuela. *Aula de infantil*, 39, 38-39.
- Medio (s.d.). *Diccionario da Real Academia Galega*. Recuperado de: <https://goo.gl/v38dFv>
- Mendiá, R. (2007). La cooperación de la escuela infantil con otros agentes de la comunidad. Una adecuada respuesta a las necesidades de atenciones educativas específicas. *Aula de infantil*, 39, 40-42.
- Morgade, X. C. (1992). As festas anuais na escola. *Revista Galega de Educación*, 13, 47-51.
- Mukherji, P. e Albon, D. (2015). *Research methods in early childhood. An introductory guide*. Londres: SAGE.
- Olafson, L.; Salinas, C. e Owens, M. (2015). Qualitative approaches to studying teacher's beliefs. En H. Fives e G. Gill (eds.), *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs* (128-149). Reino Unido: Routledge.
- Owaga, M. (2010). Sobre la administración de las actividades medioambientales arraigadas en la comunidad local. *Espacio regional*, 1 (7), 79-86.
- Pajares, M. (1992). Teacher's beliefs and educational research: Cleaning up a messy construct. *Review of Educational Research*, 62 (3), 307-332.
- Pascual, M. (2009). Tierra y libertad. Una educación infantil encaminada hacia un mundo sostenible. *Aula de infantil*, 51, 41-43.
- Patton, M. (1980). *Qualitative Evaluation Methods*. Londres: Sage.

- Pereiro, X. (2007). Antropoloxía e modelos de relación entre o rural e o urbano. *Revista Galega de Educación*, 38, 112-117.
- Pernas, C. (2009). A arquitectura popular na educación. *Revista Galega de Educación*, 45, 88-92.
- Rodrigo, M<sup>a</sup>. J.; Rodríguez, A. e Marrero, J. (1993). *Las teorías implícitas. Una aproximación al conocimiento cotidiano*. Madrid: Visor.
- Rodríguez Jares, X. e Suarez Pazos, M. (1982). A propósito de la investigación del medio. Apuntes de teoría didáctica. *Cuadernos de Pedagogía*, 79, 37-40.
- Rodríguez, G.; Gil, J. e García, E. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Aljibe.
- Ros, S. (2015). Entre todos formamos una piña para educar en ciudadanía. *Aula de infantil*, 83, 22-25.
- Sanmartí, N. e Tarín, R. M<sup>a</sup>. (2008). Proyectos y actividades para cambiar el entorno. *Aula de infantil*, 44, 5-7.
- Sanz, S. (2014). Cuando los proyectos traspasan los muros de la escuela. *Aula de infantil*, 74, 19-22.
- Simón, A.I. (2011). Apostando por una comunidad educadora. *Aula de infantil*, 61, 21-24.
- Skott, J. (2015). The promises, problems, and prospects of research on teacher's beliefs. En H. Fives e G. Gill (eds.), *International Handbook of Research on Teacher's Beliefs* (pp.13-30). Reino Unido: Routledge.
- Spodek, B. e Rucinsky, E.(1984). *A study of early childhood teacher beliefs: primary teachers*. Nova Orleans: dispoñible en <http://files.eric.ed.gov/fulltext/ED248018.pdf>
- Suárez, M. (1990). *Deseño curricular e investigación do medio*. Ourense: Concello de Ourense, Concellería de Cultura, Nova Escola Galega.
- Suárez, M. (2009). Educación e territorio. *Revista Galega de Educación*, 44, 9-11.
- Tójar, J. C. (2006). *Investigación cualitativa. Comprender y actuar*. Madrid: La muralla.
- Trillo, F. e Sanjurjo, L. (2008). *Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica*. Rosario: Homo sapiens.
- Wahlstrom, M. et al. (1982). Teacher Beliefs and Assessment of Student achievement. En K. Leithwood (ed.). *Studies in Curriculum Decision Making*, (26-34). Ontario: OISE Press.
- Xunta de Galicia. (2009). *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. Galicia: Autor.
- Zabala, A. (1999). *Enfoque globalizador y pensamiento complejo. Una respuesta para la comprensión e intervención en la realidad*. Barcelona: Grao.
- Zabalza, M. A.(1991). El ambiente desde una perspectiva curricular. En Caride, J. A. (coord.). *Educación ambiental: Realidades y perspectivas* (pp.243-296). Santiago de Compostela: Tórculo.

## 8. Anexos.

### Nota aclaratoria:

Somos conscientes de que hai un gran número de páxinas no apartado de “Anexos” pero consideramos necesario que así sexa para poder introducir as entrevistas realizadas, as cales consideramos moi relevantes e un elemento central do presente traballo de investigación.

Por unha parte, un dos obxectivos do traballo é divulgar boas prácticas en EI, e a lectura das entrevistas consideramos que é un bo método para achegarnos á realidade das aulas de ambas docentes, coñecendo as súas prácticas e aprendendo das súas boas e malas experiencias, e concienciarnos e aprender tamén cómo é posible integrar o medio nas aulas.

Por outra parte, na análise das entrevistas cítanse constantemente frases e ideas das mesmas, polo que consideramos necesario poñer o texto orixinal por se se quere recorrer a el para ampliar ou aclarar ideas.

Ademais tamén consideramos interesante introducir imaxes e fotografías coas que poder observar aspectos da práctica educativa e do proceso de E-A.

Sen máis, agardamos que as entrevistas e demais anexos resulten tan interesantes e relevantes como nos pareceron a nós.

### A1. Guión da entrevista.

A continuación presentamos o guión de entrevista empregado na realización das entrevistas desta investigación. Como indicamos anteriormente, este ten como propósito guiar a entrevista, polo que o mesmo e as súas preguntas se foron adaptando ás entrevistas realizadas (o que provocou cambios respecto ao guión orixinal).

#### DATOS DA ENTREVISTADA:

Idade:  
Sexo:  
Plan de estudos na obtención de título de mestre/a:  
Especialidade:  
Anos de experiencia na profesión:  
Nº anos de docente en educación infantil:  
Experiencia en outros niveis:  
Lugar de residencia:  
Tipo de escola:  
Anos de permanencia na escola actual:

#### DATOS DA ENTREVISTA:

Data:  
Lugar:  
Hora de comezo:  
Hora de remate:  
Duración:

## **Guión de entrevista:**

### **Bloque 1: Bases de coñecemento profesional. Formación docente.**

En primeiro lugar, gustaríame que me comentara aspectos referidos á súa formación como docente.

1. En que medida a educación universitaria recibida foi de utilidade para o seu desempeño profesional como mestra de Educación Infantil?
  - 1.1. Facíase na carreira algunha alusión ao medio?
  - 1.2. Facíase na carreira algunha alusión ao rural?
  - 1.3. Que considera que sería preciso cambiar para mellorar a formación do profesorado?
  - 1.4. E a formación para o traballo co medio?
  - 1.5. E a formación para exercer no medio rural?
  - 1.6. En xeral, que carencias notou máis na súa formación?
  - 1.7. Ao longo da carreira traballou cuestións relacionadas co medio como recurso didáctico?
  
2. Moitos autores falan da importancia da formación continua para a mellora da docencia e a educación. En que medida comparte esta idea?
  - 2.1. Realizou actividades de formación continua durante a súa carreira profesional?
    - 2.1.1. Se a resposta é afirmativa, que lle aportaron en relación co uso do medio como recurso?
  
3. En canto á formación docente, para o traballo co medio, considera que é necesario recibir unha formación específica?
  - 3.1. En caso afirmativo, en que se centraría?
  - 3.2. Vostede considera que se formou adecuadamente neste ámbito antes de comezar a desenvolver a súa experiencia sobre o traballo co medio na aula?
  
4. Ao comezo da súa etapa de traballo como docente xa traballaba co medio como recurso?
  - 4.1. En caso negativo, que provocou o cambio?
  - 4.2. En caso afirmativo, percibe algunha evolución dende o comezo ata agora en relación co aproveitamento didáctico do medio?

### **Bloque 2: Ideas xerais sobre a Educación Infantil.**

Realizaremos a continuación algunhas preguntas respecto á Educación Infantil e comprender así algunhas das súas concepcións ao respecto.

5. Como cree que aprenden mellor os nenos e nenas?

6. Cales cree que son as actividades máis importantes a realizar en Educación Infantil? Por que?
  - 6.1. E as menos? Por que?
  - 6.2. Que habilidades considera máis relevantes a acadar na sociedade de hoxe en día na etapa de Educación Infantil? Por que?
  - 6.3. E as menos relevantes? Por que?
7. Hoxe en día hai algunhas metodoloxías en auge nas aulas:
  - 7.1. Que opina do traballo cooperativo ou colaborativo?
  - 7.2. Como definiría o termo "aprendizaxe significativa"? Como a valora?
  - 7.3. Como definiría a "aprendizaxe por descubrimento"?
  - 7.4. Como definiría o "enfoque de proxectos"?
  - 7.5. Que opina do método de traballo con "fichas"?
8. Notou co paso dos anos cambios nas súas ideas sobre a educación en Educación Infantil?
9. Que funcións consideras que posúen no proceso de ensino-aprendizaxe:
  - 9.1. Os mestres/as?
  - 9.2. Os nenos/as?
  - 9.3. As familias?
  - 9.4. A comunidade?
10. Describe ao que sería para vostede o/a docente ideal

### **Bloque 3: O medio.**

Adentarámonos neste apartado no núcleo da entrevista, o medio.

11. Como definiría o termo 'medio'?
  - 11.1. Que aspectos inclúe?
  - 11.2. Que axentes implica?
  - 11.3. Que áreas abrangue (local, autonómica, estatal, global...)?
  - 11.4. Que espazos debería implicar (afectivo, vivido e percibido e concibido)?
  - 11.5. Con qué elementos ou organismos establece relacións (familias, concello, outros centros, ONG's, outras...)?
  - 11.6. Persoalmente, como valora o medio como recurso?
12. Na época actual na que a globalización está exterminando pouco a pouco as particularidades dos contextos locais, en que medida considera que o traballo co medio na escola pode axudar a fomentar a cultura e patrimonios endóxeos dun determinado contexto?
  - 12.1. Cal é a súa opinión respecto ao papel ou importancia da cultura galega?

13. Percibe cambios en relación co uso do medio como recurso nas aulas dende que comezou a súa labor docente?
14. Considera que todos os contextos e ambientes son igualmente válidos para desenvolver experiencias de traballo co medio nas escolas?
  - 14.1. En cales podería ser máis difícil?
  - 14.2. Atopou diferenzas en canto ao traballo co medio nas escolas rurais e urbanas?
  - 14.3. Cree que é posible traballar co medio tamén nun entorno máis urbano?
  - 14.4. Que pasaría se tivese que impartir docencia nun contexto con pouca riqueza ambiental e cultural?
  - 14.5. Que faría se os nenos/as non estivesen motivados para usar o medio como recurso?
    - 14.5.1. E as familias?
    - 14.5.2. E o centro?
15. Moitas veces os valores e ideais dos mestres e mestras son os que determinan en certa maneira as súas prácticas; considera que hai uns valores xerais inherentes ao uso do medio como recurso?
  - 15.1. Cree que ademais os nenos/as, empregando o medio como recurso, poden adquirir tamén uns valores ou actitudes singulares?
16. Que pensa que aporta o traballo co medio no desenvolvemento dos nenos e nenas?
  - 16.1. Que aspectos positivos destaca?
  - 16.2. E negativos?
  - 16.3. Cree que o traballo co medio achega algo ao desenvolvemento que non sería posible acadar sen usar este recurso?
  - 16.4. E á aprendizaxe?
17. Considera que é posible usar o medio como recurso para adquirir novas aprendizaxes?
  - 17.1. Pensa que este tipo de aprendizaxes se diferenciarían de outras aprendizaxes adquiridas por métodos de coñecemento máis tradicionais?
  - 17.2. Considera que hai diferenzas destacables cando se traballa co medio na escola en relación coa forma de abordar os contidos?
    - 17.2.1. E en relación coa metodoloxía?
  - 17.3. En que medida considera que aproveitando o medio como recurso de aprendizaxe poderíamos obter coñecementos únicos moi dificilmente acadables dende outros enfoques?

#### **Bloque 4: O medio e a sociedade.**

A continuación analizaremos a relación entre o medio e a sociedade.

18. Que relación debería manter a aula/escola coa sociedade (familias e habitantes da comunidade) na que se ve inmersa?
  - 18.1. E coa administración?
  - 18.2. Cos concellos?
  - 18.3. Coas asociacións do entorno?
  - 18.4. En moitas ocasións o apoio das institucións e da comunidade é fundamental para a posta en marcha dun proxecto. No seu caso particular, como valora a relación con estes organismos?
  - 18.5. Consideras que a apoian en relación co aproveitamento didáctico do medio e os seus recursos?
  
19. Algúns proxectos poden ter utilidade non só para as escolas, senón para toda a comunidade en xeral. En que medida o traballo co medio podería cumprir estas condicións?
  - 19.1. Polo tanto, considera que se debería estender o aproveitamento do medio e os seus recursos á cidadanía xeral?

#### **Bloque 5: Formulacións educativas en relación ao medio.**

Neste bloque profundizaremos en cuestións arredor da explotación do medio como recurso educativo.

20. Por que introducir o medio como recurso relevante no traballo na Educación Infantil?
  - 20.1. Cales considera que son os aspectos, axudas ou recursos fundamentais a cubrir para logralo (familias, materiais, alumnado, entorno....)?
  
21. Cales son os principios metodolóxicos que a levan a usar o medio como fonte de recursos e aprendizaxe?
  
22. Hai autores que defenden que a relación do estudiantado co medio e o seu aproveitamento podería fomentar e desenvolver no alumnado a motivación e satisfacción intrínseca necesaria para a adquisición de aprendizaxes significativas. Que pensa vostede ao respecto?
  
23. Que considera preciso facer para estender entre os docentes o uso do medio como recurso educativo?
  - 23.1. Que factores positivos destacaríaa para a súa adopción?
  - 23.2. E negativos?

24. Que teorías ou enfoques metodolóxicos considera que subxacen ao uso do medio nas prácticas educativas?
25. En que medida os seguintes factores favorecen ou dificultan o uso do medio como recurso?
- 25.1. O Currículo educativo oficial?
  - 25.2. A normativa dos centros?
  - 25.3. O entorno rural?
  - 25.4. O entorno urbano?
  - 25.5. A formación (inicial e permanente)?
  - 25.6. O enfoque metodolóxico empregado?
  - 25.7. As experiencias persoais previas de contacto co medio?
  - 25.8. Os materiais e recursos dispoñibles nas escolas?
  - 25.9. Os recursos dispoñibles na contorna?
  - 25.10. As familias (concepcións, actitudes, expectativas..)?
  - 25.11. A organización das escolas?
  - 25.12. O enfoque metodolóxico 'tradicional'?
  - 25.13. O enfoque metodolóxico 'innovador'?
26. En que medida considera que hai diferenzas no rol do mestre cando se usa o entorno como recurso que cando non se utiliza?
27. Cales deberían ser baixo o seu criterio os obxectivos do traballo co medio nas aulas?
28. Que papel considera que teñen os coñecementos previos do alumnado sobre o medio na introdución deste como recurso didáctico?
29. Que efectos cree que produce o traballo co medio como recurso no alumnado?
- 29.1. Nas familias?
  - 29.2. Nos mestres/as?
  - 29.3. No centro educativo?
  - 29.4. Na comunidade?
30. Que papel cree que xogan os libros de texto na aprendizaxe por investigación do medio?
31. Seguindo a Host, os obxectivos de actitudes científicas principais a acadar polo alumnado son: a curiosidade, a creatividade, a confianza en si mesmo, o pensamento

crítico, a actividade investigadora, a apertura aos demais, a toma de conciencia e utilización do medio social e natural.

31.1. Concorda con estes obxectivos?

31.2. Engadiría algún máis?

31.3. Dos anteriores, cal lle parece máis relevante?

31.4. En base á súa experiencia, en que medida considera que o traballo co medio permite desenvolver estes obxectivos?

32. Considera que as condicións laborais dos docentes teñen incidencia á hora de usar o medio como recurso didáctico?

### **Bloque 6: Prácticas de ensinanza no medio.**

As seguintes preguntas versarán sobre a introdución do medio nos currículos así como as prácticas educativas que derivan do mesmo.

#### Planificación curricular. O papel do medio no currículo e nas programacións.

33. Considera que as lexislacións educativas oficiais favorecen o traballo co medio?

34. Para vostede, que papel debería ter o medio no currículo?

34.1. De que modo considera que é posible integralo no día a día das aulas dende o punto de vista das planificacións curriculares?

35. Considera que o traballo co medio favorece e posibilita unha aprendizaxe globalizada tal e como defende o currículo de infantil?

35.1. Concorda co enfoque anterior ou considera que outros enfoques máis disciplinares serían máis adecuados para o uso do medio como recurso?

36. Algúns profesionais da Educación Infantil (como Soledad Aracama), defenden que é posible abordar a maioría de contidos da etapa de infantil a través do estudo do medio de forma globalizada. Que pensa vostede ao respecto?

36.1. E desenvolver os obxectivos xerais de infantil?

36.2. Que opina respecto a que esta autora defenda a idea de que é posible traballar co medio próximo do alumnado dende unha posición construtivista?

37. Mercedes Suárez defende no seu libro "Deseño curricular e investigación do medio" que existen diversas modalidades de incorporación do estudo do medio ás programacións didácticas: A modalidade de integración (na cal as actividades co medio se incorporan sistemática e secuencialmente) ou a modalidade en paralelo (as actividades co medio non respostan a aspectos concretos do programa).

- 37.1. Con cal está vostede máis de acordo? Por que?
- 37.2. Vostede na súa práctica diaria en qué modalidade se basea máis?
- 37.3. Como organiza as sesións?

### Prácticas educativas.

38. Como se introduce o entorno no traballo de aula en Educación Infantil?

- 38.1. Como se seleccionan os recursos do medio a usar?
- 38.2. Como se formulan os obxectivos?
- 38.3. Que criterios sigue para a selección dos contidos?
- 38.4. Que tipo de actividades se derivan do traballo co medio?
  - 38.4.1. Que cousas positivas destacaría das mesmas?
  - 38.4.2. E negativas?
  - 38.4.3. Considera que son máis flexibles que outro tipo de actividades baseadas noutros recursos?
- 38.5. En que medida é posible usar o medio como recurso traballando con materiais de editoriais?
- 38.6. Cal é o papel do alumnado con este enfoque de traballo?
  - 38.6.1. E o do profesorado?
  - 38.6.2. O das familias/comunidade?
- 38.7. Como é a avaliación cando se usa o medio como recurso?

39. Como afecta o traballo co medio á planificación educativa?

40. Usando o medio como recurso de aprendizaxe, como aborda a ensinanza dos seguintes contidos?

- 40.1. A escritura?
- 40.2. A lectura?
- 40.3. As matemáticas?
- 40.4. A expresión plástica?
- 40.5. A expresión musical?
- 40.6. A psicomotricidade?

41. En qué medida considera que as situacións que o alumnado vive no seu día a día nas súas comunidades poden ter potencialidades educativas?

42. Considera que o traballo co medio como recurso na Educación Infantil se pode ver favorecido ou prexudicado polo número de alumnos por aula?

- 42.1. Como é traballar co medio en aulas multigraduadas?

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

42.2. Cree que sería posible traballar co medio en aulas moi numerosas?

42.3. Algunha vez tivo que traballar con alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo?

42.3.1. Repercutiu en algo este factor no traballo co medio como recurso?

43. Que instalacións considera necesarias para o uso deste recurso nas aulas?

43.1. E recursos?

44. Usando o medio como contido didáctico, que aspectos ou contidos son máis difíciles de traballar?

44.1. E máis fáciles?

45. Que grao de utilidade considera que poden ter as aprendizaxes e o desenvolvemento adquirido a través do uso do medio para a vida diaria do alumnado?

### **Bloque 7: Experiencias educativas co medio.**

Por último, centrarémonos na parte máis experiencial, relatando as experiencias vividas co uso do entorno como recurso didáctico.

46. Se fose un día calquera á túa aula...que a vería facer?

47. Que a motivou a traballar co medio?

47.1. Que factores positivos destaca da súa experiencia de traballo co medio?

47.2. E negativos?

48. Que experiencias nas que se involucrou no uso do entorno como recurso en Educación Infantil destacarías como significativas?

48.1. Podería relatar algunha?

48.2. Por que a/as consideras relativa/s ou relevante/s?

48.3. Cales foron os elementos clave desta experiencia?

49. Como se sente traballando co medio como recurso?

50. Segundo a súa experiencia, cal é a actitude das familias respecto ao uso do medio como recurso nas aulas?

50.1. E da comunidade?

---

51. Engadiría algo máis das achegas do medio á educación?

### **A.2. Autorización para a realización da entrevista de E.**

Contamos coa autorización escrita da mestra E para a realización da entrevista, coa explicación do propósito da investigación e a firma da docente en devandito documento autorizando o uso dos datos da entrevista realizada. Sen embargo, coa intención de preservar o seu anonimato non as incorporamos nestes Anexos.

No caso de que sexan requeridas ou reclamadas polo tribunal, serán achegadas no momento da defensa do TFG.

### **A.3. Autorización para a realización da entrevista de S.**

Contamos coa autorización escrita da mestra S para a realización da entrevista, coa explicación do propósito da investigación e a firma da docente en devandito documento autorizando o uso dos datos da entrevista realizada.

Sen embargo, coa intención de preservar o seu anonimato non as incorporamos nestes Anexos.

No caso de que sexan requeridas ou reclamadas polo tribunal, serán achegadas no momento da defensa do TFG.

#### A.4. Entrevista de E transcrita.

##### DATOS DA ENTREVISTADA:

- Idade: 43 anos
- Sexo: Feminino.
- Plan de estudos na obtención de título de mestre/a: Mestra en Educación Primaria + Pedagogía.
- Anos de experiencia na profesión: 11 anos.
- Nº anos de docente en educación infantil: 9 anos.
- Experiencia en outros niveis: primaria.
- Lugar de residencia: semi-urbano
- Localización da escola: semi-urbano.
- Tipo de escola: graduada
- Anos de permanencia na escola actual: 2 anos.
- Anos experiencia escola rural? Non.

##### DATOS DA ENTREVISTA:

- Data: 2 de Maio do 2017.
- Hora de comezo: 16:00h.
- Hora de remate: 17:26h.

1

#### **Bloque 1: Bases de coñecemento profesional. Formación docente.**

En primeiro lugar, gustárame que me comentara aspectos referidos á súa formación como docente.

#### **1. En que medida a educación universitaria recibida foi de utilidade para o seu desempeño profesional como mestra de Educación Infantil?**

Claro, eu son mestra en educación primaria, a formación que cursei foi en educación primaria e claro, iso non ten moito que ver. En que medida? home podo falar por exemplo dos distintos tipos de métodos de aprendizaxe que nos ensinaron para despois poder usalos nas aulas, por exemplo a aprendizaxe construtivista, por exemplo os nenos poden aprender da observación, da exploración cos obxectos, de mediar entre eles, da conversación, é dicir, esas son cousas fundamentais que si que nos fixeron moito fincapé ao longo da carreira.

Pero claro, en EP a didáctica é distinta en EI, onde realmente me valeu a min bastante ben para poder traballar en EI aínda que pareza mentira foi o tema da oposición. No tema da oposición os temas que había que preparalos danche uns temas que é unha base pero a partir de aí tes que desenvolverlos. Entón, ca base que eu tiña de pedagogía e de maxisterio puiden ampliar eses temas e si a bagaxe cultural que eu tiña de estudar antes servíume para ampliar os temas da oposición para educación infantil.

Entón eu vexo que en EI o que se basea é sobre todo en usar o xogo para a aprendizaxe, algo que por exemplo en primaria non se utiliza tanto. Primaria aínda que queiramos usar métodos innovadores estámonos anclando aínda en métodos tradicionais, é o que hai.

**1.1. Facíase na carreira algunha alusión ao medio?** Alusións ao medio...si.

**1.2. Facíase na carreira algunha alusión ao rural?** Tamén si, si..si, porque realmente nós víamos casos prácticos.

**1.3. Que considera que sería preciso cambiar para mellorar a formación do profesorado?**

Máis práctica, o que considero é que realmente se nos acerque máis a realidade das escolas, e non tanto desde a teoría, está moi ben que nos digan pois, pois o que por exemplo nos comentaba Vigotsky somos seres sociais, necesitamos interactuar cos demais, vale está moi ben claro que si, pero acercarnos a realidade das escolas, a realidade das aulas, iso onde mellor se ve e mellor se aprende é como profesores de prácticas, cando facemos os prácticums eu daquela non tiña uns prácticums tan longos, pero aí é onde de verdade aprendes, e onde de verdade aprendes, e tamén onde de verdade te decepcionas. Aí tamén aprendes a ser crítico, e aprendes da propia práctica.

**1.4. Ao longo da carreira traballachedes cuestións relacionadas co medio como recurso didáctico?** Si, si. E co medio natural sobre todo.

**Por exemplo acórdaste de algunha práctica en concreto?**

Si, nos temos tido profesores que incluso nos sacaban ao campo, había unha profesora moi activa, moi dinámica, e a verdade e que nos quería crear un interese pola natureza, sacáranos, incluso fóramos ao monte Pedroso, fóramos ver as árbores, os procesos de erosión, e dicir cousas que eran tan sinxelas que as aprendemos cando éramos pequenos pero que agora estábamos repasando xa con outros criterios máis cultos, máis científicos, máis técnicos... Entón ela gustábame porque nos levaba á practica diaria fóra no entorno e logo nos dicía como tíñamos que traballala na aula.

Aprendías moito, eran coñecementos que parecía que xa sabías pero sacabas as túas propias conclusións. Tamén despois había moita teoría, moita teoría, que bueno, a min paréceme moi importante pero que non a estamos aplicando. Eu creo que necesitamos máis realidade coas aulas, máis ver esa aula diaria que cambia cos anos...vai cambiando, por iso se necesita cada vez máis contacto coa escola de agora.

**1.5. Que che aportou a formación inicial como mestra para traballar co medio na escola? Foi efectiva?**

Si,si que me foi efectiva, o que pasa que eu para traballar co medio eu o que fago é buscar, buscar e formarme. Onde tamén saquei partido foi en pedagogía, en pedagogía parece mentira pero cos traballos aprendese moito, era onde máis partido lle sacaba e despois onde máis o rentabilicei nas aulas.

**2. Moitos autores falan da importancia da formación continua para a mellora da docencia e a educación. En que medida compartes esta idea?**

Si, é fundamental, necesítámolo, e máis cas novas tecnoloxías que temos hoxe en día, e os programas que nos están vindo, os proxectos novos que nos están vindo, se nos quedamos anclados...en que nos quedamos anclados, na escola tradicional?

**2.1. Realizaches actividades de formación continua durante a túa carreira profesional?** Si, e sigo realizando.

**2.1.1. Se a resposta é afirmativa, que che aportaron en relación co uso do medio como recurso?**

Claro eu realmente o que fixen foi máis que nada formarme no uso das linguas e tamén co tema das novas tecnoloxías, non fixen ningún curso específico en relación ao uso do medio, pero bueno, eu teño bastantes libros na casa e hoxe en día grazas a internet...o que si realmente, se nós non podemos ir ao medio o medio ven aquí a aula, e dicir, sempre vai saír na aula. Por exemplo eu estou integrando na aula agora cando estamos facendo o tema o medio natural, por exemplo dos hortos, facémolos aquí dentro da aula porque realmente fóra o espazo non nos brinda un espazo determinado que bueno, temos moito espazo pero non é o idóneo, pois facémolo aquí, e os nenos aprenden moitísimo a partir da observación, da exploración, da manipulación..é como mellor aprenden.

**3. En canto á formación docente, para o traballo co medio, consideras que é necesario recibir unha formación específica?** Eu creo que si eh, que non ven mal, porque senón o docente vese na obriga de buscar información pola súa conta.

**3.1. En caso afirmativo, en que se centraría?**

Pois en tódolos ámbitos, non soamente no natural...no social, no cultural, porque no cultural pode abarcar moitísimos temas, eh... eu creo que no social, no cultural e no natural.

**3.2. Ti consideras que te formaches adecuadamente neste ámbito antes de comezar a desenvolver a túa experiencia sobre o traballo co medio na aula?**

Si, porque realmente non te podes cingir ao que che deron especificamente a túa formación, como sempre temos que formarnos, cada vez que queremos traballar algo determinado antes temos que estudalo e preparalo, entón realmente para min foi suficiente, pero claro, tes que ter un interés de formarte e de intentar ampliar coñecementos, porque senón.

**4. Ao comezo da túa etapa de traballo como docente xa traballabas co medio como recurso?**

Eu sempre o tiven integrado na dinámica da aula eh, e que hai que telo integrado na dinámica da aula, suponse que a educación infantil é globalizada, pois temos que globalizar todos os contidos, e este é un contido máis que temos que globalizar.

#### **4.1. En caso afirmativo, percibes algunha evolución dende o comezo ata agora en relación co aproveitamento didáctico do medio?**

Si, si porque o que che vale a bagaxe da experiencia é iso, váleche para que realmente cousas que saíron ben as sigas aplicando, as que non saíron ben non as sigas aplicando- Despois tamén para ampliar ti coñecementos buscando, porque hoxe en día temos tantos recursos a man...non é como antes que tiñamos que buscar nos libros, estábamos eternidades. Agora poñémonos en internet e atopamos grandes cantidades de cousas, entón si a min suponme bastante.

### **Bloque 2: Ideas xerais sobre a Educación Infantil.**

Realizaremos a continuación algunhas preguntas respecto á Educación Infantil e comprender así algunhas das súas concepcións ao respecto.

#### **5. Como crees que aprenden mellor os nenos e nenas?**

Os nenos e nenas de educación infantil o que necesitan é ...claro, hai moita teoría, eu voume fundamentar á práctica, o que necesitan aparte de traballar co xogo, que si que efectivamente facilita a construción do coñecemento. Aparte diso necesitan manipular para poder eles mesmos facer os seus conceptos, as súas ideas na súa cabeza, porque senón eles non entenden as cousas, porque eles non están nunha etapa de operacións abstractas, aínda están construíndo os seus propios coñecementos, entón, para min o fundamental é a observación e a exploración e a a partir de aí eles constrúen os seus contidos.

#### **6. Cales crees que son as actividades máis importantes a realizar en Educación Infantil? Por que?**

Eu creo que a EI o que ten que facer é abarcar un pouco todo. Falamos de que é globalizado, entón as actividades máis importantes, pois mira, para min, facer as rutinas, porque os nenos hai que pautalos, as rutinas teñen unhas normas, hai que tratar de cumprir eses hábitos, eles están aprendendo responsabilidades, a ser máis maduros, máis maiores, e aparte se se sae dese esquema os nenos séntense perdidos.

Bueno, iso nas rutinas, que ocorre, que depende como llas encouces, depende que lles queiras tratar de ensinar, eu...mm recoñezo que como son de Educación Primaria a min gústame nas rutinas non soamente poñer o día, quen é o encargado, sacar partido ás

tonterías de que dicimos bah, que día e hoxe? A partir de aí os meus nenos van aprendendo os días da semana, e non os vamos aprender só en galego, tamén en castelán, en inglés...para que se vaian situando porque as nocións temporais tamén son importantes. Que hoxe é o día dous? pois vamos estudar ata o dous...se estamos no 31? pois estudamos ata o 31, pois fano ata o 31! os nenos son como esponxiñas e como llo fagas en plan xogo iso axuda a que eles están máis entusiasmados e o fan. Eu teño nenos que me din profe, cuando vamos a traballar? Eque...xa vai sendo hora non?

Entón, temos que abarcar moitos contidos e a partir da rutina podes sacar partido a moitas cousas. Tamén a partir do que contan podemos sacar temas de coñecemento, porque precisamente cando fan interacción entre iguais tamén están construíndo o seu coñecemento.

Despois, despois si a min gústame traballar por un orde, da igual, que teñas un método que teñas un proxecto bueno pois intentar abarcar, hai que facer unha actividade de lectoescritura, bueno, pois xa que estamos en 3 anos repasaremos unha letra U, ou repasaremos unha letra A relacionada coa primavera. Se tratamos de relacionarlllo todo eles ao mesmo tempo vano ver máis motivador e vaille gustar máis. Que se vamos a facer o da lóxica matemática, pois bueno podemos facer o trazo do número 2... os materiais? adáptalos, aínda que teñas un método adáptalo, porque eu non sigo as páxinas por orde, eu vou collendo as páxinas que me dean mais xogo no día, ou dependendo dos contidos que esteamos traballando. Realmente eu vexo que en EI é así, por moito método que teñas sempre xorden proxectos e temas de interese. A min gústame crear unhas cantas fichas en torno a ese tema de interés, para que os nenos consoliden un pouquiño máis o coñecemento, asenten máis os coñecementos, porque senón pasou voando ese coñecemento e xa non se acordan máis.

**6.1. E as menos? Por que?** A min parécenme todas importantes.

**6.2. Que habilidades consideras máis relevantes a acadar na sociedade de hoxe en día na etapa de Educación Infantil? Por que?**

Habilidades?... Home..habilidades...depende en que aspecto sexa habilidade, por exemplo en competencias lectoras? en habilidade de lectura, de escritura, de matemáticas, de interacción cos demais? Depende de qué.

En EI hai papás e profesores a subestiman, bah, Educación Infantil, pero a min paréceme un asentamento moi importante,é dicir que os nenos vaian dende pequeniños ben asentados e ben traballadiños onde realmente estean postas esas pautas, esas rutinas, onde realmente se lle de unha base de traballo, a min paréceme fundamental en EI inicialos

pero ben iniciados na lectura e na escritura, para que despois estes nenos teñan unha boa base cando cheguen a primeiro, para despois cando traballen en primaria, e despois a partir de aí van ben. Eu fíxome que hai nenos que cando teñen unha mala base en primaria xa o collen mal, e cando van mal en primaria, en 1 e 2 cando cheguen a 3 hai que ter moito coidado, é un curso moi duro, entón non deixemos que os nenos fracasen tan pronto.

Eu creo que é importante que os nenos teñan unha boa bagaxe cultural, de contidos que poidan aprender con nós en EI, para que despois lles facilite a educación primaria e a educación secundaria, para min é fundamental, e despois lles facilite a súa interacción no mundo social. Haberá nenos que dependendo das súas capacidades sacará máis ou menos partido, sabemos que cada neno ten o seu ritmo de aprendizaxe. Polo menos tratar de que non soamente sexan persoas con estes contidos ben establecidos, que tamén sexan persoas que respecten aos compañeiros, que non molesten, *tonterías* que parecen *tonterías*, pero se non se acostuman, se van con esas malas costumes, ese neno con 17 anos cando vaia á sociedade de hoxe en día e que non queira estudar, quen vai aguantar a ese neno? non o aguanta nin seu pai nin súa nai, pero bueno. En EI nós trataremos de asentar coñecementos e tamén normas, pero iso tamén ten que vir da casa e está pasando que da casa non ven.

É fundamental a colaboración escola familia, e non se está levando a cabo, non se está levando a cabo porque se a escola lle está recomendando a un pai determinado a un neno determinado que ten unha problemática xa en infantil e ese pai non escoita, di que '*sisisisi*', pero total non o está facendo. Bueno, pois cando o neno chegue a primaria, pobre dos meus compañeiros pero pobre tamén dos seus pais, porque os meus compañeiros e eu ao fin e ao cabo estamos só cinco horas con el, seus pais van a estar toda unha vida, e que tipo de neno vai ser, que tipo de chico ou de chica vai a integrarse na sociedade? Esas son as miñas preguntas, e non podemos ser tan permisivos.

## **7. Hoxe en día hai algunhas metodoloxías en auxe nas aulas:**

### **7.1. Que opinas do traballo cooperativo ou colaborativo?**

Cooperativo con outros compañeiros ou con outras aulas - *si* - para min é fundamental, e que en EI e en EP , e que tes que colaborar cos demais compañeiros, porque todo xira arredor de centros de interese, entón a min o que me parece surrealista, o que me parece moi triste, é que hai compañeiros na profesión que se illan, e que traballan eles solos...isto non é unha competitividade. Nos trataremos de fomentarlle aos nenos o mellor proceso de ensino aprendizaxe, pero para elo temos que colaborar con compañeiros,

porque aquí un non é perfecto eh, temos que sacar ideas de todos os lados, entón parécese fundamental.

### **7.2. Como definirías o termo "aprendizaxe significativa"? Como a valoras?**

A aprendizaxe significativa é fundamental, para min se non hai aprendizaxe significativa non hai aprendizaxe. O obxectivo é que os nenos e as nenas acaden unha aprendizaxe significativa en torno a un tema e vai ser significativa sempre e cando o relacionen cos seus contidos previos, coas súas ideas previas. Entón se non relacionan un novo contido coas súas ideas previas entón que tipo de aprendizaxe está adoptado este neno? Bueno pois a min iso parécese máis un neno de primaria, que intenta aprobar un exame, pero aquí non estamos para aprobar un exame, porque despois ese contido alá vai, así como lle entrou así se foi, e cando é significativa esas aprendizaxes son as que lle dan unha bagaxe para poder aprender máis coñecementos, para aprender, para poder estruturar os contidos na súa mente.

### **7.3. Como definirías a "aprendizaxe por descubrimento"?**

Eu defínoa como aprendizaxe baseada na exploración, por exemplo, cando traballamos cun proxecto, que é o que queremos saber? que é o que queremos facer? pois non sei, calquera tema. Eu teño traballado moitos proxectos, as mariscadoras, os golfiños. Entón a partir de aí, a partir do tema, pois podemos dicirlle aos nenos sacar temas que a eles lles interesen e a partir de aí ti elaborar o teu propio proxecto, saber o que queren saber os nenos, o que queren coñecer, o centro de interese, ou senón formularllo ti, formularlle varios...ou a veces é un tema que se relaciona co centro de interese do colexio.

Entón a partir de aí para min é unha aprendizaxe por descubrimento no sentido de que ti preguntas aos nenos e preguntas que é o que saben dese tema, entón eles empezan a relacionar, eles están construíndo as súas propias ideas, dan as súas conclusións... o máis importante é saber cales son as súas ideas antes de aportarlle ningunha información. A partir de aí, que é o que queredes saber? é cando lle aportas unha información, e onde podemos buscar a información? hai moitos recursos de onde sacar a información, depende do que queiras traballar, se queres traballar co entorno natural podes saír ao entorno natural, neste centro si que se nos facilita moito o entorno natural, podemos tamén facer visitas guiadas, ou usar cousas como internet, que hai moitas imaxes e vídeos cortiños de *youtube* que aos nenos lles parecen interesantísimos.

Entón a partir de aí eles van descubrindo e entón a partir de aí elaborar fichas onde pequenos aprendizaxes que tiveron os nenos, plasmalos nas fichas a min parécese fundamental, pero bueno, para min a aprendizaxe por descubrimento non é

basearnos soamente en ideas previas, observar, explorar, ...tamén temos que plasmalo nun papel para que quede constancia, non só para que quede constancia conforme fixeches un proxecto para os pais, iso a min non me importa, a min o que me importa é que o repasen, que o mirenen...e aí teñen os seus contidos, aí teñen as súas aprendizaxes.

#### **7.4. Como definirías o “enfoque de proxectos”?**

Ter en conta que queren saber os nenos, e que os proxectos pódense partir das ideas dos nenos ou da idea do profesor. Entón, a min paréceme máis iso que haxa una..que non sexa tanto partir dos nenos nin tanto partir do profesor, que haxa unha colaboración entre ambas partes. E despois a partir de aí saber as ideas previas dos nenos, que os nenos fagan preguntas, e a partir de aí ensinarlles, e para iso podemos basearnos en moitos recursos, libros, contos, e novas tecnoloxías...

#### **7.5. Que opinas do método de traballo con “fichas”?**

O método de traballo non pode basearse só en fichas, é dicir, a ficha para min é complementaria e para asentar un pouquiño máis os contidos e coñecementos que se lle están dando, para que asenten máis o coñecemento, pero antes fundamental en EI é observar, explorar, manipular, xogar é dicir, non podes basearte nunha ficha, non estamos en primaria. Incluso chegan en primaria nenos que son moi inmaduros que chegan coas operacións abstractas que non as teñen aínda que estean na idade, e tamén necesitan manipular para poder aprender, para canto máis en EI.

### **8. Notaches co paso dos anos cambios nas túas ideas sobre a educación en Educación Infantil?**

Si claro, e aparte que eu realmente son unha persoa que veño de primaria, entón eu de educación infantil....o que fun foi experimentando, isto funcióname isto non me funciona, e cada ano sempre fago cambios, e a partir da propia experiencia....iso é o que máis vale.

### **9. Que funcións consideras que posúen no proceso de ensino-aprendizaxe:**

#### **9.1. Os mestres/as?**

O mestre, o mestre, a ver, o mestre é un mediador, a min paréceme que é un mediador entre o contido que se lle pretende ensinar, ata que chega o neno, a partir de aí ti tes que interactuar cos nenos e tratar de ofrecerlle o máis motivador posible ese contido, entonces en EI o que ten que facer o mestre é interactuar cos neons e saberlle chegar aos nenos.

Aos nenos tamén hai que esixirlles, e ser duros con eles, porque os nenos podente coller polo *pito do sereno*... pero ti interacciona con eles, se amigo deles, ao mesmo tempo saberlle poñer unhas normas e pautalos e despois mediar, e ver cal é a mellor maneira de

motivalo para que aprendan este contido, porque senón os nenos...van estar na pampa sendo pequeniños, sobre todo cando os colles con 3 anos que son bebés.

### **9.2. Os nenos/as?**

Os nenos non os podemos definir como simple receptores, porque a min paréceme fundamental que haxa entre eles..., que tamén constrúen o seu coñecemento, por exemplo na asemblea a través da conversación, e entón realmente estano construíndo, están construíndo a súa aprendizaxe. Unha interacción entre iguais e entre o profesor e os nenos, para que os nenos constrúan, porque claro, entre o que ti transmites e entre o que eles constrúen na súa cabeza....pobres tamén, pero bueno, que traten de construír o máis real posible.

### **9.3. As familias?**

As familias o que terían que facer é colaborar, a min paréceme que tiñan que poñer como máis interese en colaborar, en participar, en non desacreditar ao profesor...a familia o que me gusta e sobre todo onde poden colaborar? Cando traballas un método que che ven dado, como cando cheguei este ano a infantil, pero cando ti traballas con proxectos pódennche aportar moitas cousas para o proceso.

Poden colaborar de moitas maneiras, por exemplo eles saben que estamos facendo un horto, que estamos plantando sementes e como a partir de iso está saíndo unha planta, que os nenos alucinan por cores, os pais saben que facemos iso porque os nenos contan todo, e poden colaborar, ou poden preguntar se poden colaborar.

Este ano na clase do lado houbo uns pais que colaborando contando coles, ou ensinando algo por exemplo das súas hortas....temos o medio rural cerca, home non estamos no medio rural pero podemos... os avós poden estar no rural e ensinarnos algo, aínda que sexa a través de fotografías , e dicir, a min paréceme fundamental porque aos nenos motívalles moito máis, entón esa aprendizaxe aséntase moito mellor.

### **9.4. A comunidade?**

A comunidade é fundamental. Por exemplo este ano a comunidade colaborou no sentido do tema da reciclaxe, e o concello colaborou, cadrou que puxeron unha actividade e viñéronnola ensinar...entón a min paréceme fundamental.

## **Bloque 3: O medio.**

Adentarémonos neste apartado no núcleo da entrevista, o medio.

### **10. Como definirías o termo 'medio'?**

O medio é todo o que nos rodea, falamos do medio social, da nosa sociedade, da nosa comunidade, o medio cultural... toda a bagaxe cultural que nos rodea, aquí ao lado de Santiago temos unha bagaxe cultural que lle podemos sacar moitísimo partido, nós este ano estamos traballando o camiño de Santiago...ademais Galicia en bagaxe cultural abonda bastante e pódese sacar moito partido á bagaxe cultural de cada zona. Por exemplo nós en cada trimestre traballamos a bagaxe cultural nas festas: no samaín, ..temos que lembrar moitas antigas tradicións, os Maios...

E o medio natural, que imos a dicir? podemos sacarlle moitísimo partido, nós este ano imos facer tamén unha saída aí a unha carballeira, imos traballar un pouquiño o medio natural, e se non podemos saír, podémolo traer a nosa aula, manipulando, observando pequenas cousas aínda que sexa unha macetiña ou usando as novas tecnoloxías.

### **10.1. Que axentes implica?**

A min parécenme fundamental os concellos, e así o están facendo, o noso concello de estao facendo bastante ben que sempre fai moitas actividades, esta actividade da carballeira foi proposta polo concello. Ou incluso che propoñen actividades culturais, ir ver unha obra de teatro, ir a facer unha saída a tal sitio...por exemplo unha exposición...a min paréceme fundamental, porque senón quédase moito na teoría, non damos saída.. Necesitamos á ANPA, é fundamental tamén, e esta de aquí está traballando moi ben, traballou moito este ano, colaboraron moitísimo no carnaval..o que fai falta é ter xente que queira traballar, pero paréceme fundamental.

### **10.2. Que áreas abrangue (local, autonómica, estatal, global...)?**

Temos que partir sempre do máis próximo, que sería o local, a partir de aí, claro que realmente nos abrimos máis, que os nenos non teñen unha mente tan aberta para...traballamos co global pero dende o local, dende o noso contorno, dende o cercano, para que sexa unha aprendizaxe máis motivadora e significativa.

### **10.3. Persoalmente, como valoras o medio como recurso?**

Ome é fundamental, non podemos ter un proceso de E-A sen contar co medio, non podemos, é básico.

## **11. Na época actual na que a globalización está exterminando pouco a pouco as particularidades dos contextos locais, en que medida consideras que o traballo co medio na escola pode axudar a fomentar a cultura e patrimónios endóxeos dun determinado contexto?**

É fundamental. A EI xa se basea en que todo sexa globalizado, por iso non temos estipulado todo por materias, entón, é fundamental. É máis, a maioría de proxectos que se veñen

formulando en EI, (eu este ano como teño un método dado xa non podo facelo), a maioría de proxectos de EI deben partir do noso medio, e realmente paréceme fundamental.

Aquí en Galicia hai moitísimos factores de cultura que podemos traballar, entón en cada zona podemos explotar a cultura por así dicir que temos, e en Galicia máis ou menos son moi parecidos, pero bueno, cada provincia ou zonas de mar son diferenciados, e bueno en EI pódese traballar a partir de aí. Tamén vas enfocando as actividades de E-A, vas enfocando as fichas de lóxica matemática, as fichas de lectoescritura, e a partir dun tema común por exemplo o camiño de Santiago, e a min paréceme fundamental tamén aparte que os nenos vaian coñecendo parte do noso patrimonio, algo que a veces pasa que non se coñece. Eu cando estiven en Padrón traballando había nenos de 5º, 4º, que non sabían quen era Rosalía de Castro.

## **12. En que medida consideras que empregas o medio como recurso na túa aula?**

Eu estouno usando en practicamente todas as actividades, porque realmente en todas as actividades o uso, por exemplo en actividades de mesa estase usando como recurso, estase traballando actividades relacionadas co medio, se non é natural é cultural, se non é cultural é social, sabes? practicamente estalo utilizando en todo.

## **Poderías dar algún exemplo máis concreto?**

Eh, sería o horto por exemplo co medio natural, por exemplo co medio..cultural por exemplo os temas que estamos facendo este ano que estamos facendo as fichas do camiño de Santiago, eh...dos peregrinos, do tema de, por exemplo, de que podían levar nas mochilas...despois por exemplo en cultural agora por exemplo imos mirar os Maios, vaixe ver o das letras galegas agora para o mes, viuse o samaín, o Nadal...o magosto.. Entón, como o vamos a traballar? pois traballámolo coa práctica, por exemplo no magosto facíamos xogos e tamén con fichas, eu sempre lles fago fichas onde poidan sacar unha aprendizaxe tamén, non soamente do que ven e do que observan e do que exploran...e das plantas tamén, das plantas das sementes e das follas, hai unha ficha na que realmente temos unha semente que se lle pon o algodón e a partir de aí sae unha planta pois poñelo tamén plasmalo para que o poidan ver, non só a través da observación.

## **13. Percibes cambios en relación co uso do medio como recurso nas aulas dende que comezaches a túa labor docente?**

Si, si, si porque nos estamos máis acercando case, ehh... bueno, polo que estou vendo na miña experiencia, eu antes non era moi partidaria de.. dicía bueno, pois mira, eu prefiro traballar cun material que me veña dado, pois bueno, porque non tiña tanta experiencia,

(bueno tampouco teño tanta experiencia agora), entón acabas de empezar a traballar, non é que teñas demasiadas tablas para traballar....entón eu non era partidaria dos proxectos, pero a min os proxectos parécenme máis enriquecedores ca os métodos, xa que podes abarcar máis cousas, e eu creo que aprenden mellor ou máis ca cos métodos. Entón cando traballo cos proxectos procuro basearme en cousas presentes no noso entorno, para que sexa significativo. Aos nenos vailles atraer sempre máis do que teñen ideas previas.

#### **14. Consideras que todos os contextos e ambientes son igualmente válidos para desenvolver experiencias de traballo co medio nas escolas?**

A ver, non todos os contextos son idóneos para traballar co ambiente, pero ti como profesor tés que adaptalos e ti a veces te atopas pois nun ambiente que non tes case recursos, pois non, non deixes para a improvisación, planifícalo, buscas, buscas información... Entón eu penso que todos os ambientes son propicios, pero hai que adaptalos, para iso tes que buscar recursos.

##### **14.1. Crees que é posible traballar co medio tamén nun entorno máis urbano?**

Si. Ademais temos que darllo a coñecer os nenos, que algúns non saben nin de onde saen as cousas, non soamente o natural aí xa me refiro máis ca nada ao natural non?, porque o social e o cultural no urbano, vale xa se sabe que se vai traballar imaxino, pero a veces o natural non.

##### **14.2. Que pasaría se tivese que impartir docencia nun contexto con pouca riqueza ambiental e cultural?**

Non, eu creo que non hai nada con pouca riqueza ambiental e cultural, límites non temos, entón un profesor ten que ter tablas suficientes para dicir, non, non, isto estará escaso, é como unha habitación que está pelada, tes que buscar os elementos para decorala.

##### **14.3. Que faría se os nenos/as non estivesen motivados para usar o medio como recurso?**

Realmente se non están motivados é porque falla algo, e realmente ese centro de interese non é tal tema de interese, porque igual lle estás propoñendo un tema que non ten que ver nada con eles nin coa súa realidade, entón, que lles vai interesar? Propónlle temas que teñen que ver co seu entorno, e verás como realmente lle creas unha motivación. Os nenos meus por exemplo alucinaban cando vían crecer a semente, como subía a planta para arriba, moitos nenos non sabían que pasaba iso.

#### **15. Moitas veces os valores e ideais dos mestres e mestras son os que determinan en certa maneira as súas prácticas; consideras que hai uns valores xerais inherentes ao uso do medio como recurso?**

Home, si que hai eh, eu creo que si, porque todos os anos é igual, dependendo se te cambias para infantil, dependendo se te cambias para primaria, pero eu creo que si que teñen esquematizados os valores que van a traballar.

**15.1.Crees que ademais os nenos/as, empregando o medio como recurso, poden adquirir tamén uns valores ou actitudes singulares?**

Totalmente, de concienciación da nosa cultura, de proximidade, de coñecemento da cultura, de todo, de respecto ao medio natural, respectar máis as plantas, os animais, o noso entorno, porque é no que imos vivir sempre, e conciencialos, facelos máis responsables, máis maduros...

**16. Que pensas que aporta o traballo co medio no desenvolvemento dos nenos e nenas? (aspectos positivos e negativos)**

Forma parte do seu desenvolvemento integral, é dicir, o que dicimos antes, todos os contidos teñen que ser globalizados, todos xiran entorno a desenvolver un individuo integral...a min paréceme fundamental que leven unha boa base de todo o que os rodea, e non só de coñecementos, tamén de respecto, de responsabilidade co que os rodea, de coñecemento...

**16.1.Crees que o traballo co medio achega algo ao desenvolvemento que non sería posible acadar sen usar este recurso?**

Claro, e que é fundamental para o desenvolvemento integral dos nenos.

**16.2.E á aprendizaxe?**

Pois moitas, de valores, de contidos, se non nos achegamos ao medio vale, van aprender contidos, pero non van a ser tan significativos, sobre todo valores, son fundamentais, e a veces por esa ansia de coñecementos déixanse un pouco atrás.

**16.3.Pensas que este tipo de aprendizaxes se diferenciarían de outras aprendizaxes adquiridas por métodos de coñecemento máis tradicionais?**

Si, si, é o que dixeran antes, unha aprendizaxe máis significativa, moito máis valedeira, vai quedar máis arraigada.

**16.4.Consideras que hai diferenzas destacables cando se traballa co medio na escola en relación coa forma de abordar os contidos?**

Si si, hai moitas diferenzas,non é o mesmo formular un tipo de ensinanza tradicional ca un tipo de ensinanza na que ti te bases no teu entorno e a partir de aí propoñer actividades e traballar ca manipulación, porque aí xa se traballa doutra maneira, non é unha clase maxistral.

**16.4.1. E en relación coa metodoloxía?** Claro, a metodoloxía é distinta, non ten nada que ver.

**16.5. En que medida consideras que aproveitando o medio como recurso de aprendizaxe poderíamos obter coñecementos únicos moi dificilmente acadables dende outros enfoques?**

A ver, con métodos tradicionais tamén podes realmente adquirir aprendizaxes, o que pasa é que son aprendizaxes que non están tan consolidadas, vanas esquecer, pois están aí para traballar nun tempo determinado pero vanas esquecer con facilidade e non as van a usar noutros contextos. Para min é fundamental que a aprendizaxe que adquiran a apliquen a outros contextos, esa é a aprendizaxe significativa.

**Bloque 4: O medio e a sociedade.**

A continuación analizaremos a relación entre o medio e a sociedade.

**17. Que relación debería manter a aula/escola coa sociedade (familias e habitantes da comunidade) na que se ve inmersa?**

Antes dixemos da colaboración que é fundamental entre escolas e familia, é fundamental entre escola e todo o entorno que a rodea, entón por exemplo paréceme fundamental que haxa unha colaboración dos grandes organismos como pode ser os concellos, incluso os centros de saúde. Que ocorre, que esa tradición por así dicir non se leva a cabo, que é moi bonito que estaría moi ben que nos ofreceran información, pero non se leva a cabo. Pero polo menos os concellos, os pais a nivel persoal e incluso a través de asociacións de pais, paréceme fundamental.

**17.1. Consideras que te apoian en relación co aproveitamento didáctico do medio e os seus recursos?**

Ome, hai anos en que hai asociacións que parece que queren colaborar e mandan así actividades que parece que están interesantes, e bueno, pero hai anos que non hai nada, e os concellos apóiante pero con dúas ou tres actividades ao ano, e as actividades non están adaptadas a todas as idades, porque a veces mándanche unha actividade e é para nenos de primaria. Entón o ideal é que tamén pensaran nos nenos de infantil. Despois por exemplo hai ANPAS que non teñen tanto poder adquisitivo como para apoiarte, como para facer algún tipo de actividade, de información que tampouco fai falta gastar pero bueno, non hai tanto apoio como o que se quixera.

**Bloque 5: Formulacións educativas en relación ao medio.**

Neste bloque profundizaremos en cuestións arredor da explotación do medio como recurso educativo.

**18. Por que introducir o medio como recurso relevante no traballo na Educación Infantil?** Porque é fundamental para o desenvolvemento integral do individuo, do adulto, do neno, do futuro membro da sociedade.

**19. Cales consideras que son os aspectos, axudas ou recursos fundamentais a cubrir para logralo (familias, materiais, alumnado, entorno....)?**

Nós temos que contar con todo o que nos poida rodear por exemplo en canto ao social os pais, as administracións, con todo o que nos poidan aportar, o cultural, todo o que nos poidan aportar, e tamén co natural, o que nos poida aportar, e se non nos pode aportar buscar os recursos para ofrecerlle aos nenos.

**20. Que consideras preciso facer para estender entre os docentes o uso do medio como recurso educativo?**

Pois, iso a través de traballos, a través de traballos que teñan un punto de interese, un tema determinado, pois.. por exemplo se estás nun departamento como normalización lingüística, claro, un profesor particular non vai propoñer nada para todos os profesores, pero se ti estás nun departamento podes propoñer traballos a nivel de centro, e normalmente colaboran todos os profesores. A partir de aí podes traballar moitas cousas, e despois dependendo da estación e do trimestre.

**21. Que teorías ou enfoques metodolóxicos consideras que subxacen ao uso do medio nas prácticas educativas?**

Pois coas teorías de...Eu a teoría xa case non me acordo, onde vai xa que non leo un libro de pedagogía, de didáctica, pero si que realmente as metodoloxías eu basearíame na práctica, na observación, na exploración, na manipulación.. para min son fundamentais, falando de infantil e de primaria tamén.

**22. En que medida os seguintes factores favorecen ou dificultan o uso do medio como recurso? *Crees que inflúen no uso do medio como recurso, crees que os favorecen?***

**22.1. O Currículo educativo oficial?** Si, si que potencia.

**22.2. A normativa dos centros?** Tamén, fai fincapé, si.

**22.3. O entorno rural?** Si.

**22.4. O entorno urbano?** Mm, si, favorece...dependendo do profesor aí xa.

**22.5. A formación (inicial e permanente)? A formación inicial?** Si, si.

**22.6. O enfoque metodolóxico empregado?** Si, si.

- 22.7. As experiencias persoais previas de contacto co medio?** Si.
- 22.8. Os materiais e recursos dispoñibles nas escolas?** (silencio) Home... o que ten infantil é que se explota todo, entón realmente si que se pode sacar partido a pequenas cousas que teñas.
- 22.9. Os recursos dispoñibles na contorna?** Si.
- 22.10. As familias (concepcións, actitudes, expectativas..)?** As familias.
- 22.11. O enfoque metodolóxico 'tradicional'?** Non tanto, non o favorece tanto o tradicional.
- 22.12. O enfoque metodolóxico 'innovador'?** O innovador...traballando a partir do descubrimento si.

**23. En que medida consideras que hai diferenzas no rol do mestre cando se usa o entorno como recurso que cando non se utiliza?**

Ehh.. o profesor claro que ten un papel fundamental, porque realmente é a persoa que ten que tratar de transmitirle esa información aos nenos, e ten que tratar de, de.. de facer por así dicir de mediador entre o coñecemento e os nenos. Non é o mesmo dunha maneira tradicional que baseándose en moitos recursos, incluso realizando saídas á natureza e saídas culturais.

**24. Cales deberían ser baixo o teu criterio os obxectivos do traballo co medio nas aulas?**

Eu creo que se debería adquirir concienciación por parte dos nenos, concienciar aos nenos do medio social cultural que os rodea, (silencio) facilitar por exemplo que os nenos saquen partido aos propios recursos que haxa no seu entorno natural. Ehh... que máis, non sei....respectar máis o seu medio natural, adquirir un coñecemento progresivo de costumes da zona determinada, ehh.. adquirir un respecto cara os demais membros da sociedade, e tamén cara as normas da sociedade. Responsabilizarse ante determinados feitos na sociedade, ante determinadas normas, acadar uns valores na sociedade. É dicir, moitos obxectivos se poderían poñer.

**25. Que efectos crees que produce o traballo co medio como recurso no alumnado?**

Eh, si, a min paréceme fundamental, é un recurso fundamental, e se está utilizando, é dicir, non é un recurso que teñas aí para utilizar nun momento determinado.

- 25.1. Nas familias?** Claro, e sobre todo se as familias colaboran coa escola e saben o que estás facendo na escola.
- 25.2. Nos mestres/as?** Tamén.

**25.3. Na comunidade? Tamén.**

**25.4. Que papel crees que xogan os libros de texto na aprendizaxe por investigación do medio?**

Bueno, é un recurso de axuda, un recurso de busca onde poden, onde podemos atopar información. Despois esa maneira de explicarlle a información? dependendo de que tipo de libro de texto, ou podemos plasmala por exemplo a través duns debuxos, ou a través dunhas fichas determinadas, pero bueno, é unha fonte de información.

**26. Ti concretamente os que usas crees que che axudan a usar o medio?Ou crees que pasan un pouco "de puntillas"?**

Os métodos que eu utilizo... si, eh.. van polo xeral, e non se centran, que eso é o malo dos métodos, non se centran no teu entorno, que te rodea. É máis global, abarca máis, aínda que están en galego e abarcan a zona de Galicia non é tan local por así dicilo.

### **Bloque 6: Prácticas de ensinanza no medio.**

As seguintes preguntas versarán sobre a introdución do medio nos currículos así como as prácticas educativas que derivan do mesmo.

*Planificación curricular. O papel do medio no currículo e nas programacións.*

**27. Consideras que as lexislacións educativas oficiais favorecen o traballo co medio?**

Home o currículo si, porque o currículo o pon alí nos obxectivos, que é un dos obxectivos principais.

**28. Para ti, que papel debería ter o medio no currículo?O que hai agora está ben ou crees que debería ter máis peso?**

Está ben eh, porque dedícanlle un bo bloque eh, ao medio social, cultural e natural.

**29. De que modo consideras que é posible integralo no día a día das aulas dende o punto de vista das planificacións curriculares?É posible integrar o medio na planificación diaria?**

Si, e que se inserta diariamente, se non é unha cousa é outra, pero estamos facendo sempre fincapé en contidos que se refiren ao entorno, ao medio.

**30. Consideras que o traballo co medio favorece e posibilita unha aprendizaxe globalizada tal e como defende o currículo de infantil? Si.**

**30.1. Concordas co enfoque anterior ou consideras que outros enfoques máis disciplinares serían máis adecuados para o uso do medio como recurso? Non, ten que ser globalizado.**

**31. Algúns profesionais da Educación Infantil (como Soledad Aracama), defenden que é posible abordar a maioría de contidos da etapa de infantil a través do estudo do medio de forma globalizada. Que pensas ti ao respecto?**

E que ten que ser así, a través de forma globalizada. En EI os contidos teñen que ser de forma globalizada, así os contidos serán máis significativos e poidan relacionalos mellor co medio que os rodea.

**31.1. E desenvolver os obxectivos xerais de infantil? Si, si que os podemos, claro.**

*Prácticas educativas.*

**32. Como se introduce o entorno no traballo de aula en Educación Infantil? Na túa aula en concreto.**

Pois introdúcese a través da práctica, a través de exercicios de observación e exploración, a través de manipulación, e despois tamén a través de traballo de mesa.

**33. En que medida é posible usar o medio como recurso traballando con materiais de editoriais?**

É posible utilizalo así, pero despois ti complementalo con recursos de manipulación, de observación, de exploración, de manipulación... de todo.

***Porque non sería, digamos "suficiente" con este material?***

Claro, a min paréceme que non é tan motivador, é dicir, que os nenos fan a ficha por facela, e entón realmente é unha ficha máis a facer, unha ficha máis a realizar, é un contido máis, e con eses contidos van a ir a.... Sen embargo é un tema que se está preparando máis e se está traballando desde distintas perspectivas e o que dicíamos antes, os nenos pequenos aprenden moito manipulando, e así non se lles permite moito..., "vale si me rodeas, tienes que unir, o papel azul en que papeleira va?" e así estás traballando relacionado co entorno natural, ou por exemplo o coñecemento das plantas, pero a ver vale, si, pero quédanse cunha simple ficha.

**34. Como é a avaliación cando se usa o medio como recurso?**

A avaliación é continua. En educación infantil a avaliación é continua sempre, e vai ser unha avaliación global como dicíamos antes e vai ser unha avaliación formativa. Entonces, mmm, o que tratas de ver na avaliación é se realmente acadaches os obxectivos que ti realmente pretendías conseguir.

**35. En qué medida consideras que as situacións que o alumnado vive no seu día a día nas súas comunidades poden ter potencialidades educativas?**

A vida diaria se refire? Si, si, e que iso fai que teñan un tema que realmente lles motiva máis, porque están relacionando co seu propio entorno.

**36. Consideras que o traballo co medio como recurso na Educación Infantil se pode ver favorecido ou prexudicado polo número de alumnos por aula?**

Home,... non é o mesmo tratar de facer un proxecto por exemplo determinado con 15 nenos que con 25, as cousas como son. Sempre dixemos que a aprendizaxe canto máis personalizada mellor o van a ter os nenos, e sobre todo en EI. En primaria tamén pasa igual, pero e que hai nenos que teñen distintos ritmos de aprendizaxe, entón o ideal é con menos nenos mellor.

**37. Que instalacións e recursos consideras necesarias para o uso do medio nas aulas?**

Home a min gustaríame ter moitas cousas. Eh, por exemplo a min paréceme fundamental a instalación das novas tecnoloxías, facer instalación de encerados dixitais, onde os nenos.. eh...non un encerado branco, que eu teño un, onde se proxecta. A min gustaríame que fose dixital onde os nenos poidan manexar, porque ti aí lles pós xogos...podemos facer xogos da natureza, podemos facer xogos relacionado co cultural, incluso de normas, de valores, de regras que hai na sociedade... e paréceme fundamental.

Despois outra que me parece moi importante e me parece unha idea así moi iso e que boto de menos é nas aulas ter algo dedicado ao entorno natural. A min gustaríame ter algo así pois como un invernadeiro, como un algo tal así, para que os nenos aprendan a partir de....aí si que sería unha aprendizaxe por descubrimento, de explorar, de facer, e incluso ter algún animal nas aulas... Aí os nenos aprenden moitísimos valores, non é soamente que aprenden vale, as características dos animais senón que realmente teñan os valores de conciencia, de respecto cara os animais por exemplo. É dicir, eu boto de menos, moitos recursos deses, e despois...recursos para acadar información? A ver, eu non vou pedir de todo entón que ocorre, temos as novas tecnoloxías pois podemos telas en todas as aulas, e así non ter que desprazarnos ás aulas de informática. Neste centro por exemplo

temos que desprazarnos ao edificio de arriba á aula de informática. Entón os nenos que teñan esa facilidade para poder interactuar, buscar información...

**38. Usando o medio como contido didáctico, que aspectos ou contidos son máis difíciles de traballar?**

Home, pois... a min parécenme todos máis ou menos por igual. Difíciles de traballar? Por exemplo a lectura, a lóxica matemática? Falando xa de contidos máis "académicos".

Si, pois por exemplo....e que depende como o enfoques, quizais ao mellor....vamos a ver...non sei pois, podemos poñer o social por exemplo, a min paréceme todo igual eh. Para traballar por exemplo ao mellor a lectoescritura, ou a lóxica matemática, os valores respecto, tal...

**38.1. E máis fáciles?**

Son fáciles de traballar, non son difíciles. Hai que pensalo, programalo e meditar que é o que queres facer. A min de todos modos os contidos que máis me gusta traballar son os da lectoescritura, acadando a lectura e a escritura podemos chegar a moitas fontes de información.

**39. Que grao de utilidade consideras que poden ter as aprendizaxes e o desenvolvemento adquirido a través do uso do medio para a vida diaria do alumnado?**

Home a min paréceme fundamental, que grao de aprendizaxe? pois...a min paréceme fundamental todo o que poidan aprender os nenos con respecto ao medio, para que despois realmente sexan uns futuros cidadáns con valores, que teñan uns coñecementos da súa cultura e que teñan un coñecemento do seu medio natural. De conciencia, de respecto, de responsabilidade e de todo.

**40. Concretamente, qué actividades realizas na aula sobre o medio? *Xa falamos do horto, das saídas... non sei se queres destacar algunha máis que realices.***

Pois, este ano precisamente...basicamente con saídas, basicamente tamén..... (silencio) tendo visitas de xente, de xente importante na sociedade, un pouco para facer ver esa cultura, de escritores, a min gústame que veña unha escritora a lerlle aos nenos...

***Veuche algún algunha vez?***

En Padrón viñeran, e regaláranlle un libro a cada neno. En Padrón por exemplo viñan moitos contacontos entón iso aos nenos motivábaos moitísimo...é máis, eran nenos máis motivados ca estes nenos, porque estaban máis traballados nese aspecto.

### ***E aquí non?***

Non temos tanto xogo, non nos da tanto pé. Tamén a veces tamén depende, porque os profesores non temos tempo para buscar tantas cousas, entón estamos abertos ao que nos ofrezan o departamento de normalización, o departamento de extraescolares, pero a veces non chegan ofertas, porque a eles chéganlles ofertas, entre o que buscan eles e o que lle chegan de ofertas. E a veces tampouco aparecen así moitas cousas, depende do ano, despois tamén depende pois por exemplo cando hai un motivo como as letras galegas, que se traballa moito o cultural, aí sácaselle moito partido e pódense facer moitas actividades. Bueno, pois a partir de aí somos capaces de entrar nese entorno cultural.

E despois do entorno natural, o entorno natural para min é, pois por exemplo unha saída a... a unha granxa, que nós témola feito. Ou por exemplo cos hortos...que non moita xente o traballo, aquí da un pouco de pé porque bueno, eu atopei ese areeiro, pero en moitos coles non tes onde, e que o fas, nun *tupper*? Bueno si pero a eles gústalles máis isto. Mira con este ata están analizando os bichitos que hai no horto, ome pois son moitas cousas que vas aprendendo... a veces a pequenos recursos podes sacarlle moito partido, unha parede en branco podes pintala de moitas cores entón... hai que ter imaxinación e tamén tratar de ler, de buscar... E claro, en infantil temos que facelo na nosa casa, porque non temos nada de tempo libre e os nenos de infantil acapáranche moito tempo, máis que en primaria, ese é o problema de infantil, entón infantil é moi bonito porque lle podes sacar moito partido cos proxectos e traballas todo, como é tan globalizado.

**41. Engadirías algo máis das achegas do medio á educación?** Non, agora non se me ocorre.

### **A.5. Entrevista de S transcrita.**

Entrevista S.

#### **DATOS DA ENTREVISTADA:**

- Idade: 62 anos.
- Sexo: Feminino.
- Plan de estudos na obtención de título de mestre/a: Plan de Maxisterio do 67 + 3 anos pedagogía + 2 psicoloxía.
- Especialidade: Ciencias sociais.
- Anos de experiencia na profesión: 43 anos.
- Nº anos de docente en educación infantil: 20 anos.
- Experiencia en outros niveis: primaria.

#### **DATOS DA ENTREVISTA:**

- Data: 13 de Maio do 2017.
- Hora de comezo: 09:30h.
- Hora de remate: 12:20h.

- Lugar de residencia: rural.
- Tipo de escola: unitaria.
- Anos de permanencia na escola actual: 20 anos.
- Anos experiencia escola rural? 20 anos.
- Anos experiencia escola rural? 20 anos.
- Anos experiencia escola urbana? 23 anos.

1

### **Bloque 1: Bases de coñecemento profesional. Formación docente.**

En primeiro lugar, gustaríame que me comentaras aspectos referidos á túa formación como docente.

#### **1. En que medida a educación universitaria recibida foi de utilidade para o seu desempeño profesional como mestra de Educación Infantil?**

Eu non recibín educación universitaria para maxisterio, pero era outra época. Na época na que eu estudei aínda non morrera Franco, entón ser mestre era para o noso grupo no que me movía ter unha arma para poder cambiar o mundo, e entón nos consideramos non vocacionais (porque a min iso de vocacional sóame moi feo) pero era unha profesión importante, e iso nos levaba a que mentres estábamos estudando nos estábamos formando. Entón se alguén conseguía algo, o fotocopiaba e todos o estudabamos, todo canto aparecía pois facíamos reunións para leelo mentres discutíamos.

Foi un proceso moi distinto ao que se está dando agora, e unha vez terminamos, pois durante moito tempo era o mesmo. Chegabas a unha escola e buscabas as persoas afíns, e contactabas con outras persoas e nos xuntabamos e investigabamos, contactabamos con outros...aprendíamos moitísimo de todo e tamén da xente que xa estaba traballando, que a min agora é unha das cousas que me sorprende. Íamos onda elas e nos explicaban o que ía ben, o que ía mal, e ti de iso collías aquí, o que che gustaba e o que non...aprendíamos moitísimo. Agora o que vexo é que é un paso que non se da, agora non aproveitamos as experiencias dos outros para formarte. A min os meus 10 primeiros anos foron unha época de formación brutal, e logo continuei aprendendo.

Polo medio licencieime en sociais, para aprender matriculeime en pedagogía en Coruña (logo había que pasar a Santiago e xa me era imposible), fixen dous anos de psicoloxía pensando que ía aprender, e vin que non me servía para utilizar no ensino. Pero bueno, a xente da miña quinta ou idade éramos persoas que estábamos moi interesadas na formación.

##### **1.1. Facíase na carreira algunha alusión ao medio?**

Non en especial, non en especial. A realidade é que eu estaba máis centrada no campo da muller, entón iso no campo da participación familiar, na compensación de desigualdades, ese era o meu obxectivo. E logo, como criterio xeral entendía que era algo como de

perogrullo, porque ías estudar a flor nun libro se estabas rodeado de flores, nunca se nos formulou que fose algo diferente, entón, o medio sempre formou parte, pero non como un obxectivo especial de integración, senón que se traballaba porque era así.. o mar? Pois collíamos aos nenos e íamos ata o mar...

**1.2. Facíase na carreira algunha alusión ao rural?** Nada, nada en absoluto.

**1.3. Que consideras que sería preciso cambiar para mellorar a formación do profesorado en relación ao uso didáctico do medio?**

A min en xeral, sorpréndeme que me parece que tantos anos de diferenza ditadura-democracia e sen embargo o modelo de estudos é similar. Ousexa, o formulamento é o mesmo, salvo excepcións, pero excepcións húbóas sempre. Entón, vexo que hai mestres/as que ensinan de forma distinta e cousas distintas, pero son excepcións, en xeral é o mesmo modelo de conferenciante. Incluso cando se adoptan formas novas o fondo segue sendo exactamente o mesmo, e cando viñan alumnas de prácticas dicíanme “profe, e que disto non se fala” e dicíalle, non te preocupes, o mundo está cheo de escolas e de mestres e xa aprenderás. Ademais agora ceder o coñecemento é moito máis doado, non coma antes, hoxe en día accedes a internet, abres un blog e tes a experiencia de montón de mestres e mestras que están buscando a vida, que están aprendendo, experimentando e cada vez máis comparten o seu traballo cos demais.

**1.3.1. E a formación para exercer no medio rural?**

Eu creo que non ten que ser unha formación específica, que ten que formar parte da educación global, porque simplemente é unha mirada diferente sobre o alumnado, sobre a túa profesión e o que queres facer, non é nada máis, se tes a mirada váleche igual no medio rural, que no urbano, que no periurbano...no que queiras, só que o vas aplicando segundo a situación.

**1.4. Ao longo da carreira traballáchedes cuestións relacionadas co medio como recurso didáctico? *Ensináronvos como integralo nas aulas?***

Iso é xusto o que non se ensina.

**1.5. Que che aportou a formación inicial como mestra para traballar co medio na escola?** Nada.

**1.5.1. E no rural?**

(Risas). Menos aínda, e sobre todo hai un desprestixio profesional respecto ao rural e diso incluso participaba eu, dalgunha forma. Mira que eu son unha persoa do rural pero antes de vir para aquí (isto si que é rural) pois parecíame que era unha cousa pois...nada de recursos, a xente desesperada que non pode estar na cidade está aquí de paso... Pois si atopas que os grupos escolares teñen moita dificultade, pero que se vai a facer, se a xente dura tres anos e marcha e están renovando continuamente, entón é moi difícil, entón a

xente quere marcharse. Pero logo é un...recursos hai, recursos educativos e recursos materiais a punta pala, pode haber moitos máis que en calquera zona urbana, entón aí hai un prexuízo do que eu participaba ao principio.

Logo tamén sobre as familias, das por suposto que as familias do medio rural pois, bueno, desestruturadas non, pero con pouco interese, máis ignorantes e tal, entón se és capaz de velo, velo diferente. No rural a colaboración das familias nos proxectos é bastante máis difícil entón, o que pasa é que tes que cambiar a mirada, entón en vez de que os pais participen traendo, que os pais participen investigando coñecemento e xa está, é moito máis rico.

## **2. Moitos autores falan da importancia da formación continua para a mellora da docencia e a educación. En que medida compartes esta idea?**

Paréceme vital, importantísimo. Paréceme que como un médico que se non se continúa formando adecuadamente, pois nestas alturas estará operando con cuchillo...e un mestre é exactamente igual, se ti non te estás formando continuamente, comendo e bebendo das experiencias de outros e do que está pasando do mundo, sobre todo do que está pasando do mundo estás, pois como está gran porcentaxe dos compañeiros, dando clase e dicindo “yo no tengo porque aprender a hacer o mandar un correo”, entón...a formación continua é imprescindible, aínda que sexa de maior ou menor calidade, sempre che permitirá contactar con outras persoas e compañeiros interesados no mesmo e promocionar a partir de aí.

### **2.1. Realizaches actividades de formación continua durante a túa carreira profesional?**

Sempre, e sobre todo na última época aquí que o traballo era sobre a biblioteca...a tope, necesitei moita formación ademais.

#### **2.1.1. Se a resposta é afirmativa, que che aportaron en relación co uso do medio como recurso?**

(Silencio). Non tanto do medio como recurso, senón do papel da biblioteca dentro da escola.

## **3. En canto á formación docente, para o traballo co medio, consideras que é necesario recibir unha formación específica? Non.**

## **4. Ao comezo da túa etapa de traballo como docente xa traballabas co medio como recurso?**

Non. Nos primeiros anos que eu traballei había cousas que eran moito máis fáciles, e cousas que eran moito máis difíciles. Por exemplo, era moito máis fácil saír da escola cos

rapaces, non tiñas máis que dicir “mañan vou a dar unha volta”. Entón, iso de utilizar o contorno escolar como parte do currículo iso o fixemos sempre, dende o primeiro día, pero logo que viñesen os pais, que os pais participaran na vida escolar iso era francamente difícil, e se non entra a familia e veciñanza na escola...o medio...é “medio” medio.

#### **4.1. En caso negativo, que provocou o cambio?**

A min creo que o cambio brutal foi chegar a unha unitaria, entón é cuestión de supervivencia. Eu cando comecei a traballar dunha forma diferente non foi porque o tivera planeado, elaborado nin nada diso, foi que eu tiña que sobrevivir, así de sinxelo. Estaba soa, sabía bastante pouco, porque houbo unha compañeira moi boa que eu admiraba moito como traballaba en infantil que durante dous anos quedou comigo todos os martes pola tarde (sección queixas e sección formación), e iso foime imprescindible e bueno, logo que eu busquei formación por todas as esquinas. Pero logo no día a día eu necesitaba a alguén, non compañeiras pero compañía, con quen compartir o traballo.

Logo estaba nun medio que eu non coñecía, en absoluto, pero estaba rodeada de xente que o coñecía mazo, entón tiven que usalas para aprender. Ademais esta parroquia é unha parroquia moi especial, moi afeita á vida comunitaria, entón, hai comunidade de montes, de regantes...entón, as reunións da parroquia para discutir e tal son bastante propias. Cando vin para aquí empeñáronse en que me tiña que quedar porque non tiñan a “nosa” mestra, e tiñan que ter “a nosa mestra”. Entón cando lles dixen ao principio que eu moi contenta, pero un aniño e fóra, se portaron...bueno. O primeiro día da asemblea eu díxenlles algo así como eu só pensar na hora do recreo e non ter con quen compartir nada, nin sequera con quen tomar un café xa me botaba a tremer e bueno, pois, aos tres días chegan tres mulleres cun termo e din “bueno *maestra*, nós non somos *maestras*, pero café si temos, así que vamos a compartir con *usté* o café”.

Así pois, coidáronme moito, e sobre todo compartiron todo...pasaba unha muller por aquí, tocaba a porta, “pódese? Mire *maestra* acábame de nacer un cabrito, quere que vaian a velo?” e así pasou un montón de xente o primeiro ano dicindo “estamos desfollatando o millo se quere..poden vir alí facelo... ousexa, foi realmente a xente quen me dixo mira, podes traballar cos nosos saberes e ti traballa tamén cos teus . Realmente foi algo que eu fixen porque tiña que sobrevivir e porque o entorno chamaba a porta da escola e eu o deixei entrar.

### **Bloque 2: Ideas xerais sobre a Educación Infantil.**

Realizaremos a continuación algunhas preguntas respecto á Educación Infantil e comprender así algunhas das súas concepcións ao respecto.

### **5. Como crees que aprenden mellor os nenos e nenas?**

Eu creo que aprenden mellor con, entre, para, por...ousexa sempre aprenderán mellor con outros, entre eles, e formando parte a mestra dese grupo. Por exemplo, eu non tiña experiencia en infantil, e menos en aulas multigraduadas e descubrín que é un sistema de aprendizaxe marabilloso, porque os nenos e as nenas se organizan entre eles. Eu tiña unha compañeira de EI que me dicía “ti non te preocupes, imaxínate que es unha cocinheira. Ti teslle que dar aos teus nenos a mellor comida que teñas, ousexa, o mellor que saibas facer, e logo poslla, e deixas que eles tamén a fagan contigo. Cando se termine cómese, e cada un vai comer o que lle guste, o que vaia mellor ao estómago. Se ti non os obrigas a comer eles comerán” e máis ou menos ese era o criterio, que eles compartan a comida e que coman o que máis lle guste.

### **6. Cales crees que son as actividades máis importantes a realizar en Educación Infantil? Por que?**

A que actividades te refires, as de tipo académico...? A min paréceme que é unha época de aprendizaxe brutal, onde os nenos e as nenas están enloquecidos por aprender, e aprenden todo, son verdadeiras pirañas, comen de todas partes. Entón, o que hai que ofrecerlles é un medio rico en aprendizaxes, con todas as posibilidades. Por iso eu entendín moi rápido o papel da biblioteca, e era importante tamén dotarlle os recursos para que eles accedesen ao coñecemento (por exemplo nos tínhamos aí unha pizzara dixital).

Se están nun medio de aprendizaxe onde a motivación é fácil, onde hai recursos e onde eles poidan aprender...é unha fervedeira. Entón paréceme que é unha época que non se pode perder, e unha época coma todas, que non se pode ter aos nenos en infantil correndo, saltando... e chegar a primeiro, sentalos nunha mesa e non deixalos mover. Eu tiña un alumno que me dicía “profe, a mestra está tola, porque non me deixa mover nin falar, e se non falo, como vou aprender? Vai a falar con ela” porque había unha frase que dicíamos moito aquí cando tiñan dúbidas ou dificultades e era “pois fálao”. Evidentemente é o mesmo sistema que cando eu, que teño 62 anos, cheguei á escola.

### **7. Hoxe en día hai algunhas metodoloxías en auxe nas aulas:**

#### **7.1. Que opinas do traballo cooperativo ou colaborativo?**

Encántame! Bueno, non é que me encante, e que...pódese traballar doutra forma?. Esa é a cuestión, eu creo que non se pode traballar doutra forma, a non ser que ti teñas..., non sei, unha ideoloxía determinada ou simplemente que sexas un irresponsable e non penses, non reflexiones sobre o que estás facendo.

### **7.2. Como definirías o termo "aprendizaxe significativa"?**

Coas miñas palabras é que o neno non só entenda o que está aprendendo senón que tamén participe do que está aprendendo e o integre no que el xa sabía, e con iso lle da unha forma nova.

### **7.3. Como definirías a "aprendizaxe por descubrimento"?**

Eu sempre traballei por proxectos de traballo, sempre porque non podía traballar doutra forma se traballas aquí ou se queres traballar co medio ou así. A min paréceme que vai dentro do anterior, vai a que é moi difícil, cando ti estás traballando realmente ti estás traballando todo ao mesmo tempo. Entón, colocas en situación aos nenos e nenas de descubrir algo e entón o aprenden significativamente. A min a veces dicíame "e que ti es construtivista" tamén...ti és o que podes, vas collendo non só o mellor, o que en cada momento e en cada situación che parece que é mellor, que funciona mellor.

### **7.4. Como definirías o "enfoque de proxectos"?**

A min paréceme que é excepcional. Agora ben se realmente non utilizas a forma e utilizas o fondo, ousexa, o que significa aprender por proxectos. Eu o que si vin durante este tempo é que por proxectos traballamos dende hai moitos anos aínda que non lle chamabamos así, non é unha novidade.

Curiosamente trabállase máis en infantil que en primaria, e para min é unha tontería, porque traballar mellor trabállase con maiores por proxectos. Traballar por proxectos cos maiores é unha gozada, cos pequenos lévache algo máis porque tes que preparalos, dotalos de recursos para traballar así e é un traballo impresionante para o docente (buscando e filtrando información, vídeos, montar un *symboloo*...) é un choio impresionante para que eles poidan investigar. En primaria xa non é tanto, e sen embargo a xente empéñase en traballar só por proxectos en infantil. Unha das patas do traballo debería ser estar sempre investigando e aprendendo, e sobre todo hoxe en día.

### **7.5. Que opinas do método de traballo con "fichas"?**

Eu creo que ten que completar con outras actividades. As fichas son boas, non hai nada que sexa malo de por si, realmente o malo é a utilización. Se ti colles e repartes fichas...tes un problemón, agora ben, se estiveches traballando..eu que sei, as árbores que temos fóra, e logo fas unha ficha e lla pasas..pois está estupendo. As fichas cumpren unha función. Podes traballar fichas de moi distinto tipo e podes traballar un montón de cousas a través de fichas, pero non illadas, non soltas, non soas...

## **8. Que funcións consideras que posúen no proceso de ensino-aprendizaxe:**

### **0.1. Os mestres/as?**

A min paréceme o mestre importantísimo. Non porque teña o coñecemento eh, porque moitas veces o ten moi deteriorado, senón porque o mestre primeiro aparte de ser unha figura de autoridade, entre comiñas, unha referencia para o grupo de alumnos é moi importante este papel. É unha referencia do grupo de alumnos, unha referencia de autoridade, que une ao grupo. Logo como mestre eu o vexo máis como coordinador, mediador e dotador de recursos, máis que como conferenciante. Esa é a característica que habería que diminuír. Ten que contestar, ten que saber explicar....pero non tanto ao gran grupo coma ao neno concreto. Tamén ao gran grupo eh..pero que a función de conferenciante xusto é a que non se necesita porque hai uns libros magníficos.

### **0.2. Os nenos/as?**

Eu creo que o papel, se alguén ten un papel fundamental son os nenos, se lles deixamos ter un papel protagonista na súa aprendizaxe. Eles ademais o normal é que te vaian orientando, se o mestre está atento ao alumnado rapidamente recolle todas as sinais ou palabras, onde están as dificultades, onde están os intereses...

### **0.3. As familias?**

A min paréceme que, por iso me encantou a unitaria despois do desgusto inicial, porque é idóneo, aquí as familias poden entrar xa, hai unha porta que está aberta. Eu tiña unha nai que me dicía logo de que cambiaran ao fillo, “profe hai tantas portas que ti tes que pasar para chegar ao profesor...que xa non das chegado..” e é verdade, aquí non hai portas. Realmente esta era unha situación perfecta para poñer en práctica iso. Entón, aquí a familia, o que querías utilizar do papel das familias o podías poñer en práctica. Por exemplo, dende a escola parece que todos os nenos son iguais, sobre todo neste medio, e non... non ten nada que ver un neno con outro... e as súas familias non teñen nada que ver, e se ti non coñeces as familias non podes coñecer ao neno, porque non coñeces o seu contexto máis íntimo, máis inmediato. Que intervención escolar podes facer cun alumno se non tes nin idea do seu contexto? As familias teñen que formar parte da vida dos nenos no período escolar, porque senón ademais levar esa separación entre a escola e a familia e utilizar ás familias como criados (eu como nai sentínome sempre usada, non había debate, non se consultaba, só ordes do que tiñas que facer).

A participación dos pais, non debe ser a utilización dos pais como axudantes para compensar que non tes axudantes na escola. Participación real é que os pais participen falando, propoñendo, negociando cos nenos e as nais, debatendo os problemas, reuníndose...esa é participación dos pais. Logo,a diario porque non entran os pais á escola

e saben a programación que se está facendo, que se está levando a cabo cada día? Que problema hai? A min paréceme que ese medo que temos leva logo a eses grupos de pais dicindo tonterías, porque claro é unha separación total e un pánico dos profesores aos pais, e dos pais aos profesores, o que nos leva a moitos problemas.

Eu xa digo, participación dos pais si, pero participación real, e se non pode ser a todos os niveis busca un segmento onde si poidan participar de verdade, pero tomando decisións, non como axudantes.

#### **0.4. A comunidade?**

Tamén ten un papel, porque os pais están organizados, forman parte da sociedade na que están e participan. É máis, é imprescindible. Nós aquí chéganlle á comunidade de montes 100 árbores pequeniños e que fai? Ven aquí e di “mestra, plantamos árbores?”, vale. Entón, quedamos un día, todos, e vamos a plantar árbores, pero todos saben que os protagonistas son os nenos, entón axudámoslles e vamos 50 persoas, e bueno terminamos e facemos unha festa.

Tamén a mirada da comunidade está depositada sobre os seus nenos, pero por que? Porque se lle deu a oportunidade de participar, isto vai e ven.

#### **9. Que habilidades consideras máis relevantes a acadar na sociedade de hoxe en día na etapa de Educación Infantil? Por que?**

Eu creo que tes que traballar co alumnado de infantil como calquera outro alumnado, sabendo que se van integrar nun mundo complicado e que hai un montón de habilidades, emocións, con disposicións que están algo así como desaparecendo e que son fundamentais para que sigamos avanzando no mundo, entón traballar sobre todo sobre a solidariedade, convivencia, espírito de grupo, as emocións, ser capaz de comunicarse e expresarse... iso en calquera idade... traballar cos outros, o cal é moi difícil, xa que a escola está insertada nunha sociedade moi individualista (por exemplo bastaba que a principio de curso algún neno tapase o que escribía para que ao momento xa o imitasen todos, e iso é algo que tes que desmontar..). Hai que ensinarlle boas costumes e a relacionarse cos demais, a pedirse perdón ou por exemplo, o outro día veu unha nai e díxome, “fixo unha cousa o neno e eu pensei...esto facíao coa Sabela. Tivemos bronca na casa e eu griteille e griteille e despois escribume unha carta dicindo “se gritas moito non te creas que tes a razón, porque a veces os gritos non dan a razón, se queres sentámonos e falamos do que pasou porque non me deixaches falar e...” e expresaba como se sentía e iso eran cousas que facíamos aquí, e aínda que pareza que a curto prazo desaparecen si que forman parte do corpus.

### **10. Que aprendizaxes consideras máis relevantes a acadar na sociedade de hoxe en día na etapa de Educación Infantil? Por que?**

Uii...e que... eu isto o discutín moito os dous últimos anos. Ti non traballas cos nenos no aire, senón que inevitablemente os nenos e nenas que traballan contigo van a pasar a un grupo escolar a primaria, e como ti non os prepares para “esa” primaria van a levar un ostiazo impresionante, e sobre todo os que o van a levar son os que teñen menos recursos. Entón a contradición está entre o que pensas que debería ser e a realidade do mundo no que estamos, entón non podes pensar que os nosos nenos van vivir nun globo..e somos responsables diso. Entón, eu o que aprendín co tempo foi que os meus así que tivera que quedar ata as 10 da noite todos os días ían a ler, porque como non cheguen arriba lendo os tres primeiros meses o ían pasar moi mal, e ter moitas probabilidades de quedar aí.

Entón, eu movínme durante os últimos anos con esa contradición, facendo cousas que nunca faría. Por exemplo, a min nunca na vida se me ocorrería coller a nenos e nenas de cinco anos e facelos escribir en pauta, pero o último trimestre dos últimos catro anos escribían en pauta, porque chegaban a primaria e o primeiro día lle ían a dar un caderno de pauta estreita que viña no material. Entón estes acostumados a escribir polas paredes podíanse volver tolos... tiñas cadernos, caderno brancos que eran os seus diarios, escribían o que lles parecía en cada folla. Non tiveran nunca obrigaón de letra nin onde colocala...eu empeceilles a ensinar en letra minúscula, no último trimestre de cinco anos tiñan un cambio brutal, porque arriba a letra era minúscula. Entón había nenos que ao longo do tempo, os máis pequenos, ao estar presentes xa empezaban a escribir en minúscula e tirabas para adiante. Eu tiña sempre cadernos de todo tipo, e collían algunhas e empezaban...iso... non era problema, o problema eran os nenos que aínda necesitaban escribir en maiúscula e grande porque aínda lle faltaba un pouquiño para ser capaces de ler un texto...de realmente ler, interpretando..

Entón, eu creo que teñen que estar preparados. A realidade é que tal como está montado infantil serve para entrar en primaria, primaria para entrar en bacharelato, e bacharelato para entrar na universidade, e como non sigas iso non che serve case de nada o anterior.

### **Bloque 3: O medio**

Adentrarémonos neste apartado no núcleo da entrevista, o medio.

**11. Como definirías o termo 'medio'?** É o contorno e o contexto, social, físico, persoal...de todo tipo.

**11.1. Que axentes implica (familias, docentes, comerciantes, alcaldes e concelleiros/as...)?**

Eu prefiro dicir que o medio participa, porque participar non é o mesmo que implicarse. Entón participa, pero porque se lle da a oportunidade de participar, porque hai proxectos comúns, onde se participa e é un traballo entre iguais. Por exemplo, cando se estudou o viño eu estaba moi caladiña e non falaba de nada, porque había tres avóas aquí... que eran as que marcaban incluso o que se facía. Viñan aquí, dicían cando se ía a que horta a vendimar, a que bodega ver facer o viño... e me marcaban a min a semana, eran elas as que tiñan o mando, eran as que sabían e as que formulaban.

**11.2. Con qué elementos ou organismos establece relacións (familias, concello, outros centros, ONG's, outras...) ?**

En principio con todos os inmediatos. Ou sexa, onde estea inserta a escola o primeiro hai que informarse (iso é fácil falando coa xente) de todos..de como está organizada esa sociedade, como funciona, e logo dos máis próximos vaste alonxando en función das necesidades que haxa. Ti non te tes que relacionar por exemplo co concello de Salvaterra a non ser que necesites algo e así con todo. E non só a escola, cando eu falo da escola falo da escola con todo o que é a escola, ousexa profesorado, familias, alumnos e o que rodea as familias, que son as institucións onde elas se organizan.

**11.3. Persoalmente, como valoras o medio como recurso?**

A min paréceme un recurso vital, fundamental dentro da escola. É moi difícil formular este é máis importante que outro, eu creo que todos son igual de importantes en cada momento ti utilizas un ou outro, pero todos son iguais máis ou menos...pero o medio... é "o recurso". E se te das conta, non se entende, é como se non existise. Eu a veces dígolles a algunhas compañeiras, a vós parécetvos que estades dando clase nun avión que vai sempre polo ceo, e de repente descarga e carga nenos, pero ides nun avión entón hai libros claro, libros e punto.

Eu sempre digo de min que son vaga no sentido de que, porque vou facer eu unha cousa se teño outra mellor que a fixo..ou outra persoa que o fixo mellor? É absurdo! É ser sádicos ou masoquistas...ti empéñaste en darlle unhas fichas con debuxos de flores cando simplemente abres a porta e tes mil flores...e que eres idiota... E se lle deixas ver as flores verás que en tres días aprenderon tantísimo sobre flores porque as cincuenta mil preguntas que fixeron, onde buscaron, ao final van a saber tanto de flores...e da outra forma vólveste loca e non fas máis que dicir "pero apréndeo! Pétalo!sépaló!.." e dálle, pregunta, machaca, vólveste tola, sofres, buscas formas de "agora cántao! Agora non sei que.." ti sofres, o rapaz

sofre e ao final non aprendendes nada...e que somos imbéciles, se a vía máis fácil é a outra!

**12. Na época actual na que a globalización está exterminando pouco a pouco as particularidades dos contextos locais, en que medida consideras que o traballo co medio na escola pode axudar a fomentar a cultura e patrimonios endóxeos dun determinado contexto?**

Eu creo que son dous niveis diferentes, o da globalización e o de onde vivimos. Entón nós aínda que vivimos en Europa...iso é no imaxinario, porque a realidade da nosa vida pasa xusto onde estamos e nos relacionamos xusto onde estamos e máis cando baixamos no alumnado. No alumnado de infantil, por suposto. Aínda que teñen que aprender e comunicarse con nenos doutras zonas, a súa inmediatez que é onde están. Entón eles poden pasar do local ao global, pero senón é imposible e tamén todo o que eu lle chamo a economía da escala. Toda persoa ten que ser capaz de ter unha escala adecuada a si mesma. Se a escala é demasiado grande está perdida, e moito máis un neno. Entón ten que ter unha escala na que el poida aprender, onde a controle e poida formular as súas demandas e ter resposta a esas demandas, e esa escala irase ampliando co tempo, pero ao principio esa escala será limitada. Unha tarefa da escola é ir ampliando esa escala, poñelo en contacto con outros mundos, con outras localidades pero o local...hai que partir do local para chegar máis arriba. Se non entendes o teu contexto que vas a entender do global.

**12.1. Cal é a túa opinión respecto ao papel ou importancia da cultura galega?**

E que.. e que somos galegos...aí está o problema...se fóssemos chinos éramos chinos, pero resulta que somos galegos. A min paréceme unha discusión tan absurda..paréceme unha discusión política entendéndoo como algo pexorativo, nese sentido, no mal sentido. E que somos galegos e criámonos e entramos e contacto co mundo nunha cultura determinada que é transmitida e cunha lingua determinada. Entón se non estamos orgullosos de quen somos, non estamos orgullosos dos nosos pais, dos nosos avós, do que fixeron...como podemos ser unhas persoas que vaian a contribuír a mellorar o mundo? Se non estamos satisfeitos e nos avergoñamos dos nosos pais e das nosas raíces.. é absurdo.

Entón, para min a cultura galega forma parte de quen somos, e o primeiro que temos é nós como profesionais estar de acordo co que hai, estar a gusto con quen somos para que os nosos alumnos tamén estean a gusto con eles mesmos, e estean orgullosos. Non hai nada máis penoso que unha persoa que se avergoña de seu pai e de súa nai porque fala galego, chino ou mandarín..da igual. Entón iso é un orgullo...e aparte..e que temos unha sorte

impresionante, porque estamos vivindo nun lugar no que naturalmente hai bilingüismo, dende que nacemos ata que morremos.

**13. Percibes cambios en relación co uso do medio como recurso nas aulas dende que comezaches a túa labor docente?**

Eu si, eu fun cambiando por ensaio-erro. As cousas que funcionaban mellor as fomos mellorando e as cousas que funcionaban peor as fomos deixando..pero eu con iso tiven sorte no sentido de que non aprendín soa, ensináronme moito...as mulleres..o contexto.

**14. Consideras que todos os contextos e ambientes son igualmente válidos para desenvolver experiencias de traballo co medio nas escolas?**

Hai contextos que favorecen e contextos que dificultan, pero iso non vale como xustificación, e nos contextos que favorece ti podes facer unhas cousas e nos que dificulta podes facer outras, pero sempre podes facer. O medio non é a montaña que queda...que miras dende a escola nin nada diso, o medio é absolutamente todo, entón pode ser a propia escola, o propio grupo escolar... Eu creo que non hai xustificación para non traballala. A veces dis, bueno, e que hai medios que son máis ricos, por exemplo o medio urbano é moi rico.

Nós por exemplo para ver como se cruzan as rúas e os semáforos tiñamos que ir ata as Neves, e bueno, salvámonos porque nas Neves había un semáforo, pero bueno, iso significaba quedar un día que houbera dúas ou tres nais que tiveran coche, que estivesen libres esa mañá e que puideramos ir..e logo meter aos nenos nos coches ata as Neves e pasar alí o día e volver, iso era un conflito, era difícil, non era fácil. É máis fácil poñerlles un vídeo, pero eu prefiro ser vaga, prefiro que vaiamos alí, Ás Neves, que crucen tres veces e que o pasen bárbaro e aprenden mellor.

**14.1. En cales podería ser máis difícil?**

A min parécenme máis difíciles os contextos máis estruturados, ríxidos e con iso refírome máis ao propio contexto escolar, á propia escola. Eu vexo que cada vez se poñen máis ríxidos e máis burocráticos co cal se dificulta moitísimo que ti poidas traballar doutro xeito. Por exemplo, queríamos visitar bibliotecas que non foran a nosa, e pedímoslle colaboración a outra escola do grupo escolar, a cambio de que os nenos e nenas e eu fixésemos un contacontos dramatizado polo día internacional da biblioteca, e pecháronse, non quixeron colaborar, porque lles viña mal “por horarios” e porque tiña que pasar polo claustro, polo

concello escolar..... Chamei a Arbo e encantados... é como estea estruturada...e despois permisos, non sei que...

**14.2. Atopaches diferenzas en canto ao traballo co medio nas escolas rurais e urbanas?**

A realidade é que como en todas partes, hai persoas con sentido común, como lles chamo eu, que utilizan todos os recursos á súa disposición, hainas en todas partes..pero persoas sen sentido común tamén as hai. Normalmente nas zonas rurais utilízase máis o medio, porque o tes a disposición e porque ademais os nenos o traen, falando xa máis de medio físico, os nenos tráeno á escola, entón é bastante normal que un neno che apareza cun gato pequeniño e é moi posible que a profe diga, bueno, pois hoxe quedámonos co gatiño, entón, facilitar porque os nenos traen, pero se ti non o sabes ver... pero en xeral úsase bastante menos das posibilidades que hai.

Hai demasiada... porque hai librisimo, non é outra cousa. O libro actual é moi, moi, moi pouco diferente á enciclopedia Álvarez que usei eu cando era pequena, a diferenza é moi pequena porque non é o texto, é o uso que se fai del. Hai moitos mestres que aínda hoxe entran en clase e din “abramos el libro por la página 13..y hagamos los ejercicios que pone en...”. Iso chámase “globalización”.

**14.3. Crees que é posible traballar co medio tamén nun entorno máis urbanos?**

Eu creo que si, que o entorno urbano é riquísimo. É diferente a un entorno rural pero súper rico. Nós tivemos que irnos de excursión a Vigo, que iamos todos os anos, para visitar unha librería, un museo,..tíñamos que irnos a Vigo..pagar un autobús...e se estivésemos en Vigo con tal de coller o que tivésemos cerca..só teríamos que dicir bueno, pois mañá faremos unha andaina a...

Se non se fai nas aulas máis urbanas é porque non tes a mirada posta, a tes no libro, pero como lle quitásemos o libro xa verías que rápido cambiaban.

**14.4. Que pasaría se tivese que impartir docencia nun contexto con pouca riqueza ambiental e cultural?** Eu creo que ese contexto non existe.

**14.5. Que faría se os nenos/as non estivesen motivados para usar o medio como recurso?**

Eu creo que o que non está motivado é o profesorado, pero os alumnos están súper motivados. O que tes que facer, de feito unha das funcións actuais do profesorado é cortar a motivación destes alumnos.

**15. Moitas veces os valores e ideais dos mestres e mestras son os que determinan en certa maneira as súas prácticas; consideras que hai uns valores xerais inherentes ao uso do medio como recurso?**

Eu creo que non, eu creo que non. E ademais creo que as cousas poden ser máis fáciles do que son, porque se ti nun centro formulas aos compañeiros unhas propostas que non sexan... hai moitas veces que o compañeiro “progre” illase, “eu son o que teño a información”, pois iso é tan malo coma o “facha”. Se ti a un grupo de compañeiros lle formulas posibilidades que son factibles e ademais lle demostras que dan resultado apúntanse enseguida, pola experiencia que teño. Eu creo no mestre...aínda que teña as miñas eivas porque pasei por moitos centros e mestres...eu sigo crendo no mestre. Se ten oportunidade e ten quen llo diga e quen lle bote unha man de inicio tira para adiante enseguida. Pero ás veces se non estás cómodo, puteado....eu teño unha compañeira que traballou sempre por proxectos e este ano dixo “Mira S, ríndome... libro, páxina 15”. E que... bótannos moita responsabilidade...temos unha parte de responsabilidade.

**16. Que pensas que aporta o traballo co medio no desenvolvemento dos nenos e nenas?**

(Silencio). Emm, eu creo que en principio iguala. Que é un factor de igualdade de oportunidades e non se utiliza como iso...aparte de ser todo o demais é un factor de igualdade de oportunidades, porque permites a todos os alumnos acceder a recursos que non poderían acceder dende eles.

**16.1. Pensas que este tipo de aprendizaxes se diferenciarían de outras aprendizaxes adquiridas por métodos de coñecemento máis tradicionais?**

Eu creo que non se da nada illado, traballando co medio aprendes un montón de cousas, pero tamén traballando cos textos aprendes un montón de cousas, que as integras e usas para seguir aprendendo e adquirindo coñecementos. Todo vai mesturado, que ti traballes dun xeito non quere dicir que rexeites o outro, estás usando todo e integrándoo.

**16.2. Consideras que hai diferenzas destacables cando se traballa co medio na escola en relación coa forma de abordar os contidos?E en relación coa metodoloxía?**

Cambia totalmente, e que...ese é o “problema”, ese é o “problema”. Se ti traballas co medio tes que traballar doutro xeito e inevitablemente pasácheste 15 días sen utilizar o texto que mercaron os alumnos, entón tes un problema. A min o primeiro trimestre os alumnos resistíronse bastante porque estaban moi desubicados, cando colleron o ritmo ben. Entón tes que chegar a acordo, por exemplo nunha ocasión.que ía dedicar un mes a tirar para

adiante coas cousas fundamentais do libro, ...tes que chegar a un acordo, e para o profesorado tamén significa un problema. Traballar sen libros é bastante máis complexo e da máis traballo de tempo, de programación, de preparación...que traballar con libros. Eu son unha tola da programación...e algunhas compañeiras din que non serve para nada, pero e que sen programación non podes traballar. Pero a programación non é a que se copia da editorial.

#### **Bloque 4: O medio e a sociedade.**

A continuación analizaremos a relación entre o medio e a sociedade.

#### **17. Que relación debería manter a aula/escola coa sociedade (familias e habitantes da comunidade) na que se ve inmersa? *Para simplificar a pregunta...ca administración, cos concellos, coas asociacións, cas familias...***

Bueno a aula mantena se é unha escola unitaria, mantén o grupo escolar no seu conxunto, entón aí tes menos que dicir. Entón...que relación considero que ten?

E que é moi diferente, dende a unitaria só hai unha unidade, entón esa unidade relaciónase directamente con todas as institucións e máis está obrigada, porque por exemplo non temos luz, e rapidamente tes que mandar a unha nai que vaia ao concello a que nos poñan luz. Se estás nun grupo escolar o conserxe ou arranxa a luz ou a dirección chama ao concello. Entón o tipo de relación é moi diferente, pero os que dependemos de un montón de administracións, entón temos que relacionarnos con ela con relación de ida e volta. Un dos problemas que existen son, primeiro, que hai a lonxanía das institucións e lonxanía práctica, por exemplo coas inspeccións...cando pides axuda cando tes un conflito entre que iso ven e volve....engordou xa a perdiz,o asunto. As institucións tardan demasiado ou son demasiado burocráticas para dar resposta ás necesidades educativas.

#### **17.1. En moitas ocasións o apoio das institucións e da comunidade é fundamental para a posta en marcha dun proxecto. No teu caso particular, como valoras a relación con estes organismos?**

Si, eu creo que antes de que pechara, o concello na medida de que non lle implicaba un custe económico que non tiña previsto ou así, nas zonas pequenas do rural dan resposta, máis ou menos inmediata e sobre todo máis urxente. Coas institucións das parroquias onde están os centros é moito máis inmediata porque os pais forman parte das institucións e son máis conscientes da necesidades que hai.

Logo a Xunta é outro cantar. A Xunta móvese por políticas globais e outros intereses, entón non ten en conta as necesidades concretas. Por exemplo cando pecharon a unitaria tiñan un obxectivo, e era pechar unitarias, por unha cuestión económica, porque manter aquí un grupo de 10 ou 12 nenos cando poden metelos noutro grupo escolar e aforrar mestre e 1200 euros ao ano de presuposto, que tampouco é tanto eh, pero bueno. Iso por unha parte, por outra contaban con que eu me xubilaba ese ano e aforraban un mestre e o que era a peculiaridade deste centro e o traballo que se viña facendo daba igual, exactamente igual, e nin sequera que ese ano nós tiñamos só 5 nenos de matrícula, pero o seguinte había 12, e claro, unha unitaria depende dos nacementos dun ano... pero íase manter o centro. Constando que había unha biblioteca funcionando, que funcionaba como biblioteca pública para toda a parroquia e incluso para nenos de outras parroquias, que había un uso público dos recursos escolares, había unha inversión económica feita nesa biblioteca que se tiraba...pero constándolle todo iso, que se ía ir todo a caixas, xunto coa pizarra dixital, ordenadores, fotocopiadora, escáner...íase ir todo para almacéns... entón a Xunta funciona a outros niveis, non valora as peculiaridades, senón que fai unha análise global dos intereses. Aquí os pais estaban dispostos a pecharse..pero nada.

Sen embargo, hai outra cousa importante, hai un montón de xente que se está dando conta que o sistema de unitarias é un sistema idóneo e perfectamente axeitado para o noso contexto demográfico, e especialmente axeitado para os nenos pequenos, para infantil. Iso significa unha metodoloxía determinada, non podes traballar nunha unitaria como se traballases nun grupo escolar...e así.

### **Bloque 5: Formulacións educativas en relación ao medio.**

Neste bloque profundizaremos en cuestións arredor da explotación do medio como recurso educativo.

#### **18. Por que introducir o medio como recurso relevante no traballo na Educación Infantil? Cales consideras que son os aspectos, axudas ou recursos fundamentais a cubrir para logralo (familias, materiais, alumnado, entorno....)?**

Eu creo que necesitamos recursos de aprendizaxe, e o medio non usalo é absurdo. É absurdo en infantil e nas outras etapas. Ti colles o currículo de infantil e está o medio en todas partes, entón, se non o utilizas...como podes facelo?

**19. Hai autores que defenden que a relación do estudantado co medio e o seu aproveitamento podería fomentar e desenvolver no alumnado a motivación e satisfacción intrínseca necesaria para a adquisición de aprendizaxes significativas. Que pensas ti ao respecto?**

Ti cambia algo debuxado en unha ficha, porque os de infantil só teñen fichas, por algo que el pode buscar, tocar, escoller, destrozar, volver a construír, facelo que sexa outra cousa...entón...xa non che teño que contestar non? Que sei eu, por exemplo traballando cunha pedra os minerais, os animais...como lle vas poñer unha foto dun cabrito para ensinalle que é un mamífero? Se tes mamíferos por todas as esquinas....realmente non o teñen que estudar, xa o saben, o que teñen que facer é redescubrir o que saben e nada máis, e poñerlle nome as cousas.

**20. Que teorías ou enfoques metodolóxicos consideras que subxacen ao uso do medio nas prácticas educativas?**

Pois todos os enfoques máis construtivistas, e máis participativos, significativos...etc. E logo todo iso eu lle poñería, que tamén é co medio. O outro día falando co meu fillo aprendín unha cousa, aprendizaxe conectivista, e dixen eu, "ahhh, mira ti". Vamos a ver, vivimos nun momento determinado que temos internet, e conectamos con outros, non é só que conectamos con outros medios, senón que conectamos con persoas e con saberes e que ademais temos a oportunidade de adecuar o que nos interesa a nós e seguir aprendendo só pola vía que nos interesa. Entón, cando estás traballando co medio tamén traballas con ese medio, que é o medio de la nube e en infantil igual, como non poñas ao alumnado en contacto tamén con ese medio e des recursos de aprendizaxe para aprender con ese medio estás na idade media. Entón, eu en infantil traballei especialmente as novas tecnoloxías, que significa entre outras cousas tamén que un alumno de infantil, primaria ou instituto modelen os seus propios procesos de adquisición de coñecementos.

**21. En que medida os seguintes factores favorecen ou dificultan o uso do medio como recurso?**

**21.1. O Currículo educativo oficial?**

Eu creo que en principio, o deforme currículo que temos actualmente, é un currículo que xusto xusto fixo xente que na súa vida tivo contacto co mundo escolar, co mundo educativo, e que estou segura que ademais non pasaron por unha escola nunca, nin cando eran nenos, e se pasaron pois tiveron un trauma e o esqueceron, ousexa imposible. O currículo dificulta por como está organizado e como está deseñado, pero en principio o currículo non ten porque dificultar nin porque axudar, o currículo é o currículo e entón ti, incluso as cousas

que en principio aparentemente poden estar alonxadas do medio, por exemplo as matemáticas, as podes insertar no currículo perfectamente, e non só agora, toda a vida, eu tiña unha compañeira que cando era pequena ía pasear coa nai e medían kilómetros cunha corda de 100 metros) .

### **21.2. O entorno rural?**

Dígoche o mesmo, non ten porque favorecelo. De feito no rural se está dando clase como se estiveses dentro dunha escola sen saír nunca, e os pais fora do recinto escolar...ousexa exactamente igual que... o problema non é onde está ubicada a escola, se é no entorno urbano ou rural, senón a mirada que tes ti sobre a mesma.

### **21.3. Os materiais e recursos dispoñibles (nas escolas , na contorna...)?**

Eu creo que hoxe en día hai un montón de recursos en todas partes, o problema é utilízalos. Un exemplo, pizarras dixitais hai en todos os centros, na maioría deles non se usan de forma axeitada, ou non se usan. Tamén e certo que ti non podes dar recursos e que os mestres non saiban que facer con eles. Antes de comezar a mandar tes que facer unha batería de cursos que expliquen. Entón, recursos hoxe en día os centros de ensino, aínda que dende os últimos cinco seis anos houbo unha paralización...recursos hainos,e ademais se non os hai podes demandalos e facer proxectos que impliquen que demanden eses recursos, o problema é usalos. Entón, recursos, igual nun centro urbano que...dependerá tamén da cantidade de alumnado que teñas e da organización escolar, pero recursos iguais. A veces pénsase que nunha zona rural hai menos recursos, hai recursos de outro tipo, pero hai recursos, algúns máis alonxados e outros máis cercanos. A veces parece máis propicia a zona urbana, porque unha zona urbana tanto podes atopar recursos físicos como todo o que é propio da zona urbana. Eu creo como riqueza, digo "joo unha zona urbana..buf". Algo que por exemplo cando o fixen cos nenos alucinaron, ver o movemento da xente, un día sentámonos na rúa da antiga cárcere e o único que tiñan que facer era ver pasar á xente (se falaban entre eles, se non falaban) e alucinaron e dicían "están todos enfadados", porque claro, aquí cando pasa a xente se saúda, entón, iso é un recurso.

Hai un montón de recursos que so tes nas cidades, e aquí tes outros, nunha zona urbana non podes ir esfolatar, nós aquí facemos o proxecto do millo enteiro: plantámolo, recollémolo, esfolletámolo e terminamos indo a moer ao muíño que alí temos a un home que nos pon a funcionar o muíño e terminamos facendo o pan de millo, pero se eu estivera nunha zona urbana eu facía unha saída a unha granxa escola para mirar o do millo e xa estaba, tampouco... tampouco hai que mitificar.. na zona urbana tamén tes un montón de problemas, para moverte dun lado a outro... Nós por exemplo fixemos un proxecto, foi este

dos cantores e ao final fixemos cantigas e tiñamos que saír a cantalas... pois un problema, porque aquí hai unha dispersión de poboación inmensa, entón fomos un día á feira, que foi un problemón, ou nos fomos ao mesón de alí e había catro, e despois outro día na carnicería había tres, e eu dicíame “se isto fose alí en Vigo... ou en Ponteareas...” poste nunha esquina e bueno, os rapaces estarían que alucinan porque reúnese xente, dánlles pesetas..que a couso era gañarse a vida cantando..pois mira tú, aparte que aos nenos gústalles ver que as cousas teñen un resultado, sentirse gratificados... A cidade como dotadora de recursos pois ten de todo tipo, e que cidade non ten parques grandes, animais..e todo iso..entón non mitifiquemos o rural.

#### **21.4. O enfoque metodolóxico 'tradicional'?**

Ome se chamamos tradicional aos nenos sentados cada un ao seu sen falar, sen moverse, sen preguntar entre eles, o mestre conferenciante e os nenos traballando sos e illados, que algúns lle chaman aprendizaxe individualizada, co libro de fichas e as fichas...e que iso non favorece nada, nada, nin favorece por moito que o pensen o mestre. O mestre é un pobre infeliz que está traballando aí en contra de todo e os nenos non dan aprendido e os machaca e sofren para ver se aprenden, e logo terminan dicindo, “e que teño unha clase de burros”.

#### **21.5. O enfoque metodolóxico 'innovador'?**

Eu creo que o enfoque innovador, depende ao que lle chames innovación claro. En principio favorece porque está situado ao revés xa, e entón en principio favorece. Eu o problema que vexo é que demasiadas veces do enfoque innovador se colle soamente a forma, non se colle o fondo e ves compañeiros que din traballan co ordenador, e dis pois mira que diferenza que traballes con fichas...só poñemos o asunto no ordenador, pero é o mesmo..exactamente igual que traballabas antes.

### **22. En que medida consideras que hai diferenzas no rol do mestre cando se usa o entorno como recurso que cando non se utiliza?**

Cambia totalmente, pero cambia totalmente en moitas máis cousas. Cambia porque resulta que tes uns recursos de aprendizaxe distintos, que os nenos se comportan de forma distinta, que lles tes que dar un protagonismo diferente, que lles tes que dar poderes ao alumno, que a autoridade en determinadas cuestións é compartida (eu creo que o mestre sempre é a autoridade, pero autorizado, aínda que sexa por nenos de 3 anos). Entón o que é o ambiente de relación na escola cambia, cambia o que se fai, cambia como se fai, cambian os espazos...entón, é un cambio que ao final se lle da a volta a todo, e tamén cambia a relación del cos compañeiros.. Entón o cambio pouco a pouco é brutal, e logo cambia o teu formulamento profesional no sentido de que fas ti cando vas á escola todos os días.

**23. Cales deberían ser baixo o teu criterio os obxectivos do traballo co medio nas aulas?**

O primeiro obxectivo é que o neno aprenda mellor, máis rápido, dunha forma máis natural, máis adecuada á idade que ten e aproveitando todos os recursos.

**24. Que efectos crees que produce o traballo co medio como recurso no alumnado? *E nas familias por extensión.***

En principio a primeira consecuencia é que o alumnado empeza a ver a escola con, dentro, non como un lugar illado, senón que a escola forma parte do medio, e que aprenden en todas partes. Entón que a hora de aprender coñecementos non son esas tres horas que está na escola, senón que todo o día están aprendendo cousas, que se difuminan as paredes e cambia tamén o seu sistema de valores e relacións e polo menos cos pequenos hai outra cousa que cambiou, e cambiou tamén nas familias, entón, valorar os propios saberes. No rural as familias pensan que non saben nada, e de repente traballando poñen en valor un montón de saberes que si tiñan pero aos que non se lle daba o aprecio nin sabía que os tiñan, e non só os poñen en valor eles mesmos, senón tamén os fillos dos pais.

Por iso nós cando facíamos os proxectos de traballo sempre había un boletín dirixido aos pais. Estabamos traballando a Velázquez, entón o primeiro que tiñamos era un cursiño básico para pais sobre Velázquez, e recursos sobre os mesmos, para que o neno chegara a casa e compartira todo o que sabía coa nai, entón chegaba e vías que dicía "miña nai sabe...bua...sabe tanto coma ti profe. Entón, o lugar onde van a saber non é o libro e a profe, senón que tamén os pais.

**24.1. Na comunidade tamén ten algún efecto?**

Si, porque é un dinamizador. O que pasa é que inmediatamente dinamiza a comunidade onde está inscrita. Non só o usan como lugar de investigación, senón que o descubren, o visibilizan..o que existía ao seu lado e pasaban sen ver de repente é visible a todos os niveis, e ao velo e visibilizalo se lle da importancia, ao bo e ao malo, e iso se transmite inmediatamente.

**25. Que papel crees que xogan os libros de texto na aprendizaxe por investigación do medio?**

Eu creo que é un recurso máis, ousexa, non son necesarios se hai 15 nenos e nenas ter 15 libros de texto...con ter un ou dous...é un recurso máis, un lugar máis onde buscar unha información, pero nada máis. Ou incluso pode ser un lugar onde hai unha información global, sistematizada e en relación con outra, entón eu non estou en contra dos libros de

texto, pero o que pasa é que non son só os libros de texto, son un recurso máis e hai outros mellores e peores. De feito, sería bo ter varios textos de editoriais distintas, que teñen enfoques distintos, dan informacións distintas, incluso iso pode ser obxecto de debate e tal. Entón o libro de texto está ben pero como un recurso máis.

### **Bloque 6: Prácticas de ensinanza no medio.**

As seguintes preguntas versarán sobre a introdución do medio nos currículos así como as prácticas educativas que derivan do mesmo.

#### - Planificación curricular. O papel do medio no currículo e nas programacións.

#### **26. Consideras que as lexislacións educativas oficiais favorecen o traballo co medio?**

Eu creo que en principio nin a favorece nin a alonxa. Se ti entras nos fundamentos, incluso da lei actual, pois ves cousas que están ben, moi positivas, moi teóricas non? Moi así, pero que en principio non podes estar en desacordo. O problema o podes encontrar á hora de materializar un currículo monstruoso, pero tampouco a lexislación en principio che impón que todo iso o debe saber. O problema é como se materializa nos libros de texto, como se instrumentaliza todo, porque ao final o dos libros de texto é un problema de negocio, non é outra cousa, a forma de facer negocio na educación pública é a través de libros de texto, e iso supera o que é outras dinámicas, entón transforma unha lei educativa calquera nun libro de texto que tes que terminar en un curso, dificultando a práctica, pero por unha mala praxe.

#### **27. Consideras que é posible integralo no día a día das aulas dende o punto de vista das planificacións curriculares?**

Claro que é posible, da máis traballo tal como está organizado todo, pero senón tampouco tiña por que ser... Porque tampouco é que estes todo o día paseando polo campo ou pola cidade, non ten nada que ver con iso, senón ter unha ventá para outros recursos, e xa che digo, entre ese medio, internet están os recursos...

#### **28. Consideras que o traballo co medio favorece e posibilita unha aprendizaxe globalizada tal e como defende o currículo de infantil?**

Perfectamente, moito mellor. Ademais tal como están eu creo que están pensados na integración do medio.

#### - Prácticas educativas.

#### **29. Que tipo de actividades derivan do traballo co medio?**

Se ti traballas por proxectos, inevitablemente estás traballando xa co medio. E por exemplo en infantil ti traballas máis o medio: o outono, a primavera, non sei que.. o medio enteiro...os transportes, o corpo, a familia...en infantil xa che digo o medio é todo, non hai cousa que non sexa medio.

***E con que tipo de actividades o abordas por exemplo?***

Eu sempre os abordei, nós usábamos a biblioteca como recurso, entón o conto era fundamental, entón sempre ao final xa tiñamos un esquema de traballo. Entón sempre buscábamos contos que tiveran que ver pois co aspecto que quixésemos traballar, épocas de traballo fóra, ousexa como ía cambiando o contorno que tiñamos e as peculiaridades dos saberes que tiñan as familias, e con iso organizabas unha programación aberta, porque sempre ían xurdir cousas, entón o que ía xurdindo obrigábache a ir cambiando cousas da programación.

Logo as propias dinámicas de clase, se de repente ti ías co alumnado e se entusiasmaban con algo pois tirabas con el, e tamén vai coas afinidades do mestre, porque por exemplo, se eu soubera moita astronomía, seguramente aquí tiveramos montado un observatorio e a conta do observatorio facíamos todo o demais, ousexa as afinidades e onde o mestre se atopa máis cómodo... Eu atopábame moito máis cómoda nas cuestións relativas á linguaxe, imaxinación...entón moitísimo o traballábamos dese xeito, porque a min se me ocorrían máis ideas. Eu son unha persoa teoricamente pouco organizada porque improviso moito, ocórrense cousas e veña para adiante. Entón as miñas programacións, eu teño que programar moito senón estou inventando todo o día e logo teñen que ser abertas, porque resulta que xorden cousas novas.

Por exemplo hai tres anos había un proxecto de ciencias, e aínda que non estaba pensado para infantil dixeron, por que infantil non? E ese ano destinamos algúns cartos da biblioteca a mercar libros sobre ciencias, pero nos atopamos que para infantil non hai nada. Tan pronto trouxemos o que había, os nenos comezaron a moverse e comezaron a xurdir un montón de cousas, experimentos..pois ese ano todo o que estábamos traballando acababa con algo que tiña que ver con ciencia, pois, a cociña, que sempre cociñábamos, había un día á semana que cociñabamos e comíamos o que cociñabamos, e dixeron, pois mira ti, se a cociña é ciencia... se eu me tivera dado conta antes lle houbera dado ese enfoque antes..pero ao final vai saíndo. Calquera cousa ti a metes no currículo e supón aprender cousas novas de forma distinta, o importante é ter a mente aberta.

***E por exemplo actividades de saídas...de que veñan os pais?***

Eu creo que iso é tan fácil en calquera tipo de grupo escolar. O centro canto sexa máis complexo e sobredimensionado porque hai máis protocolos, hai máis burocracia, e canto menos estea menos burocracia. Entón se ti tes que facer unha planificación complexa para coller o bus e levalos a non sei onde, realmente non necesitas unha planificación complexa para ir contar os establecementos do barrio, pero si que tes que contar con algún compañeiro que te acompañe co permiso das leis e pais etc, e aí usar como recurso as familias e pais non é problema. Agora ben, é o que digo, ti non podes dicir, “vamos a saír a falar coas persoas do mercado municipal”, e agora chamas ás nais e pides axuda, e seguro que non tes ningunha, porque ti tes que darlle unha participación anterior, os pais teñen que saber que se está facendo, por que, que están aprendendo, que están descubrindo, e ti vas a formar parte de isto e imos xuntas porque eu necesito axuda, e do que veña despois tamén podes colaborar, se queres, se non queres non hai problema. Entón se tes este traballo feito seguro que tes tres ou catro persoas que che axudan.

**30. En que medida é posible usar o medio como recurso traballando con materiais de editoriais?**

Con materiais de editoriais pódese traballar...as encadernacións, quen o escribe, comparar editoriais...podes usar ese medio, pero pouco máis...e non vale que teña unhas láminas preciosas debuxadas, bueno pode suplir algo que non é posible acceder a el, pero nada máis.

**31. Usando o medio como recurso de aprendizaxe, como abordas a ensinanza de contidos máis disciplinares? Digamos a escritura, a lectura, as matemáticas, a psicomotricidade...**

O que che dicía é que usar o medio non quere dicir que estes de paseo sempre, ti vas de paseo o día que tes marcado dentro das actividades que van xurdindo, ou se non o tes marcado igual xurde. Logo o proxecto deriva nun montón de actividades, entón se ti traballas en infantil en lectoescritura, hai unha cousa que se está facendo, ou polo menos nós estamos facendo sempre, escribir, e leen o que escriben, empezan escribindo “oooooo”, “iiiiiii”... sempre se escribe porque calquera cousa que se ve, que se fala, que se toca se transforma en algo escrito, e en infantil é imprescindible. Entón, os nenos e as nenas e as nais están todo o día escribindo. Se ti entrabas aquí ou estaban os nenos discutindo e facendo cousas ou escribindo ou pintando

**32. En qué medida consideras que as situacións que o alumnado vive no seu día a día nas súas comunidades poden ter potencialidades educativas?**

Non só poden ter, senón que teñen un aspecto motivador...que te podes morrer. Aquí todos os anos os acontecementos que lles chamaba, daban un resultado impresionante. Por exemplo, estas arbores as plantamos nós, despois aprendemos todo o proceso...e pola tarde aquí viñan a xogar ao fútbol, entón rompéronnos un freixo, pero quedou unha ramiña pequena, entón díxenlle, “non vos preocupedes, imos facer maxia”, entón aquí había unha cousa que había unha bruxa que estaba no campanario, entón articulamos un proxecto en torno á petición de axuda á bruxa para que nos axudase a revivir o freixo: facer cartas, mirar que tempo facía porque só viña cando había sol e nubes, facer debuxos de todo o proceso...do que pasara..do que queríamos...e traballamos con iso case dous meses...e sabes o que se traballou? Aparte chegaban á aula “profe profe, contestou a bruxa? Entón vamos a escribir outra carta...”, e ao ano seguinte descubrimos que non era maxia, senón ciencia... e foi motivador porque era un problema do día diario...houbo outro como que o pai dun neno se colgou dunha maceira...hai cousas que tes que traballar de xeito distinto. Tamén unha vez un cabrito que mataron para comer, e chegou o neno cun desgusto, chorando...e entramos ao que se come, o que non se come...e o traballamos durante un montón de tempo. Se escoitas aos rapaces e ves o que lles interese e tiras por aí...hai outras veces que tes que facer que lles interese, como por exemplo con Miró, pero ao final os nenos interésanse sempre polo que sexa.

### **33. Que grao de utilidade consideras que poden ter as aprendizaxes e o desenvolvemento adquirido a través do uso do medio para a vida diaria do alumnado?**

Hai unha primeira aprendizaxe, que é coñecer o seu contorno, onde vive, que servizos hai e que relacións establece...visibilízalo e valoralo e saber opinar sobre el, e aí da igual a idade que teñas, os meus alumnos opinaron cando fomos a ver o semáforo igual que opinaba todo As Neves, que era unha idiotéz ese semáforo, e llo dixeron ao alcalde no momento..igual que llo dixo o avogado de los palotes. Entón, formar opinión e que a saiban defender, iso de principio, de que se comprometen coa mellora do lugar onde viven, están máis a gusto consigo mesmo e coas familias, viven dentro, non viven á marxe, e iso é fantástico para a súa propia formación como persoas. E logo a aprendizaxe é máis doada porque a escala é máis próxima, relacionase co que viven, co que coñecen...e que eu non lle atopo ningunha eiva, a non ser o traballo do profesorado que é diferente...pero moitas veces o pasas bárbaro.

### **Bloque 7: Experiencias educativas co medio.**

Por último, centrarémonos na parte máis experiencial, relatando as experiencias vividas co uso do entorno como recurso didáctico.

#### **34. Que factores positivos destacas da túa experiencia de traballo co medio?**

Eu realmente traballar co medio traballei sempre, non?, pois porque é unha forma de entender como tes que traballar, pero daquela maneira...porque ese non era o centro. Era como cando estás inventando formas como unha *imbécil* cando hai persoas que as inventaron antes e as inventaron mellor, e ti non chegaras aí, e tampouco a situación te puxera contra a parede, ou o fas ou morres. Entón, cando eu cheguei á unitaria deuse esa situación, e entón si, dende que cheguei á unitaria...ou morría ou usaba todos os recursos que tiña a miña disposición. Cando cheguei había os recursos a disposición que quixeras, pero outros recursos non había..e mandarlle mercar fichas...eu nunca traballara con libros de fichas aínda, facelo aquí, onde non sabía e facer comprar aos pais uns libros de fichas que custaban moito e que eran unicamente unha folla baleira cun punto amarelo no medio....iso depende de cómo eres ti...a min parecía un pecado mortal, algo que a miña conciencia non mo permitía...entón as fichas fóra. Eu tiña outros papeis, que cubrían o mesmo abano pero dende un punto de vista máis creativo e propio, máis económico, de reciclaxe...

Aparte diso logo tiña todo o demais, e aí me metín a fondo, porque durante os tres ou catro primeiros anos isto era un desastre...ata que conseguimos mesas baixas para os nenos... Eu son unha lectora empedernida, por iso digo as peculiaridades persoais, por iso para min que os nenos leran e tivesen acceso a tocar o libro, velo...era importantísimo.. non tiñamos nada...axencieime unha estantería e metín os libros que puiden. Cando conseguimos meternos no PLAMBE puxemos cine, e o publicitábamos, e era un vídeo dunha peli..e dicir, que os recursos eran os que había, pero con iso a tope. Entón, non me quedou máis remedio usar todo o que tiña a miña disposición para darlles aos nenos un ensino de calidade, e que esta fora unha escola de calidade,...

Botando man de todo o que tiña ao redor descubrín que non necesitaba nada máis, absolutamente nada máis.. e non só que non necesitaba nada máis, senón que era marabilloso, perfecto, que podía ademais aprender un montón de cousas. Ademais infantil é moi gratificante porque ves o proceso, un neno que empeza escribindo 'oooo' e acaba facendo unha carta... O neno come, come, come, come e logo fai unhas comidas marabillosas e dis, e eu fun partícipe de iso, e o ves no tempo. Ademais eu dáballe moita importancia ao desenvolvemento do traballo en equipo e da valoración dos demais, e

despois dicíanme que no instituto notábase que nes eran de Vide, porque miraban uns polos outros, os de bachiller coidaban sempre dos de primeiro...e iso é o medio tamén.

**35. Que experiencias nas que te involucraches no uso do entorno como recurso en Educación Infantil destacarías como significativas? Por exemplo o que contábamos do horto...**

Mira, vamos a ver, eque...eu vía que había como funcións na escola. Por unha parte poñer en valor o que tiñan, porque a crenza popular é que “nós somos da aldea, non sabemos falar nin escribir, somos unhas pobres parias, entón poñer en valor o seus saberes, por iso o que eran os traballos do campo poñelos en valor, e unha forma de poñelos en valor era co horto. Era innecesario poñer un horto aquí na escola, porque todos os nenos e nenas tiñan horto na casa, pero se a escola integra saberes, inmediatamente se autorizan, entón puxemos horto escolar e eran as nais e avoas as que viñan dar clase de cómo se cultivaba, como se traballaba. Logo ademais axudou tamén, as avoas dicíanme “mira, antes cando ía cavar o rapaz non viña comigo nin de broma, e agora tívenlle que mercar un sachito pequeno”, polo que elas notaron tamén un cambio na relación. E logo, tamén axudou a influír no medio, empezamos a falar de unha produción máis ecolóxica, non botar químicos... Entón poñer en valor os recursos básicos e mellorais, o que é dinamizar a conta da horta.. pois que plantamos, que non plantamos? Un ano plantamos leitugas e aprendemos os mil tipos de leituga que hai, cales se dan mellor, en que temporada...que elas xa o sabían por ensaio-erro, pero ademais deron como un salto máis, o estudaron. Entón a horta significou iso, non era tanto unha aprendizaxe dos nenos coma integrar saberes e poñelos en valor porque a escola as integra e ademais da un salto máis.

Cos animais exactamente igual. A escola integraba e da un pequeno salto, que é unha dinamización do medio e pos en valor os saberes que hai no entorno, e ao mesmo tempo que os pos en valor tamén se recuperan, e fai que te atopes cos maiores e tamén integres valores.

O fiadeiro por exemplo, redescubrimos que as nosas avoas fiaban, que había aínda catro señoras (agora só nos queda unha...), descubriron que as mulleres fiaban e ademais o valor do pouco que quedaba, e que había uns anos queimaran todo... E o día do fiadeiro que estean as avoas fiando... houbo un ano que estiveron aquí coa roca...que era moi difícil e daba moito traballo. Ousexa, pos en valor non só iso, senón que estás dinamizando porque se crea unha corrente.

Logo ademais de que iso é o que vai facer a escola de por si, a escola non pode ser un lugar que se usa só cinco horas ao día, entre outras cousas porque a nós os mestres nos pagan máis horas que cinco. Entón as outras horas de traballo individual tamén as podes usar, entón a escola tamén pode dinamizar o contorno sendo un lugar de encontro e dinamización cultural, como as pandereteiras....

Para min un recurso fundamental na escola é a biblioteca. Eu entendo que unha escola debe xirar arredor da biblioteca, debe usarse como recurso de aprendizaxe. Por exemplo, se eu quero traballar os pintores teño que ter na biblioteca un montón de recursos sobre pintores, na biblioteca hai que atopar material, non só documental senón tamén electrónicos. Non sei como traballaría sen biblioteca, nin sen pizarra dixital.. Unha biblioteca se funciona e ten os recursos adecuados é unha dinamizadora brutal, pero normalmente no rural estase como alonxando dos camiños culturais, e a escola pode achegalos moitísimo....entón o cine, o teatro, os libros...é fundamental.

Logo, as tradicións populares, iso é importantísimo. En canto a xente se da conta que o entorno é cultura empezan a ter ideas e a querer facer cousas, e o único que tes é que darlle un lugar, un espazo e o que é a coordinación, sempre ten que haber unha persoa que diga "si, é posible", ao principio era eu...agora xa mo din a min.

Nós facíamos unha acampada todos os veráns no patio da escola, de nenos de 3-14 anos, e eran os maiores os que monitorizaban aos nenos, entón o primeiro que se facía eran familias, segundo a cantidade de alumnos que había..había unha nai e un pai (pero un neno podía ser nai e viceversa eh) e escollían aos fillos e tiñan que ocuparse deles: que comeran, a onde ían, lerlles o conto de pola noite...absolutamente todo. As nais e os pais podían vir pola noite aquí e facíamos unha comida grande, entón os pais participaban e a demanda dos pais e das nais foi "jo,nós tamén queremos ir de acampada" e a partir de aí fixemos dúas: unha para os máis pequenos aquí no patio da escola que eran só dúas noites e logo desmontábamnos, mochilas e nos íamos ao monte aquel que había detrás daquela casa dúas noites e coas nais e avoas que se apuntasen...entón eran catro días que o pasábamos..moi ben, e alí había un montón de actividades de todo tipo e moi educativas, eu sempre aproveito o tempo. Entón esas acampadas deixáronse de facer, e xa me dixeron que este ano había que facela. A veces es ti a que dinamiza e outras eles teñen a dinámica e dinamizan eles, porque se lles deu un espazo onde atoparse e onde tirar para adiante.

No noso caso a biblioteca é a que dinamiza o entorno, pero hai que estar alerta. Ao segundo ano de estar aquí vin un día a un neno que estaban amontonando pauciños, e díxenlle “Que facedes?” e dixéronme que era o San Xoán e que ían facer unha fogueira, e díxenlle “Logo aquí non se fan fogueiras?”, e me dixeron que non, que facía anos que non se facía. E ofrecínme a axudarlles pero a facer unha fogueira de verdade, e saíume un veciño e ofreceuse a axudar tamén, e logo fóronse unindo máis veciños, e á noite non te imaxinas que fogueira había montada...todo o mundo mobilizado...só se precisaba que alguén diga, veña, vamos a facelo...e agora faise todos os anos, e fíxeno eu? Non, fixérono eles...a mestra non é suficiente, tes que deixar entrar a todo o mundo e deixar colaborar e traballar. Realmente a escola si que é un dinamizador importantísimo do medio, pero hai que abrir os espazos e deixar que participen.

Aquí saíu o da pandeireta porque eu tocaba a pandeireta...senón saían outras cousas. Logo, cursos de non sei que...ti non podes pagar a unha persoa que os veña dar, pero co que eu sabía... tamén do que sabían elas viñeron a dar o curso, por exemplo, de cómo se fai mermelada de tomate... e iso realmente monta unha dinámica social diferente , que fai posible que fagamos o fiadeiro como o facemos.

Nós o fiadeiro...nos anos 60 rematárase este tipo de festa, e empezaron a queixarse de que todos facían un, e que nós tiñamos que facer un, e ao final convencéronme e un día dixen, “bueno, como o facemos?”, e comezamos a organizar data, comida (fomos pedindo polas casas que aportasen comida)...e organizamos o fiadeiro. Houbo noutro sitio, en Cabanas, que tamén quixeron facelo e foron pedindo comida polas casas e só 15 participaron, e nos preguntaron, como o conseguistedes?, pois porque había un traballo previo, así de repente non podes facer as cousas. Ademais no fiadeiro vendimos rifas para poñer internet no cole, xa que era moi necesario porque non tiñan nas casas, e entón demos cursos de informática básicos e demos oportunidade a que as cousas se usen sen maior problema.

Ti tes que ter os recursos, o lugar e facilitalos, e quen queira vir ven...ti tes que poñer as cousas fáciles. Ti o que vas é creando unha masa crítica de xente, e propoñan eles cousas e as leven a cabo...e dis ti...traballo feito. Por exemplo na Casa da Auga (un centro sociocultural) montamos unha delegación da biblioteca, pero como só abría nos fins de semana ao final os pais viñan buscar os libros á escola polas mañás, entón montamos unha estantería e repartín libros pola perruquería... e a verdade é que se usan moito.

Hai unha cousa que a min me parece moi importante, o coñecemento do contexto socio-

económico e real o coñeces de o vives na zona, e moi importante vivir onde traballas, e isto facilitarache moitas cousas, moitas actividades... e hai moitos mestres que o entenden ao revés “no puedes vivir donde trabajas”. Eu opino ao contrario, a xente é súper respetuosa..a veces a min téñenme deixado os nenos na casa, pero porque lles quería axudar eu a conciliar, non tiña outra opción, e díxenlle que non se preocupase que mo deixase a min, e non hai abuso. En canto se enteraron xa outra nai se ofreceu. Entón, eu a veces facía iso para darlle un empuxón ás outras. Entón, se traballas nas Neves no grupo escolar non seu porque hai que ir vivir a Pontearreas... E se ti non vives nas Neves involúcrate, involúrate co lugar, se non sabes como se vive nas Neves, como vas saber como viven os alumnos? Como son? As veces os mestres comportámonos como paracaidistas, e nos non somos administrativos, nós traballamos con persoas, entón hai que ofertar as mellores condicións para que aprendan máis pronto, e nada máis..

#### **A.6. Breve aproximación ao medio e á práctica educativa das mestras través de fotografías.**

A continuación presentaremos algunhas imaxes que nos aproximen tanto ao entorno das escolas coma á súa práctica educativa. Cabe destacar, que temos o permiso das docentes para empregalas, así como tamén o permiso das familias (previamente dado ás docentes) para o emprego das imaxes nas que saen as familias e os nenos e nenas.

#### **A escola de E.**



Imaxe 1: Perspectiva superior do patio de EI. Fonte: Elaboración propia.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.



Imaxe 2: Perspectiva inferior do patio de EI. Fonte: Google Maps.





Imaxes 3 e 4: Horto dos nenos e nenas de 5 anos do curso pasado (esquerda) e horto deste ano (3 anos) (dereita). Fonte : Elaboración propia.



Imaxes 5, 6, 7, 8, 9 e 10. Mostras dos materiais empregados para traballar as festas da cultura galega. Fonte: Elaboración propia.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.




## A escola de S.



Imaxes 11, 12, 13, 14, 15 e 16. Patio escolar e decoración da aula de S con carteis de actividades, murais sobre saídas realizadas e actividades, recortes de periódico coa unitaria como protagonistas, etc. Fonte: Elaboración propia.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

Actividades organizadas pola biblioteca...



Imaxes 17, 18, 19, 20, 21 e 22. Actividades extraescolares propostas pola biblioteca da escola. Fonte: S.

Celebración de festas....sempre coa presenza da comunidade!




Imaxes 23, 24, 25, 26, 27 e 28. Celebración do samaín, San Xoán, o Fiadeiro. Fonte: S.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

## Excursións...



Imaxes 29 e 30: Cantando aos reis. Fonte: S



Imaxes 31-39: Algunhas saídas e excursións realizadas polos nenos e nenas e polos nenos e nenas e as familias (ao entorno natural, a un instituto, a Ribadavia, á Peneda, etc.). Fonte: S.

A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.

### Proxectos...



Imaxes 40, 41 e 42: Traballando no horto. Fonte S.



Imaxes 43, 44 e 45: Árbore do patio nacida dunha semente prantada polo alumnado fai moitos anos (esquerda) e prantando árbores coa comunidade de montes (arriba). Fonte: elaboración propia (esquerda) e S.




Imaxes 46-49. Debullando, vendimando, esfolatando...Fonte S.

Imaxes 50 e 51: Descubrindo unha asfaltadora e a "bruxa do campanario". Fonte:S



A integración do medio como recurso na Educación Infantil dende a perspectiva do profesorado.



Imaxes 52-55: Portada proxecto "ciencias na cocina", acampada, biblioteca de aula e delegación da biblioteca na perruquería. Fonte S.

E sempre coa axuda, participación e colaboración das familias e comunidade...



Imaxes 56, 57 e 58. Pais e nais colaborando nas actividades de aula. Fonte S.

Imaxes 59-62: Nais, mestras, veciñas ...traballando xuntas na xestión da biblioteca. Fonte: S.



## A.7. Bibliografía complementaria.

A continuación presentamos a listaxe de outros artigos e libros revisados para a realización desta investigación, pero non citados no texto.

- Alabart, M. A. (2016). De la escuela hacia el entorno. *Aula de innovación educativa*, 249, 62.
- Bartolomé, M. (1982). *Escuela-comunidad: hacia una interacción dinámica*. Madrid: Narcea
- Bonmatí, M. C. e Ribas, N. (2006). ¡Cómo nos fascina el medio natural!. *Aula de infantil*, 33, 31-32.
- Cano, J. (2003). La educación preescolar en la escuela rural. *Aula de infantil*, 16, 26-29.
- Caro, M<sup>a</sup>. T.; Valverde, M<sup>a</sup>. T. e González, M. (2015). *Guía de trabajos fin de grado en Educación*. Madrid: Pirámide.
- Darriba, L. e Fernández, A. (2014). Unhas casiñas para os nosos paxaros: un achegamento ao bosque autóctono desde a educación artística. *Revista Galega de Educación*, 59, 64-67.
- Domènech, A.; Martí, J. M. e Elies, G. (2009). Rincones de juego y de intercambio grupal, como proyecto de nuestra comunidad educativa. El espacio de la escuela se transforma. *Aula de infantil*, 50, 31-34.
- Elorza, C. (2016). Espacios de aprendizaje olvidados (a veces). *Aula de infantil*, 88, 9-10.
- Equipo de Educación Infantil Platero (2006). El patio de la escuela: un bosque lleno de vida. *Aula de infantil*, 33, 26-30.
- Escoitar.org (2009). Audiotopias. Escoita e territorio. *Revista Galega de Educación*, 44, 70-75.
- Feliu, M. e Jiménez, L. (2015). Descubro, descubren, descubrimos juntos. *Aula de infantil*, 82, 11-14.
- Fernández, J.; Fontao, J. A. e Lamelas, M<sup>a</sup>. A. (2014). O CEIP “Manuel Bermúdez Couso” da Pobra de Trives e o estudo da cultura e do patrimonio popular. *Revista Galega de Educación*, 58, 59-63.
- Fernández, M<sup>a</sup>. A. (2004). Experiencia vivida: una visita inesperada en el aula. *Aula de infantil*, 22, 14-18.
- Fuentes, E. X. e González, M. (1989). Necesidades formativas y concepciones curriculares: Bases para un diseño de formación en ejercicio. *Investigación en la escuela*, 9, 57-66.
- García- Cuevas, B. (2014). Los proyectos en la comunidad de aprendizaje Cruz Blanca. *Aula de infantil*, 78, 22-26.

- García, J. (2012). O xogo de bólos de Parada de Sil. Historia da vida, recuperación e difusión do patrimonio dun concello no rural de Ourense. *Revista Galega de Educación*, 53, 92-95.
- Gey, M. ; Iglesias, M<sup>a</sup>. J. e Fariñas, A. M<sup>a</sup>. (2005). Unha experiencia de escola infantil en contacto coa natureza. *Revista Galega de Educación*, 34, 43-47.
- Grupo de traballo Re-escibindo los Espacios (2016). Mirar y sentir el espacio (para transformarlo). *Aula de infantil*, 88, 16-19.
- Jerez. M. (2016). Aprender el espacio donde vivimos. *Aula de innovación educativa*, 248, 33-38.
- Labraña, Z. (2009). Santalla ou o sentido da recuperación do patrimonio lúdico galego. *Revista Galega de Educación*, 43, 172-175.
- Lanuza. J. (2003). *La investigación del medio en niños y niñas de 5/8 años*. Sevilla: Morón.
- Licht, T. (2006). Cuando un centro de educación ambiental entra en la escuela. *Aula de infantil*, 33, 16-22.
- Lluch, M<sup>a</sup>. I. ; Martínez, I.; Martínez, E. e Tormo, E. (2016). Abramos una ventana al mundo. *Aula de innovación educativa*, 250, 20-24.
- López, J. (1994). El pensamiento del profesor sobre el conocimiento de los alumnos. *Investigación en la escuela*, 22, 59-66.
- López, J. M<sup>a</sup>. e Gallego, R. (2016). La escuela se abre al entorno. Una pequeña gran experiencia de convivencia con las personas mayores. *Aula de innovación educativa*, 257, 37-42.
- Martínez, M. (2014). De los centros de interés a los proyectos de trabajo. Procesos de cambio. *Aula de infantil*, 74, 14-18.
- Medina, A. e Vallejo, A. (2014). Los proyectos de trabajo. Hacer realidad los deseos investigando y creando respuestas. *Aula de infantil*, 74, 11-13.
- Miró- Miró, D. e Molina-Luque, F. (2016). El aprendizaje-servicio en la escuela rural. La escuela rural al servicio del territorio y de la sociedad. *Aula de innovación educativa*, 257, 33-36.
- Molina, M<sup>a</sup> del P. (2016). El blog para descubrir e patrimonio natural en las aulas de primaria. *Aula de innovación educativa*, 248, 29-32.
- Nova Escola Galega (2009). III Encontro de debate sobre o medio rural: Educación e territorio. *Revista Galega de Educación*, 44, 132-134.
- Núñez, F. (2015). O documental *Unitarias*: cinema sobre o último medio século das nosas escolas rurais. *Revista Galega de Educación*, 62, 66-68.
- Outeiro, M. e Páramo, M<sup>a</sup>. B. (2012). O proxecto cultural- educativo “Arumes do Corgo”. *Revista Galega de Educación*, 53, 88-91.

- Rodríguez-Marín, F.; Fernández-Arroyo, J. e García, J. E. (2015). El huerto escolar ecológico como herramienta para la educación en y para el decrecimiento. *Investigación en la escuela*, 86, 35-48.
- Soler, P.; Bonet, N.; Palou, S. e Blasi, P. (2009). Tutorías de grupos unitarios. *Aula de infantil*, 49, 27-31.
- Vendrell, S.; Fernández, V. e Castanys, M. (2005). Un reportaje que ha abierto ventanas en la escuela. *Aula de infantil*, 26, 35-37.
- Vergara, J.J. (2016). *Aprendo porque quiero. El Aprendizaje basado en Proyectos (ABP), paso a paso*. Madrid: SM.
- Vitolo, G. (2003). La realidad objeto de estudio. *Aula de infantil*, 42, 42-44.
- Windschilt, M. (2002). Framing constructivism in practice as the negation of dilemmas: An analysis of the conceptual, pedagogical, cultural, and political challenges facing teachers. *Review of Educational Research*, 72, 131-175.